

# *Nas uñas, nas mans ou nos pés, has salir a quen es. Así se fala na Chan*

*'Nas uñas, nas mans ou nos pés, has salir a quen es'. The way people from A Chan speak*

Fernando Groba Bouza<sup>1</sup>

Universidade do Minho

Resumo: Compilación de máis de 1200 unidades fraseolóxicas do lugar da Chan, pertencente á parroquia de Santiago de Tortoreos, As Neves, Pontevedra, elaborada entre os meses de xaneiro e xullo de 2014.

Palabras clave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

*Abstract: An more than 1200 phraseological units compilation from A Chan, undertaken between the months of January and July 2014 in the parish of Santiago de Tortoreos, located in As Neves, Pontevedra.*

*Keywords: Galician phraseology, fieldwork.*

## **1. Introducción**

Reunimos aquí unha serie de unidades do discurso repetido compiladas das conversas das horas do café, dos encontros nos camiños, nas rúas ou nas hortas desta aldea nevense. Fómolas recollendo a medida que as iamos escoitando na boca das persoas que formaron parte deste estudo apuntándoas no editor de texto das mensaxes do teléfono móbil, botando carreiras ao ordenador para non esqueceras, escribíndoas no papel máis próximo... Eles/as foron as nosas vítimas e pensarán que estamos “enganchadísimos” ao teléfono ou ao computador, polo contra, nós cremos que son uns comunicadores excepcionais que poden dominar a lingua como lles dea a gana para acadar calquera propósito que desexen.

O número total de informantes que nos axudaron -sen sabelo- neste estudo son 15 persoas galegofalantes de nacemento e de pensamento con idades comprendidas

---

Data de recepción: 22.7.2014. Data de aceptación: 3.10.2014.

<sup>1</sup> Agradecemos enormemente o arduo e excelente traballo dos revisores deste traballo.

entre os 20 e os 67 anos, dúas delas con estudos universitarios e o resto con estudos básicos. A decisión de recollelas sen dicirlles nada aos falantes debeuse ao noso obxectivo de captalas en contexto no momento da fala. Aínda que poden parecer poucos participantes, nós intentamos coller unha boa cantidade de unidades que achegase unha boa mostra representativa da súa creatividade e necesidade. Agora ben, quen se enfrente con esta compilación ten que ter en conta que, como están sacadas de encontros informais, a inmensa maioría pertencen a ese rexistro e algunhas poderían chegar a ser malsoantes. De todos os xeitos, non por isto están exentas de creatividade ou de expresividade.

Por último, gustaríanos apuntar que esta recolleita foi unha experiencia moi gratificante por poder confirmar como as persoas manexan a lingua dun xeito tan eficiente e enriquecedor. Durante o proxecto, chegamos a comparala con capturar bolboretas en plena primavera cun cazabolboretas que collía todo o becho que atopaba no seu camiño conseguindo apañar moitísimas especies autóctonas mais tamén algunhas senlleiras que viñeron de fóra que, ou ben acabaron por mesturarse coas de aquí, ou ben se mantiveron a pesar das características adversas da “climatoloxía” galega.

### 1.1 Caracterización xeográfica

A Chan é un lugar da parroquia de Tortoreos, no concello pontevedrés das Neves. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) do 2009, conta con 146 habitantes (71 homes e 75 mulleres). Unha cifra que o sitúa, con diferenza, como o máis poboado dunha parroquia que, con 648 habitantes (IGE 2008), tamén é a máis poboada do concello.

### 1.2 Caracterización dialectal

Segundo Fernández Rei (1990: 152-154), a variante dialectal á que pertencen estas expresións inclúese no bloque occidental, na área pontevedresa, na macrosubárea Verdugo-Miño, na subárea do Miño e na microsubárea do Condado. Esta zona xeográfica presenta as seguintes características dialectais:

-Gheada	-Formas <i>cantei/cantén</i> no pretérito de indicativo da 1ª conxugación
-Seseo implosivo ou postnuclear	-Sufixo de número e persoa <i>-des (facedes)</i>
-Metafonía e outras alteracións do timbre	-Diferencia as formas do pronome de 2ª persoa <i>te (acusativo)</i> e <i>che (dativo)</i>
-Plural <i>-ns</i>	-Complemento indirecto <i>lle</i> tanto para o singular coma para o plural
-Terminación <i>-án</i>	-Non distinción <i>ver/mirar</i>
-Pronome suxeito <i>ti</i>	-Rotacismo
-Vogal temática e ( <i>colleches, vendeches</i> )	

### 1.3 Convencións de estilo

Como toda plasmación escrita da lingua oral, son necesarios unha serie de acordos e unhas pautas para o tratamento e o rexistro de todo o material recollido. A este respecto,

conservamos todos os castellanismos<sup>2</sup>, os dialectalismos e vulgarismos do xeito máis fiel posible nos exemplos. Non así nos lemas, onde eliminamos os vulgarismos e os dialectalismos e marcamos cun asterisco os castellanismos. O motivo principal de deixar estas palabras procedentes do idioma cervantino foi, sobre todo, a conservación da rima. A este respecto, temos que dicir tamén que incluímos nunha epígrafe distinta unha serie de lemas ou partes de entradas que escribimos en letra cursiva que están directamente en castelán. Esta decisión de introducir estes fraseoloxismos ou partes tal e como se escoitaron foron dúas: o carácter universal desta revista, con ánimo de que algúns observadores de fóra do país se poidan sentir atraídos cara á nosa realidade lingüística e cultural e -esta é a segunda razón- achegar un material, por se alguén se anima, para facer algún tipo de estudo sobre o contacto de linguas na fraseoloxía da zona ou da paremioloxía galega en xeral. Agora ben, nas definicións ou indicacións de uso, usamos xa un vocabulario e unha lingua estándar cun rexistro máis culto e elaborado aínda que con moita intención de sermos claros e transparentes.

Para os exemplos que, como mencionamos arriba, forman os contextos de uso real por seren sacados de conversas espontáneas, tivemos que adoptar tamén medidas á hora de marcar as intervencións. Todos son contextos dialogados. Agora ben, cando só fala unha persoa, non engadimos nada. Cando hai máis dun emisor no diálogo, marcamos as distintas intervencións con guións. E, se a conversa ten máis de dous participantes, os guións van numerados.

Tamén van numeradas as distintas acepcións ou significados que pode ter algunha das unidades. Cando é así, cada unha ten tamén o seu exemplo propio.

As variantes dunha mesma unidade separámolas con barras / e as posibilidades (elementos que poden aparecer ou non na unidade fraseolóxica) indicámolas con parénteses ().

Por último, nos exemplos, tamén representamos o rotacismo (*mirmo*) e o seseo potsnuclear cun s (*rapás, ves...*) pero non así a gheada porque pensamos que o dígrafo *gh* pode entorpecer a lectura. Así e todo, gustaríanos que quen lea estes anaquiños da fala que o faga pensando na súa pronuncia real.

## 2. Unidades fraseolóxicas

### 2.1 Abreviaturas empregadas

COL.: coloquial	l.adv.: locución adverbial	LUD.: lúdico
EUF.: eufemismo	l.adx.: locución adxectiva	PEX.: pexorativo
fóm.: fórmula	l.s.: locución substantiva	ref.: refrán
HUM.: humorístico	l.v.: locución verbal	VULG.: vulgar
IRÓN.: irónico		

<sup>2</sup> Advertimos nesta nota que sospeitamos dúas (que poderían ser tres) causas que afectan ao uso dos castellanismos: palabras que forman parte das súas denominacións diarias e que aparecen illadas nos refráns en galego (algún incluso axuda na rima); e refráns que ou ben traducen ao castelán cun tratamento eufemístico ou ben citan textualmente tal e como os memorizaron desde que o aprenderon.

## 2.2. Locucións

### 2.2.1. Locucións substantivas

1. **(nin) un peso.** *l.s.* COL. Nada absolutamente. Úsase con valor ponderativo con verbos, xeralmente en oracións negativas, como *quedar, ter, valer*, etc. *-Ai, a vaca éche xeitosa. -Ti cres!? Si non vale un peso.*
2. **(nin) unha alma.** *l.s.* Absolutamente ninguén. *Hoxe a igrexa estaba vacía. Non había unha alma.*
3. **(nin) unha hostia.** *l.s.* VULG. Nada absolutamente. Úsase con valor ponderativo con verbos, xeralmente en oracións negativas, como *andar, mellorar, valer*, etc. *A onde vas ti? Que non vales unha hostia.*
4. **asunto/lea de saias.** *l.s.* Asunto no que hai mulleres implicadas ou que son o seu motivo principal. *Ese andivo metido en moitos líos de faldas.*
5. **barriga de can.** COL. *l.s.* Abdome fraco, metido para dentro. Aplícase a persoas. *Esa muller ten barriga de can. Ai que flaca é.*
6. **bo corazón.** *l.s.* Bondade, carácter bondadoso. Úsase a miúdo co verbo *ter* ou na construción *de bo corazón*. *Ela é así atolascada pero ten moi bo corazón.*
7. **bo fondo.** *l.s.* Bondade, carácter bondadoso. Úsase a miúdo co verbo. *Eu creo que, aínda que se fai o duro, penso que ten un bo bonfo.*
8. **bo peixe.** *l.s.* IRÓN. Persoa rebelde ou mala. *No, ese é un bo peixe. Hai que ter cuidado con el.*
9. **boa cara** *l.s.* Cara con expresión de contente ou moi saudable. *Hoxe xa tes boa cara. Fíxoche ben o leite quente.*
10. **boa peza.** *l.s.* IRÓN. Persoa coa que hai que ter coidado, persoa mala ou pouco de fiar. *-O Rafa éche igualiño ao pai, mi ma, que peza. -Xa, ser fillo de raposa e non comer galiñas, é raro. / No si, ese é boa peza!*
11. **boa vida.** *l.s.* IRÓN. Vida con pouco traballo ou ningún e con todas as comodidades necesarias. *Ala! Ti, coma sempre, á boa vida.*
12. **boca que/para manter.** *l.s.* Persoa que alimentar. *O Juan agora ten que pensar que ten dúas. Dúas non. Tres bocas máis que manter.*
13. **cabeza ben asentada/amoblada.** *l.s.* Persoa moi seria coas ideas moi claras que lle inspira moita confianza a quen o rodea. *Ese rapás sempre tivo a cabeza mui ben asentada.*
14. **cabeza louca.** *l.s.* Persoa aloucada. *Miña tía Lola sempre foi así, unha cabeza loca.*
15. **cara de cona.** *l.s.* VULG. Persoa con cara de aparvada. *Mira que cara de cona se lle puxo cando entrou ela.*
16. **cara de non romper un prato.** *l.s.* Persoa que parece moi bondadosa. *A Asunción parece que nunca rompeu un plato pero ti mételle a man na boca e verás.*
17. **cara de parvo.** *l.s.* VULG. Cara de sorprendido ou aparvado. *Ese Jose ten unha cara de parvo que é muito.*
18. **cara de poucos amigos.** *l.s.* Cara encabuxada. *Si te fijas, nadie se arrima a ese tipo. Debe ser porque ten cara de poucos amigos.*
19. **cariño puto.** *l.s.* VULG. Cariño falso e meloso que se mostra para conseguir algo. *-Hai que cariño me ten. -Si, un cariño puto.*
20. **ciriquitos na cabeza.** *l.s.* Parvadas, teimas. *A ti métenseche ciriquitos na cabeza. Como vas ir ti solo á fonte?*

21. **corpo de muller.** *l.s.* Corpo con formas femininas. *O irmán da Patricia ten un corpo de muller que alucinas, he, he.*
22. **cu inquieto.** *l.s.* Persoa inqueda. *Eres un cu inquieto. Para un momento.*
23. **cuspe de galiña.** *l.s.* Adhesivo universal e imaxinario que se lle recomenda a quen pide cousas imposibles. *-Que lle boto aquí pa que pegue? -Bótalle cuspe de galiña.*
24. **espírito de contradición.** *l.s.* Persoa que nunca está de acordo, por sistema. *Marga é a ouvella negra da familia, sempre ao revés. Ai, parece un espírito de contradición.*
25. **hora da verdade.** *l.s.* Momento moi serio no que hai que demostrar o que se dixo ou o que hai que facer. *No, si, el, cando fala, fai, desfai, buh, de todo. Pero, á hora da verdá, non fai nada. Can ladrador, pouco mordedor.*
26. **idea de bombeiro.** *l.s.* Idea absurda, estupidez. *Entón, o José María non quería meter agora o coche aí? Aínda puxeron agora o cemento e xa quere pisalo. Di que é porque así queda despois máis firme. Hai che cada un con cada idea de bombeiro...*
27. **lingua de trapo.** *l.s.* PEX. Persoa que vive facendo contos da vida allea ou comentando os asuntos da súa propia casa cos outros, xerando varias confusións. *Ten cuidado con esa que é unha lingua de trapo de muito carallo.*
28. **mal corazón.** *l.s.* Maldade, carácter ruín ou cruel. Úsase a miúdo co verbo *ter* ou na construción *de mal corazón*. *Si, borrega coa irmán e cos veciños pero si falas con ela miras que non ten mal corazón.*
29. **mala cara.** *l.s.* Cara con expresión de anoxado, enfermo. *Tes mala cara. Que che pasou?*
30. **mala hostia.** *l.s.* VULG. Rabia, xenio. *Teu sobriño ten mala hostia eh. Sale á tía, ha, ha.*
31. **mala vida.** *l.s.* Vida con maltrato, pobreza e escravitude. *A pobre levou mala vida. O home pegáballe, tivo sete fillos, e tivo que sacalos todos adiante.*
32. **man de santo.** *l.s.* Solución ou cura milagreira a algo. *O neno non paraba de chorar. Foi chegar a nai e, man de santo, parou no momento.*
33. **man dura.** *l.s.* Disciplina. *Ese rapás está mui mimado e consentido. O que necesita é un pouco de man dura.*
34. **man inocente.** *l.s.* Persoa neutral e sen implicación directa en algo. *Pedíronlle á xente do público que fora alí unha man inocente a sacar a papeleta.*
35. **mans de señorito.** *l.s.* Mans moi finas ou sen sinais propios do traballo do campo (durezas, cicatrices...). *Anda, ti mira que mans de señorito ten este? Iso é de traballar muito, si.*
36. **mareta vermella.** *l.s.* EUF. Menstruación. *Hoxe non se pode. Hai mareta*
37. **mazá podre.** *l.s.* PEX. Persoa que acaba estragando un proxecto ou unha relación que unía a moitas outras. *Sempre ten que haber unha mazán podrida que o escaralle todo.*
38. **mente aberta.** *l.s.* Persoa moi tolerante. *A verdá é que teu pai, pa os anos que ten, ten unha mente bastante aberta.*
39. **mente cerrada.** *l.s.* Persoa moi intolerante. *Tes unha mente cerrada de carallo, eh. Mira que a rapariga non puido ir á festa?*
40. **mosca de can/dos cabalos.** *l.s.* Tipo de mosca que é propia dos cabalos que ten unha pel moi dura e que é difícil de matar cos dedos das mans. *As ouvellas truxeron moscas de can do porto seco. Pegáronselle dos burros dos gitanos.*

41. **nin Deus/Cristo.** *l.s.* COL. Absolutamente ninguén. *Chegou a policía e alí non quedou nin Cristo.*
42. **o cu do mundo.** *l.s.* HUM. VULG. Lugar inexistente ou practicamente ilocalizable que se usa para sinalar que outro lugar (neste caso coñecido) é ou está moi lonxe. *Mondoñedo queda no cu do mundo.*
43. **o mellor de cada casa.** *l.s.* IRÓN. Constituíntes dun grupo no que todos teñen uns antecedentes sospeitosos ou pouco recomendables. *Eses que están aí no goberno escóllenos ao dedo e xa poñen o millor de cada casa.*
44. **o quinto \*pino.** *l.s.* HUM. COL. Lugar inexistente ou practicamente ilocalizable que se usa para sinalar que outro lugar (neste caso coñecido) é ou está moi lonxe. *Buhh! Iso queda no quinto pino. Mi ma! De aquí alá.*
45. **o quinto carallo.** *l.s.* HUM. VULG. Lugar inexistente ou practicamente ilocalizable que se usa para sinalar que outro lugar (neste caso coñecido) é ou está moi lonxe. *El xa vai alá no quinto carallo. Ai, xa hai un bo pouco que marchou.*
46. **o quinto ovo.** *l.s.* HUM. VULG. Lugar inexistente ou practicamente ilocalizable que se usa para sinalar que outro lugar (neste caso coñecido) é ou está moi lonxe. *Saca iso de aí que lle dou unha patada e chega ao quinto pino.*
47. **ollos de gato.** *l.s.* ollos claros semellantes aos da cor dos gatos. *Tes ollos de gato. Son mui bonitos.*
48. **ollos malos.** *l.s.* Persoa ou persoas malas e traizoeiras que son traidoras. *Si, podes matalo e enterralo pero librate duns ollos malos. (falan de asasinar un ladrón).*
49. **ovella negra.** *l.s.* PEX. Persoa que sempre está en contra do que din ou fan os demais dentro dun grupo. É coma un espírito de contradición. *Marga é a ovella negra da familia, sempre ao revés. Ai, parece un espírito de contradición.*
50. **paraíso fiscal.** *l.s.* Lugar no estranxeiro ao que envían capital as persoas que posúen moito diñeiro normalmente froito de fraudes fiscais. *O Cristiano Ronaldo si. Tenche el bo problema. Ti mira que coche ten e o que ha de ter nun deses paraísos fiscais.*
51. **paraugas de sete parroquias.** *l.s.* Paraugas moi grande. *Métete aquí debaixo que colles ben. Este é un paraguas de sete parroquias. Aquí aínda colle unha persona máis.*
52. **pernas de quica**<sup>3</sup>. *l.s.* VULG. Pernas femininas parecidas ás dun home cunha barriga da perna moi marcada pero delgadas e semellantes ás dunha quica. *Esa rapariga ten pernas de quica, se non fíjate ben.*
53. **radio macuto.** *l.s.* COL. Nome dado á persoa que transporta as noticias dunha casa á outra. *Cala, cala. Que vén aí radio macuto e xa nos conta todo.*
54. **roupa dos domingos.** *l.s.* A roupa nova. *Carallo! Que guapo estás. Hoxe andas coa roupa dos domingos.*
55. **tose de can.** *l.s.* Tose seca e pesada. *Tes que ir ao médico e que che mire esa tose de can que tes porque xa levas así uns días.*

<sup>3</sup> Ave de curral máis pequena ca unha pita ou galiña que ten unha plumaxe de cores e que é moi apreciada porque é moi boa criadora por ter unha facilidade especial para chocar. Tamén se usa como ama para sacar crías doutro tipo de aves como polos, faisáns, parrulos... todas elas aves dun tamaño relativamente semellante e cun tempo de incubación moi parecido.

56. **traballo social/comunitario.** *l.s.* Tipo de castigo que se lle impón a determinados infractores da lei no que teñen que colaborar en tarefas de servizo público. *Ao irmán da Cloti sacáronlle o carné e agora ten que facer traballo comunitario dese no ayuntamiento.*
57. **un ollo da cara.** *l.s.* Moito diñeiro. Úsase con verbos como *custar, pagar e valer.* *Ah, ese collar compreino xa fai corenta anos e xa daquela pagara un ollo da cara por el.*
58. **uñas de gato.** *l.s.* Uñas longas e finas que rabuñan e fan dano. *Ti mira como me puxeches este brazo? Tes uñas de gato. Fódase!*
59. **voz de home.** *l.s.* Voz semellante á dun home polo seu timbre. *A irmán do Pachorras ten unha voz de home que tira pa tras.*
60. **voz de pito.** *l.s.* Voz fina e aguda que recorda á voz dun polo. *O irmán da Vanesa ten unha voz tan finiña e aguda que parece que ten voz de pito.*
61. **xuíz das causas perdidas.** *l.s.* Persoa que defende o indefendible. *Si, agora vai ser que te vas convertir no xuíz das causas perdidas.*
- 2.2.2. Locucións adxectivas**
62. **(bruto) coma un arado / máis bruto ca un arado.** *l.adx.* COL. Moi bruto. *Queeee! Non colles?! Eres máis bruto ca un arado.*
63. **a boa fe (coma os gatos pequenos).** *l.adx.* PEX. COL. Moi inxenuo, que cre todo e non ten malicia ningunha e, en certos contextos, que ten pouca ansia por facer as cousas e que é un pouco aparvado. *Ti debes ser medio a boa fe, coma os gatos pequenos. Como lle botas eses güesos aos cans?! Non ves que lle poden facer daño.*
64. **amarrado coma a virxe do puño.** *l.adx.* PEX. COL. Coreño. *-E túa madriña, deuche algo? -Que me vai dar si é máis amarrada ca a virgen do puño.*
65. **calado/a coma un peto.** *l.adx.* Completamente calado. *Eu, cando vou á misa, ao salir, están alí fala que te fala pero eu estou alí caladiña coma un peto. Que din que quen oe e cala, jode a quen fala.*
66. **chumba chumba.** *l.adx.* COL. Ruidosa e con sons estrondosos. Música que escoita a xente moza. *A min a música chumba chumba esa que poñen nas discotecas agora non me gusta nada. Rebéntame a cabeza.*
67. **coma un banco.** *l.adx.* Puntual nos pagamentos. *Ese Guitarritas será o que sea pero, á hora de pagar, é coma un banco. No momento.*
68. **coma un can.** *l.adx.* VULG. Abandonado. Levar unha vida de vicio e desenfreo moitas veces asociada á falta de hixiene. *Ese anda por aí tirado coma un can.*
69. **coma un cristo.** *l.adx.* COL. Empapado de auga ou sucio. *Ai, como se puxo ese desgraciado. Está coma un cristo.*
70. **coma un energúmeno.** *l.adx.* PEX. Irascible, intratable. *Ese gilipollas sempre se comporta coma un energúmeno.*
71. **coma un peliqueiro.** *l.adx.* COL. Mal amañado na vestimenta e moi pouco coidadoso na aparencia. *Mete esa camisa por dentro do pantalón e limpa eses zapatos que andas coma un piliqueiro.*
72. **coma un porco.** *l.adx.* VULG. Sucio. *Andas sempre coma un porco. Eu non sei como fas. Mira como tes esa camisa.*

73. **coma un pozo sen fondo.** *l.adx.* Insaciable coa comida. *Eres coma un pozo sin fondo. Levas vinte minutos comendo sin parar e aínda non fartaches. Mi madriña.*
74. **coma un xitano.** *l.adx.* COL. Sucio e desaliñado. *Ai, Trasniño, andas coma un gitaniño. Todo cheo de terra e todo mollado.*
75. **coma unha bóla/pelota.** *l.adx.* Moi gordo. *O que engordou ese home. Está coma unha bóla.*
76. **coma unha moto.** *l.adx.* Alterado/a. *Mira pa o Trasno, anda coma unha moto. Púxose así desde que saliu o Duque.*
77. **cortados polo mesmo patrón.** *l.adx.* Moi semellantes. *Tanto a nai como a filla parecen cortadas polo mirmo patrón.*
78. **da casa.** *l.adx.* Caseiro/a. Fabricado, nacido ou criado na casa. *Coma o da casa, o que cría un, coma o natural non hai.*
79. **da color dun burro a fuxir.** *l.adx.* HUM. Dunha color inexistente ou indeterminado que se utiliza de forma humorística. *-Que color é este, roxo ou granate? -Ese é color dun burro a fuxir.*
80. **de bo ano.** *l.adx.* Gordo. *Tanto a nai como a filla estanche as dúas de bo ano.*
81. **de cabalo.** *l.adx.* Moi grande, moi forte, moi intenso. *Vou comer que traio unha fame de cabalo.*
82. **de ciencias/números.** *l.adx.* Que estudou ciencias no bacharelato ou na carreira e non domina datos literarios ou históricos. *-Non sabes cando se publicou Follas Novas? -Non. A ver, eu son de ciencias.*
83. **de contra o pescozo/óso.** *l.adx.* PEX. COL. Ruín. *No, a bo lado foches. Esa é de contra o pescozo.*
84. **de detrás da orella.** *l.adx.* PEX. COL. Mala persoa. *Ese hai que ter cuidado con el que é de detrás da ourella.*
85. **de estrea.** *l.adx.* Novo. *Eses zapatos son de estrea, non? Brillan muito.*
86. **de fiar.** *l.adx.* Digno de confianza. *Ese a min non me dá confianza. Báilalle muito a vista cando fala.*
87. **de lei.** *l.adx.* Cumpridor, honrado, de fiar. *Hum, non me ten muita pinta de ser de lei.*
88. **de letras.** *l.adx.* Que estudou letras no bacharelato ou na carreira e non domina os números. *-Non sabes canto suma iso? -Non. A ver, eu son de letras.*
89. **de mala cona.** *l.adx.* VULG. Fodido, de mal carácter. *Esa é de mala cona. Escusas pedirlle nada porque che vai dicir que no.*
90. **de mala raza.** *l.adx.* PEX. 1. Que non engorda. Referido a animais ou persoas. *Ti mira que come este tipo eh, e non engorda. É de mala raza. 2. Mala persoa. Ese é así porque xa é el de mala raza. Xa miras que non ten visita ningunha.*
91. **de morros.** *l.adx.* Encabuxado. *Túa nai está de morros desde o martes. A ver si lle pasa.*
92. **de morte.** *l.adx.* Moi grande, extraordinario. *”Pódese usar con outros substativos: disgusto de morte... Que fas? Que me pegaches un susto de morte?”*
93. **de proveito.** *l.adx.* Útil, que se pode aproveitar, próspero e con futuro. *Agora que xa eres un home de proveito, necesitas un pouco de sorte.*
94. **de segunda man.** *l.adx.* Usado. Algo que non é comprado ou vendido novo. *Comprou un coche pero de segunda man que, agora, a ver quen compra un novo. Ta a cousa jodida.*



95. **de vicio.** *l.adx.* COL. Moi saboroso. *Hum, estes dulces están de vicio. Perdónolle o mal que fan polo ben que saben.*
96. **do ano chispún.** *l.adx.* COL. Moi vello ou antigo. *De donde sacaches ese vestido? Parece que foches ao baúl dos recuerdos. Mi ma, iso xa é do ano chispún.*
97. **do montón.** *l.adx.* COL. Normal, nada excepcional. *Nada, ese é do montón. Coma todos.*
98. **do trinque.** *l.adx.* Novo de todo. *Carallo, esa saia é do trinque. Calquera te para hoxe.*
99. **duro coma un cañoto.** *l.adx.* Moi duro. *Dios! Este pan está duro coma un cañoto. Non hai quen o coma.*
100. **duro coma un carballo.** *l.adx.* Moi duro. *Teu pai é duro coma un carballo. El anda a chuvia, ao frío, ao sol e nada. Nin un catarriño.*
101. **duro coma un ferrote.** *l.adx.* Moi duro. *O Anxo é duro coma un ferrote. Pa o pequeno que é, el cae, levántase, volve caír e nin unha lagrimiña.*
102. **duro coma unha pedra.** *l.adx.* Moi duro. *Mi ma. Este turrón está duro coma unha pedra.*
103. **duro de roer/pelar.** *l.adx.* Dificil, complicado de superar, de soportar, de convencer, etc. *É duro de roer, eh. Sale ben ao pai. Non dá o brazo a torcer.*
104. **falso coma as burras / máis falso ca as burras.** *l.adx.* Moi falso, nada de fiar. *Ese Fernandito éche máis falso ca as burras.*
105. **falso coma as pesetas.** *l.adx.* PEX. Ser Moi falso. *Con esa Julia, hai que ter un cuidado... É falsa coma as pesetas. Solo mira pa o seu bolsillo.*
106. **fino coma un allo.** *l.adx.* Espelido, agudo. *Eres fina coma un allo eh, ben mirei cando colleches a chave ou pensas que non me din de conta.*
107. **frío coma a neve.** *l.adx.* Moi frío. *Ai, non me toques con esas mans. Vaite pa alá. Están frías coma a neve. Méteas no cu!*
108. **máis parvo ca andar a pé.** *l.adx.* PEX. VULG. Moi parvo. *Ese rapás cando estabamos na escuela era máis parvo ca andar a pé.*
109. **máis parvo ca feito de encarga.** *l.adx.* PEX. VULG. Moi parvo. *Ese rapás cando estabamos na escuela era máis parvo ca andar a pé.*
110. **malo coma a peste.** *l.adx.* PEX. Moi malo. *Bu, ese Careto, é malo coma a peste. Cando pasamos pola casa del, pasamos a correr.*
111. **metido na allada.** *l.adx.* Implicado en algo. *Ti tamén foches aos portales na noite de San Juan, non? Tamén andabas metido na allada, claro.*
112. **moi de andar por casa.** *l.adx.* Moi humilde e sociable. *A Maribel non é tan así como pensas. É mui de andar por casa.*
113. **na estica.** *l.adx.* COL. Moi delgado/a. *Esas cabras están na estica. Non deben de comer muito.*
114. **nas nubes.** *l.adx.* Despistado. *Ese está nas nubes. Non se entera de nada.*
115. **negro coma os pecados.** *l.adx.* COL. Moi negro. Negro acibeche. *Ese cabalo é negro coma os pecados.*
116. **negro coma un tizón/chamizo.** *l.adx.* Moi negro. *Ese vestido é negro coma un tizón.*
117. **no aire.** *l.adx.* COL. Apurado, acelerado. *Dios, que che pasa? Hoxe andas no aire.*
118. **para chupar os dedos.** *l.adx.* Delicioso. *Esas filloas están pa chuparse os dedos. Seguro que as fixo a Cris.*
119. **para comelo!** *l.adx.* Moi bonito. *O fillo da Isabel chámase Íker. Ai, está pa comelo! É guapisimo.*

120. **para unha foto.** *l.adx.* Moi bonito e tenro. Dise dunha imaxe inusual que é típica para ser inmortalizada. *Ti mira, unha a traballar e a outra a mirar. Estades pa unha foto.*
121. **polas nubes.** *l.adx.* Inalcanzable, moi caro. *O precio do gasoil, da gasolina e o da bombona de butano está polas nubes.*
122. **queimado e non (ser) do sol.** *l.adx.* Moi canso ou decepcionado con algo. *De tanto facer horas pola noite, quedou queimado de tanto traballar.*
123. **quente coma o caldo.** *l.adx.* Moi quente. *Buh, esta agua está quente coma o caldo. Non sabías metela na nevera?*
124. **teimudo coma a cona.** *l.adx.* VULG. Ser moi testán. *Ti, cadela, eres terca coma a cona.*
125. **teimudo coma o porco.** *l.adx.* VULG. Ser moi testán. *Mira que lle digo as cousas cincuenta veces. Pois nada. É terco coma o porco.*
126. **teimudo coma ti só.** *l.adx.* COL. Ser moi testán. *Entón non vés? Eres terco coma ti solo!*
127. **teimudo coma unha mula.** *l.adx.* COL. Moi testán. *E quen lle di nada que é terco coma unha mula. Non hai quen lle diga nada.*
- 2.2.3. Locucións verbais**
128. **\*incala.** *l.v.* Traballar. *A xente nova agora non quere incala.*
129. **\*planchar a orella.** *l.v.* COL. Durmir. *-A onde vas? -Vou planchar a orella un pouco.*
130. **abrir a boca ata as orellas.** *l.v.* COL.  
1. Gritar. *Mi ma, a nai abría a boca hasta as orellas pero eu non lle calei.*  
2. Pedir moito diñeiro por algo que se quere vender, alugar... *Ese alquila o baixo pero ha de abrir a boca hasta as orellas.*
131. **abrir as portas do ceo.** *l.v.* EUF. Morrer de primeiro/a. *-Mira ti, morreu el antes ca a sogra. Iso que a ela xa lle deu unha trombosis e quedou cega dun ollo. -Si, tocoulle a el abrir as portas do ceo.*
132. **abrirle a porta a** [alguén]. *l.v.* Permitir que alguén entre no eido. *Aos gitanos si que non lle abro eu a porta, non.*
133. **acabárselle o billete a** [alguén]. *l.v.* HUM. Finalizar unha viaxe ao chegar ao destino. Dise de xeito humorístico. *Ala, todos abaixo. Acabouse o billete.*
134. **acender un cigarro co outro.** *l.v.* Fumar compulsivamente. *Teu irmán fuma coma un carreteiro. Encende un pitillo co outro.*
135. **acordarse de santa Bárbara cando chove.** *l.v.* IRÓN. Acordarse de algo cando se necesita e xa é tarde. *Ah, e deixei a chaqueta na casa. Vaia, acórdase un de santa Bárbara cando chove.*
136. **afeitarse para riba.** *l.v.* COL. Non ser da incumbencia do afectado. "Pasar" de todo. Dise pasando a parte de arriba da man pola cara simulando o movemento de barbearse de abaixo para arriba para mostrar indiferenza ou ignorar algo. *Iso non é comigo. Eu afeitome pa riba. Que faga o que queira. Éche o seu problema.*
137. **aforrarlle o corpo a** [alguén]. *l.v.* Descansar e non castigar o corpo con traballo ou esforzo físico. *Miña abuela dicíame que non lle importaba que meu abuelo andivera con outras. Dicíame que, con tal de que non lle puxera a man enriba nin nada parecido, que xa estaba. Dicíame que así aforráballe o corpo a ela. Ha, ha.*
138. **agachar a orella.** *l.v.* Aceptar algo con submisión. *Cando me dixó que fora eu o que pagara de menos entón agachei a orella e non dixen nada máis.*

139. **andar a buscala.** *l.v.* Facer cousas propensas para que suceda un accidente ou que alguén se anoxe con el/a. *Ai, apañaches. Claro, andas a buscala.*
140. **andar ás xaneiras.** *l.v.* Andar as gatas na tempada de celo. *Esas gatas xa andan ás xaneiras outra ves. Aínda non hai nada que andiveron e xa andan outra ves. Teñen o vicio no corpo.*
141. **andar cos dentes.** *l.v.* Estar un bebé no período no que lle nacen os dentes no que manifesta dor e malestar. *Chora porque anda cos dentes.*
142. **andar de cabra (tola).** *l.v.* COL. Vivir a vida sen aplicar o sentido común, sen pensar no futuro nin nas consecuencias dos actos. *Si, foi pa Francia pa facer moitos cartos pero andivo de cabra e, despois de dous anos, viu cunha man diante e outra detrás.*
143. **andar no medio coma o xoves.** *l.v.* COL. Molestar. *Ai, hoxe! Séntate aí nun lado! Se non andas sempre no medio coma o jueves.*
144. **andar sempre co** (palabra ou expresión recorrente) **na boca.** *l.v.* VULG. Repetir continuamente as mesmas palabras malsoantes. *Mira que é feo eh (referíndose á expresión malsoante) pero sempre anda co carallo na boca.*
145. **andar/estar á súa vida.** *l.v.* Andar metido ou pensando nos seus asuntos. *-Que iría facer a Piugau á Greliña? -Ao que fora, andaría á súa vida.*
146. **andarlle coa roupa das festas a [alguén] / andarlle coa roupa dos domingos a [alguén]** *l.v.* EUF. Zoscarlle. *Vai haber que andarche coa roupa das festas, como non te portes ben.*
147. **andarlle no cu a [alguén].** *l.v.* EUF. Zoscarlle. *Ai, andívoche no cu? Seguro que foi porque o merecías.*
148. **andarlle o rato no caixón a [alguén].** *l.v.* Ter fame. *Ui, xa me anda o rato no caixón. Que hora é?*
149. **arder Troia.** *l.v.* Haber lea. *Cando veña ela vai arder Troia cando vexa iso todo aí tirado.*
150. **armar/montar un cristo.** *l.v.* COL. Armar unha boa lea. *Vaia cristo arman aí dentro os rapaces todos xuntos.*
151. **atar/matar o nervio.** *l.v.* COL. Diselle a alguén que anda descontrolado, normalmente porque está nervioso, para controlalo ou para que sosegue. *Tranquilízate e ata o nervio. Xa che chegará a hora.*
152. **atender ao que está.** *l.v.* Pór atención ao que se está a facer. *Atende ao que estás ou estás a durmir.*
153. **atoparlle o sitio a [algo].** *l.v.* IRÓN. Quedar sen el porque alguén llo sacou. *Si, ti deixa o coche aí e coas chaves postas que, cando volvas, atópaslle o sitio.*
154. **baixar os santos todos / baixar todos os santos.** *l.v.* EUF. Blasfemar. Dicar moitos pecados. *Ai se chegas a estar aquí. Este rompeu a máquina. Despois cabreouse. Baixaron os santos todos. Un por un.*
155. **baixarlle os fumes a [alguén].** *l.v.* COL. Facer que perda gallardía coa que presume. *Ao Pepín xa lle baixaron moito os fumes pero aínda lle teñen que baixar moito máis.*
156. **bater coas pernas no cu / bater cos pés no cu.** *l.v.* COL. Correr desesperadamente. *Corría que batía coas pernas no cu pola costa abaixo pensando que viñan detrás del.*
157. **botar as barbas de mollo.** *l.v.* Agardar alguén algo de forma moi desexada pero inmerecida. *Si, ti bota as barbas de mollo que pa ti non é nada disto.*

158. **botar o carro diante dos bois.** *l.v.* Facer as cousas na orde inversa. O máis común é que se refira a cando se celebra un triunfo antes de conseguilo. Normalmente dá mala sorte por iso non se aconsella facelo para non facerse falsas esperanzas. *Iso pásache por botar o carro diante dos bois. Eu xa te avisei.*
159. **botar o cu fóra.** *l.v.* COL. Saír dun sitio quente, abrigado ou protexido. *Mira os cans. Como che está a chover, hoxe non botan o cu fóra.*
160. **botar para o lombo.** *l.v.* Cargar. *Hoxe meu pai cumpre 67 anos. Ala, un máis pa o lombo.*
161. **botar un batebarbas.** *l.v.* Manter unha discusión afervoadada. *Esas dúas botaron un bo batebarbas.*
162. **botar un ollo a** [algo ou alguén]. *l.v.* Vixiar. *Bótalle un ollo aí ás patatas mentras vou sacar a roupa da lavadora.*
163. **botar/tirar para atrás** Espantar, desanimar. *Ese queso ten un cheiro que bota pa atrás. / A irmán do Pachorras ten unha voz de home que tira pa tras.*
164. **botarlle (máis) leña ao lume.** *l.v.* Picar a alguén cando xa hai lea. *Si, ti bótalle leña ao lume, que despois...*
165. **botarlle** [algo] **enriba a** [alguén]. *l.v.* Incomodar a alguén para que se enfrente a unha terceira persoa. *O Neymar tírase moito e, claro, bótalle o público enriba ao árbitro. Deberían castigalo máis coas tarjetas.*
166. **botarlle a(s) culpa(s) a** [alguén]. *l.v.* Culpar. *Eu non sei como fas pero sempre lle botas as culpas aos demais.*
167. **botarlle collóns a** [algo]. *l.v.* VULG. Atraverse. Ser unha persoa que lle bota valor á vida. *Quen? O Revilla? Ese si que lle bota collóns.*
168. **botarlle de comer á parte a** [alguén]. *l.v.* Refírese a alguén que é moi mala persoa por ser conflictivo/a. *Ui, a ese haille que botar de comer á parte.*
169. **botarlle peito a** [algo]. *l.v.* Botarlle valor. *Na vida, ás veces, tamén hai que ser valientes e botarlle valor porque quen non se arriesga, nunca boa cona fode. Iso si, tamén hai que ter moito ollo porque o cementerio está cheo de valientes.*
170. **botarlle unha man a** [alguén]. *l.v.* Axudar. *Aínda que o vexa andando coas tripas fóra, non lle penso botar unha man.*
171. **botarlle/ter cara.** *l.v.* PEX. COL. Ser descarado. *Xa hai que ter cara para vir e dicirche iso. Desde logo, haiche xente pa todo.*
172. **botarse á xente.** *l.v.* Non ser apropiado para as persoas porque incluso é prexudicial ou contrario a elas. *Este viño bótase á xente. Tá frío!*
173. **botarse para atrás.** *l.v.* Arrepentirse. *É un covarde. Nada máis empezar, xa se botou pa atrás.*
174. **buscar o ceo e a terra.** *l.v.* Facer todo o que sexa posible para conseguir algo. *Buu, se saben que alí hai cartos, buscan eles o ceo e a terra pa ganalos.*
175. **buscarlle os (tres) pés ao gato.** *l.v.* Tentar a paciencia de alguén co risco de irritalo. *Andas a buscarlle os tres pés ao gato, despois vente queixar.*
176. **buscarlle sitio a** [algo]. *l.v.* Facerse dono de algo sen permiso. *No, xa sei que ti logo lle buscas sitio ao armario pero déixao estar aí.*
177. **caer ben/mal.** *l.v.* 1. Sentar ben ou mal unha comida. *Caíume ben esa sopiña por riba do bisté.* 2. Simpatizar ou sentir antipatía sobre unha persoa. *Ese fillo da Josefa non me cae nada ben.*
178. **caer co sono.** *l.v.* Ter moito sono. *Vou pa a cama que caio co sono.*

179. **caer da burra.** *l.v.* COL. Darse conta de algo. *Por fin caíches da burra. Levo dúas horas intentando explicarche isto.*
180. **caer de caixón.** *l.v.* Ser algo lóxico. *Home, caía de caixón que non iba vir. Sabes que ten o problema que ten.*
181. **caerlle os aneis a** [alguén]. *l.v.* IRÓN. Esforzarse moito. Emprégase para reprocharlle a alguén que está a gabar o traballo que acaba de facer e que non foi tanto duro nin tan importante como di. *Ah, e fíxeches ti todo iso? Vaia, pois debéronche de caír os anillos, si.*
182. **cambiar o aceite / facer un cambio de aceite.** *l.v.* EUF. Urinar. *Veño agora. Vou facer un cambio de aceite.*
183. **cambiarlle a auga ao canario.** *l.v.* EUF. Urinar. *Voulle cambiar a auga ao canario e xa veño.*
184. **cantar vitoria.** *l.v.* Celebrar un triunfo. *Aínda non che dixeron nada, así que, non cantes vitoria antes de tempo.*
185. **cantarlle as corenta a** [alguén]. *l.v.* Poñerlle as cousas claras a alguén. *Ti déixao vir que lle vou cantar eu as corenta cando chegue.*
186. **chegar para** [alguén]. *l.v.* Afrontar a alguén e ser suficiente para tal situación. *Ai, ela púxose tesa. Pero eu cheguei para ela!*
187. **chegarlle a hora a** [algo ou alguén]. *l.v.* Chegarlle o momento. *Tranquilízate e ata o nervio. Xa che chegará a hora.*
188. **chegarlle co dedo.** *l.v.* COL. Estar e sentirse alguén moi cheo despois de comer en exceso. *Ai, non podo máis. Xa lle chego co dedo. Canto comín.*
189. **cheirar coma unha bubela**<sup>4</sup>. *l.v.* Ulir moi mal. Desprender un olor moi forte e desagradable. *Buf, saca de aí! Cheiras coma unha bubela!*
190. **chupar a dous carrís.** *l.v.* Beneficiarse de dúas fontes de ingresos distintas. *O Manolo da Portela tenche o traballo de conserxe no colegio e é representante de contratación de orquestras. Así que chupa a dous carrís. Non me estraña que teña a casa que ten.*
191. **coller balor.** *l.v.* Estragarse. Non só se aplica á comida, senón tamén ao resto das cousas de forma figurada. *Ti tranquila que o chocolate non deixo eu que colla barolo.*
192. **coller carreira.** *l.v.* Andar cara a atrás para dispoñer dunha distancia na que se poida volver correndo. *Colles carrerilla e logo dáslle unha patada ao balón.*
193. **coller o goberno de** [algo]. *l.v.* Converterse no director de algo. *Cando morran os vellos, ela terá que coller o goberno da casa.*
194. **coller o sal.** *l.v.* Absorber a carne o sal para que se conserve salgada. *Ti mira, co tempo que estaba e agora volve chover e a facer frío. Xa o dicían as vellas desta casa que en abril, aínda o porco sala. Sempre virá un tempo frío neste mes no que o porco aínda colle o sal.*
195. **coller/dar van.** *l.v.* Balancear. *Pa dar a volta, primeiro, ten que coller van.*
196. **comer na man de** [alguén]. *l.v.* Dependere economicamente de alguén. *Os políticos queren que comamos todos na súa man, así fan o que queren.*
197. **comer verde.** *l.v.* 1. Comer tenro os animais: herba, xestas, toxo, etc. en contraposición a seco. *Hoxe as ouvellas comeron todo o día verde.* 2. Comer verduras ou alimentos similares as persoas. *Hai que comer máis verde que é bo pa a salú.*

<sup>4</sup> Dise que a bubela fai o niño de merda e que, cando unha persoa ou animal ameaza as súas crías ou ovos, esta deféndeas defecando enriba deles.

198. **comerlle a suor a** [alguén]. *l.v.* Aproveitarse de alguén. *Están os meus fillos aí e pódénche dicir que jamás lle comemos o seu sudor.*
199. **confundir o touciño coa velocidade.** *l.v.* Estar enganado. Confundir as cousas. *Non ten nada que ver que vaia con ela con que sea a súa moza. Ti confundes o touciño coa velocidade.*
200. **contarlle un conto ao oído a** [alguén]. *l.v.* EUF. IRÓN. Botarlle unha reprimenda a alguén. *Ti ensucia ben a casa que despois vouche contar un conto ao oído eu.*
201. **correr os camiños todos.** *l.v.* Andar todo o día de lería para un lado e para o outro buscando persoas ou noticias e cousas novas sobre as que falar. *Esa Aurora corre os camiños e as casas todas.*
202. **cortarlle corda a** [alguén]. *l.v.* COL. Reprender os cativos ou mozos sobre os que se ten potestade para telos baixo control. *Ti vaille cortando un pouco de corda ao rapás se non váiseche volver un vándalo.*
203. **cortarlle o voo a** [alguén]. *l.v.* COL. Reprender os cativos ou mozos sobre os que se ten potestade cando comezan a desobedecer. *Ti dálle muito vuelo ao teu fillo. Non cres? Cando queiras cortarllo vas ter problemas. Faime caso. Dígocho por experiencia.*
204. **crear afección.** *l.v.* Animar a comer ou beber máis. Fai referencia a unha comida ou bebida que está moi saborosa. *Estas custilletas están riquísimas. Hum! Son das que crean afección e animan a criar outra toura.*
205. **criar raíces na cama.** *l.v.* Pasar moito tempo nela. *Ti aínda estás na cama. Has criar raíces aí.*
206. **criar/ter un porquiño.** *l.v.* PEX. VULG. Criar un neno ou nena fomentando ou permitindo malos modais. En concreto, fai referencia á mala educación e ao mal resultado conseguindo unha persoa maleducada, preguiceira, respondona... *Eles teñen que saber cando poden e cando non poden. Hai que lle dar unha de cal e outra de arena. Si non, dentro de nada, tes un porquiño.*
207. **cumprirle o desexo a** [alguén]. *l.v.* Satisfacer o que unha persoa desexa. *Faille unha tarta ao rapás. Cúmplelle o desexo ao home por un día.*
208. **custarlle ferro e fariña a** [alguén]. *l.v.* Dar moitísimo traballo e ter que sacrificarse duramente. *Ai, eu ben sei o que pasou pa facer a casa. Custoulle ferro e fariña.*
209. **dar a vida por** [alguén ou algo] / **dar o que sexa por** [alguén ou algo]. *l.v.* Facer o que sexa por algo que se quere ou desexa moito. *Eu daría o que fora por estar agora aí ao lado deses da televisión. / Eu daría a vida por comer agora un bo churrasco.*
210. **dar boa espiña.** *l.v.* Dar unha impresión ou sensación positiva. *Non me dá boa espiña mirar ese espello aí.*
211. **dar máis voltas ca un muíño/trompo.** *l.v.* COL. Andar ou moverse dun lado para outro de forma continua. *Normal que o choio non avance. Andas dun lado pa o outro sin parar. Dás máis voltas ca un muíño.*
212. **dar mala espiña.** *l.v.* Dar unha impresión ou sensación negativa. *Dáme mala espiña ese triángulo aí.*
213. **dar punto.** *l.v.* Finalizaren as clases. *Dani, agora xa estás de vacacións, non? Xa deu punto a escola?*
214. **dar unha de cal e outra de area.** *l.v.* Indicar que unha situación inclúe aspectos positivos e negativos de forma alternada. Por exemplo, no proceso de

- aprendizaxe, hai que saber dicir que si e saber dicir que non para que o neno ou nena aprenda valores na vida e un saber estar. *Eles teñen que saber cando poden e cando non poden. Hai que lle dar unha de cal e outra de arena. Si non, dentro de nada tes un porquiño.*
215. **dar(lle) que falar (a [alguén]).** *l.v.* Realizar accións desaprobadas socialmente e, como consecuencia, andar na boca da veciñanza. *Iso inda ha de dar moito que falar. Tempo ao tempo.*
216. **darlle a [alguén] as doce na cama.** *l.v.* Estar moito tempo na cama e estar a esa hora aínda nela. *Ai, xa había tempo que non me daban as doce na cama. Que marabilla!*
217. **darlle a gana a [alguén].** *l.v.* Querer por propia vontade. *Si non me dá a gana, non vou. Ou teño que ir obrigada?*
218. **darlle a razón a [alguén].** *l.v.* Asentir e aprobar o que outra persoa di. *Terqueou todo o que puido e máis pero acabou dándolle a razón.*
219. **darlle a razón como aos parvos/tolos a [alguén].** *l.v.* VULG. Asentir coa cabeza sen prestar atención ao que se lle di. *Estasme a dar a razón como se lle dá aos parvos.*
220. **darlle a volta á tortilla.** *l.v.* Provocar un cambio drástico no punto de vista ou na situación de algo. *En quince días que leva aquí no restaurante xa lle deu volta completamente á tortilla. Si sigue así, chegará lonxe na restauración*
221. **darlle as costas a [alguén].** *l.v.* Deixar de lado a alguén. Ignoralo. *A Adolfo Suárez, os do propio partido déronlle as costas.*
222. **darlle candeas neste enterro a [alguén]** *l.v.* Pedirlle que participe nun asunto. *E ti que tes que dicir nada?! Quen che deu a ti vela neste enterro?*
223. **darlle corda a [alguén].** *l.v.* COL. Ser permisivo cos cativos ou mozos sobre os que se ten potestade. *Non lle deas moita corda que se non, cando queiras dominalo, non eres capás.*
224. **darlle entrada a [alguén] (na casa).** *l.v.* Permitir que alguén entre no eido. *Hoxe en día hai que mirar ben a quen se lle dá entrada na casa.*
225. **darlle na espiña a [alguén].** *l.v.* Ter a sensación ou a impresión. *Dáme na espiña que ti hoxe non vas ir de festa.*
226. **darlle todo feito a [alguén].** *l.v.* Facilitarlle todo a alguén de maneira que consegue todo sen traballo nin esforzo ningún. *Ti queres que che dean todo feito e non é así. Na vida hai que traballar e luchar polas cousas.*
227. **darlle un chupo (a unha bebida).** *l.v.* Darlle un trago. *Dálle un chupo a ese licor café e a ver que che parece.*
228. **darlle unha hostia do revés a [alguén].** *l.v.* VULG. Dar unha labazada coa parte superior da man. *A ti nunca che deron unha hostia do revés? Pois mira ben porque ao mellor hoxe levas unha.*
229. **darlle unha visita a Roca.** *l.v.* EUF. Ir ao cuarto de baño. *Veño agora. Voulle dar unha visita a Roca.*
230. **darlle vida a [algo].** *l.v.* Animar, fortalecer e causar vida. *Os viñedos son os que lle dan vida a este ayuntamiento.*
231. **darlle voltas a [algo].** *l.v.* 1. Pensar algo moito e de forma detida. *Mira que lle das voltas a iso. Eu creo que non che vale a pena. Agora si, fai o que ti queiras.* 2. Andar con algo dun lado para o outro. *Mira que lle das voltas ao mando da televisión. Mentres non che caía, non paras.*
232. **darlle voo a [alguén].** *l.v.* COL. Ser demasiado permisivo cos cativos ou mozos sobre os que se ten potestade. *Ti dálle moito voo ao teu fillo. Non*

- cres? Cando queiras cortarllo vas ter problemas. Faime caso. Digocho por experiencia.*
233. **darlle xeito** [algo] a [alguén]. *l.v.* Resultar [unha cousa] fácil, cómoda, manexable a alguén. *Teño que apretar o tornillo do aceite pero desde aquí non me dá xeito.*
234. **darlle xeito a** [algo]. *l.v.* Facer unha persoa con habilidade algo, facer ben algo, mostrar moi boa disposición e calidades para realizar algo. *Ai, báilache ben, dálle xeito.*
235. **deixar** [alguén] **coa palabra na boca**. *l.v.* Non darlle opción a réplica ao interlocutor. *Cando me dixo que era fillo de solteira, deixoume coa palabra na boca. Xa non fun capás de dicirlle nada.*
236. **deixar en paz**. *l.v.* Non molestar. *Dío unha persoa que está anoxada ou molesta por algo con alguén para que a deixe tranquila. Déixame en paz. E séntate aí quieto!*
237. **desvestir un santo para vestir outro**. *l.v.* Desfacer unha cousa para amañar outra. *Creo que pa arreglar esa desbrozadora imos ter que sacarlle o disco á outra. Imos ter que desvestir un santo pa vestir outro.*
238. **dobrar o lombo/ril**. *l.v.* COL. Facer esforzo físico. *A meu irmán non lle gusta nadiña dobrar o riñón pero ten que joderse.*
239. **doerlle na alma a** [alguén]. *l.v.* Afectarlle profundamente na súa sensibilidade. *Dóeme na alma ter que deixar o gato aquí pero non teño alternativa.*
240. **doerlle os dentes a** [alguén]. *l.v.* Estar rabioso ou ter envexa por algo. *Dóenlle os dentes porque non puido ir á feira.*
241. **durmir a mona**. *l.v.* COL. Durmir unha borracheira. *O Guitarritas debe estar a durmir a mona que onte estaba de carallo.*
242. **durmir máis ca as mantas**. *l.v.* Durmir moito; ser un durmiñón. *A Debi dorme máis ca as mantas, leva 12 horas na cama. Vai alí e dille que se levante.*
243. **durmir nas videiras / durmir nunha cama de videiras**. *l.v.* IRÓN. Estar un animal moi delgado e notárenselle as costelas. *As cabras do Juan parece que dormen nas videiras. ¿E non che dá vergonza andar nesa burra así que parece que durmiu nas videiras?*
244. **durmir todo xunto / durmir o tempo esquecido**. *l.v.* Durmir durante moitas horas de forma continua. *O Manolo aínda non se ergueu? Hoxe dorme todo xunto.*
245. **empezar a casa polo tellado**. *l.v.* Facer as cousas ao revés. *Ti sempre empezas a casa polo tellado. Primeiro compras o coche e logo apúntaste na autoescuela. Mui bonito. Si señor.*
246. **enfiar polo cu dunha agulla** [alguén]. *l.v.* COL. Ser bastante máis listo e espelido ca outra persoa. *Ese enfiá a irmán polo cu dunha agulla, si fai falta. É fino coma un allo.*
247. **entrar por unha porta e saír pola outra / entrar por un lado e saír polo outro**. *l.v.* Permanecer moi pouco tempo dentro dun edificio. *Os políticos corruptos que van á cárcel, iso entran por unha porta e salen pola outra.*
248. **escribir/coser para fóra**. *l.v.* IRÓN. Manter relacións fóra do matrimonio ou da parella, sobre todo, aplicado a unha muller. *Dixéronme que fulanita escribe pa fóra. Ai, como se entere o home. Vai arder Troia.*



249. **esperar a que o can cague.** *l.v.* VULG. Agardar por algo imposible ou que non paga a pena. *A que esperamos? A que o can cague?*
250. **esperar sentado!** *l.v.* IRÓN. Mostrar desengano e incredulidade sobre algo que se agarda que nunca vai pasar. *-Ela díxome que lle apañarías os grelos. -Si xa, que espere sentada!*
251. **estar ao que hai que estar.** *l.v.* Estar atento ou despistado en caso de negación. *É o que pasa cando non se está ao que hai que estar. Que despois hai que repetir as cousas sete veces.*
252. **estar máis alá ca aquí.** *l.v.* EUF. Estar máis morto ca vivo. Ex: *Bu, ese pito morre. Xa está máis alá ca acá.*
253. **estar na orde do día.** *l.v.* Ser algo normal que pase aínda que non contemos con elas. *Ai, ben sabes que esas cousas están na orden do día. Non te estrañes.*
254. **estar parvo.** *l.v.* COL. Estar enganado. *Ti estás parvo. Como vas meter aí os cans que che rillan todo? Ai, fai o que queiras. A min non me digas nada.*
255. **estar posto polo concello.** *l.v.* Non traballar, non facer nada. *Ese home parece que está aí posto polo ayuntamiento. Non fai absolutamente nadiña.*
256. **estar/pórse no sitio de** [alguén]. *l.v.* Situarse ou pensar que se está na mesma situación doutra persoa para entender os seus sentimentos ou problemas. Expresión que expresa empatía con alguén. *O que ti dis é porque non estás no seu sitio. É así. Porque se chegas a estar, non dirías iso.*
257. **estarlle ben empregado a** [alguén]. *l.v.* Merecer algo malo que lle aconteceu a alguén. *Non andaba a xogar cos cables? Ah, estívolle ben empregado.*
258. **estarlle que nin pintado.** *l.v.* Merecer algo malo que lle aconteceu a alguén. *Ai, estívolle que nin pintado. Pago por pago non é pecado. Non se meteu el antes. Agora tocoulle a el.*
259. **estirar a pata.** *l.v.* EUF. Morrer. *Houbo unha cuella que estirou a pata.*
260. **estorbarlle no camiño a** [alguén]. *l.v.* EUF. Molestar ou meterse na vida dun. *Eu, mentres non me estorbe no camiño, o resto dáme igual.*
261. **facela/armala (boa).** *l.v.* IRÓN. Formar unha lea. *Ah, deixaches a comida na casa. Xa a armaches. Ti espera a que pregunten por ela.*
262. **facer** (dúas persoas) **boa parella / facer boa parella con** [alguén]. *l.v.* Conxenieren moi ben dúas persoas, conxeniar moi ben con outra persoa. *A verdá é que ti e a Jesi facedes mui boa parexa. Non fai falta que te poñas colorado.*
263. **facer** (varias persoas) **as paces / facer as paces con** [alguén] *l.v.* Reconciliárense varias persoas, restablecer unha persoa a concordia e a amizade con alguén. *A moza do Alvarito e a nora xa deberon de facer as paces porque hoxe estaban xuntas.*
264. **facer \*záping.** *l.v.* Cambiar continuamente a televisión co mando a distancia. *Co Manolo non hai quen vexa a televisión. Está facendo záping continuamente. Está chuza que chuza.*
265. **facer** [algo] **de noite.** *l.v.* IRÓN. Facer algo que quedou mal feito. *Ti miraches como quedaron rapadas as ouvellas da Maribel? Parece que as raparon de noite. Quedoulle a lan toda ás bocadas.*
266. **facer a burla de** [alguén]. *l.v.* Imitar mofándose de alguén. *Ti eres parvo, o*

- que fai a persona repíteo a mona. Pa que me fas a burla?*
267. **facér bo de** [alguén]. *l.v.* Conseguir que unha persoa que non se comporta dunha forma axeitada o faga. Lograr que sexa unha persoa de proveito. *A ver se eres capás de facer bo del. O pai non foi capás.*
268. **facér bobis/bobó/oo.** *l.v.* Durmir (usado con nenos). *Non tes ganas de ir facer bobis?*
269. **facér burla de** [alguén]. *l.v.* Arremedar a alguén, mofarse de alguén. *Na mili facían burla del todo o que querían e máis. Pobre rapás.*
270. **facér coma quen que.** *l.v.* Disimular ou simular. *El fai coma quen que fai algo e aí o está. É concejal.*
271. **facér como se tal.** *l.v.* Disimular ou simular. *Ti fas como si tal e xa está. O importante é que te vexan facer algo. Se te pillan parado, malo.*
272. **facér cucú.** *l.v.* Escondese (usado con nenos). *Prin, ti fas cucú?*
273. **facér de tripas corazón.** *l.v.* Ser valente e enfrontarse a unha situación desagradable, a algo que non nos apetece nada facer pero que non temos máis remedio que facer. *Xa sei que non che apetece nada ir pero tes que facer de tripas corazón e apuntarte a esa excursión.*
274. **facér o agosto.** *l.v.* Facer un bo negocio. *Os alcaldes, agora polo tempo das lampreas, fan o agosto.*
275. **facér o paripé.** *l.v.* Finxir que se está a facer algo de forma seria. *-Vás ir ao enterro? -Si, por facer o paripé, máis que nada.*
276. **facér o parvo.** *l.v.* COL. Comportarse facendo parvadas e de forma molesta. *Deixa de facer o parvo e vén pa aquí.*
277. **facér o requisito.** *l.v.* Cumprir unicamente co xusto e necesario, normalmente só para aparentar. *Vas alí pa, fas o requisito e vés.*
278. **facér pouco de** [alguén]. *l.v.* Burlarse de alguén, non respectar alguén. *Ti andas a facer pouco dela. Calquera día, arréache.*
279. **facér un cinco contra un.** *l.v.* EUF. Masturbarse un home. *Ala, agora a facer un cinco contra un, ha, ha.*
280. **facér un traballo (que ninguén pode facer por un).** *l.v.* EUF. Ir ao cuarto de baño. *Veño agora que vou facer un traballo que nadie pode facer por min.*
281. **facér lle a cama a** [alguén]. *l.v.* Prepararlle unha trampa, unha emboscada, a alguén. *Os do seu propio partido fixéronlle a cama, mentras non o botaron.*
282. **facér lle a pelota a** [alguén]. *l.v.* Adular a alguén dicindo ou facendo cousas coa intención de conseguir algo. *Xa está a outra facéndolle a pelota ao pai pa que lle deixe ir de festa.*
283. **facér lle a rosca a** [alguén]. *l.v.* Saber convencer ou adular a alguén dicindo ou facendo cousas coa intención de conseguir algo. *Que vaia o Mario alí que el sabe facér lle ben a rosca a teu pai.*
284. **facér lle as beiras a** [alguén]. *l.v.* Cortexar a alguén. *O Manolo, o fillo do Alvarito, anda aí a facér lle as beiras á Cloti, pero nada.*
285. **facér lle mal á comida a** [alguén]. *l.v.* Molestar ou enfadar a alguén cando está a comer ou hai pouco que comeu. *Por Dios, Argentina, non me fagas mal á comida! Déixame tranquilo!*
286. **facér lle un traxe a** [alguén]. *l.v.* EUF. Criticar a alguén. *No, vaia traxe lle fixeron esas ao Casimiro cando saliron da misa.*

287. **facerse un home / facerse unha muller.** *l.v.* Medrar, madurar e comportarse coma unha persoa adulta. *O teu fillo está feito un home e vestido así aínda máis.*
288. **falar** (dúas persoas) **ao oído / falar ao oído con** [alguén]. *l.v.* IRÓN. Falar seriamente. *Rite rite que logo imos falar ao oído os dous.*
289. **falar para o aire.** *l.v.* Falar sen que ninguén faga caso. *Eu debín falar pa o aire porque ninguén fai nada.*
290. **falar polos cóbados.** *l.v.* Falar moito. *Ai, mira que fala túa irmán. Fala polos codos. Faise un pouco aborrecida.*
291. **falar por catro.** *l.v.* Falar moito. *O viño subíuselle á cabeza. Hoxe fala por catro.*
292. **falar por non estar calado/a.** *l.v.* Falar por falar. Persoa que fala porque non está afectado polo que pasou e incluso, ás veces, dicindo cousas que non debe. *Ti que tes nada que dicir?! Está claro que falas por non estar calado.*
293. **falarlle na pel a** [alguén]. *l.v.* Falar desa persoa. *Xusto che estaban a falar na piel cando entraches pola porta.*
294. **faltarlle o aire a** [alguén]. *l.v.* Estar afogado por correr ou porque se vai desmaiar. *Ai, déixame, que me falta o aire.*
295. **faltarlle unha fervura a** [alguén]. *l.v.* EUF. Portarse como se se tivese unha deficiencia mental facendo parvadas. *Eres parvo ou que? Parece que che falta unha fervura.*
296. **ferverlle o cu a** [alguén]. *l.v.* VULG. Estar inqueda. *Que che pasa hoxe? Parece que che ferve o cu. Para un pouco.*
297. **ferverlle o sangue a** [alguén]. *l.v.* IRÓN. COL. Alterarse ou encabuxarse por algo. *Ese home solo fai andar ás voltas e non fai nada. Ai, miralo así con todo o que hai que facer, fêrveme o sangue.*
298. **fiarse en Deus.** *l.v.* COL. IRÓN. Desconfiar. Aconsella non fiarse ou fixarse moi ben en quen se confía. *Ti pensas que eles van vir axudarche gratis? Ti fíate en Dios. / Ti fíate en Dios. Mira que el non é trigo limpio.*
299. **firmar o testamento.** *l.v.* HUM. Adormecer por mor do cansazo enriba da mesa despois de comer. *Mira pa a Rosa, está a firmar o testamento.*
300. **fumar coma un carreteiro.** *l.v.* Fumar moitísimo. *Teu irmán fuma coma un carreteiro. Encende un pitillo co outro.*
301. **haber roupa ao sol / haber roupa tendida.** *l.v.* IRÓN. Haber persoas que poden escoitar algo que non queremos que escoiten. *Agora non cho podo dicir que hai roupa ao sol.*
302. **haber xente para todo.** *l.v.* Haber xente moi atrevida, disposta a calquera cousa. *Xa hai que ter cara para vir e dicirche iso. Desde logo, haiche xente pa todo.*
303. **haber/ter máis merda ca onde a fabrican/encargan.** *l.v.* VULG. Haber moita sucidade e lixo acumulado. *Ti miraches como ten esa habitación? Ten máis merda ca onde a fabrican.*
304. **ir a bo lado.** *l.v.* IRÓN. Acudir ou pedir auxilio á persoa ou ir ao lugar menos indicada. *-A Rosa non me axudou nada. -Non si. Esa si. Ponte á espera. A bo lado foches.*
305. **ir a bo lado.** *l.v.* IRÓN. Ir ou acudir a lugar ou persoa pouco indicado para algo. *Fócheslle pedir cartos a túa tía? No, a bo lado foches.*
306. **ir á corte e matalas a todas.** *l.v.* Vingarse. Utilízase cando non se lle ve saída ou solución a un problema. Indica vinganza ou ameaza. *Ou vamos todos ou vou á corte e mátoas a todas.*

307. **ir a mellor.** *l.v.* Mellorar. *Despois de Franco. Aí si. A vida xa empezou a vir a millor.*
308. **ir a peor.** *l.v.* Empeorar. *Con estes políticos cada día imos a pior.*
309. **ir a Vigo por ver Cangas.** *l.v.* Non lograr facer o que pensaba, ir en balde a un sitio. *-Fun ás Neves e non puíden arreglar o do banco porque non levei o carné. -Vaia, entón foches a Vigo por mirar Cangas.*
310. **ir para vellos.** *l.v.* Envellecer. *Ímosche pa vellos e os anos non perdonan.*
311. **ir pola mesma estrada.** *l.v.* COL. Ter a mesma opinión sobre algo. *Eu vouche pola mirma carretera. Tes razón.*
312. **ir/andar ás mozas.** *l.v.* Mocear. *Ti xa eres un home feito e dereito con pelos no peito. Agora xa tes que empezar a ir ás mozas.*
313. **ir/estar na oficina de emprego.** *l.v.* EUF. Ir ou estar no baño. *Agora non pode vir que está na oficina de emprego.*
314. **irille á pel a** [alguén]. *l.v.* EUF. Zoscarlle. *Onte fóronlle á piel ao teu veciño. Anda a meterse onde non debe.*
315. **irille polo camiño vello a** [alguén]. *l.v.* Obstruírselle a gorxa a alguén con algo que comeu ou bebeu. *Vaia, foi che polo camiño vello. A verdá é que é mui molesto.*
316. **írselle a pinza a** [alguén]. *l.v.* COL. Facer algo fóra do normal e de forma irracional. *Ti como metes a fruta no bolso? Mira como puxeches os papeles. Váiseche a pinza ou que?!*
317. **írselle o santo ao ceo a** [alguén]. *l.v.* Esquecerse de algo. *Que raro que non chamara miña nai aínda. Debéuselle ir o santo ao ceu.*
318. **írselle/marchárselle a cabeza a** [alguén]. *l.v.* 1. Estar mareado, andar cambaleando e incluso caer. *Ui, voume sentar un pouco que parece que se me vai a cabeza.* 2. Padecer trastornos mentais temporais algunha persoa. *A ela agora váiselle a cabeza por veces e non fala ben.*
319. **lavarlle a cabeza/cerebro a** [alguén]. *l.v.* Convencer a alguén de algo que antes non cría. *Eses de Jeová debéronlle de lavar a cabeza.*
320. **lavarse por parroquias.** *l.v.* IRÓN. Lavarse por partes. *A min gústame lavarme por parroquias porque parece que quedo máis limpo, ha, ha.*
321. **ler moito o periódico.** *l.v.* Pasar fame. Estar esfameado. *As ouvellas da Gallosa len moito o periódico. Dios, nó tanselle as costillas.*
322. **lerlle a cartilla a** [alguén]. *l.v.* EUF. Discutir con alguén poñéndolle as cousas ben claras. *Ai, leulle a cartilla ben lida que ela marchou chorando.*
323. **levantar cabeza.** *l.v.* Mellorar ou prosperar a partir dunha mala situación. *Ese non levanta cabeza. Ela déixao e logo volve beber. É sempre a mirma historia.*
324. **levar ao rego.** *l.v.* COL. Encamiñar. *Non hai quen o leve ao rego. É terquiño coma el solo.*
325. **levar dereito coma un carballo** [alguén]. *l.v.* Educar de forma estrita os fillos levándoos polo camiño que se considera máis correcto. *Eles teñen que saber cando poden e cando non poden. Hai que lle dar unha de cal e outra de arena. Teñen que levalo dereito coma un carballo. Si non, dentro de nada tes un porquiño.*
326. **levar no cu.** *l.v.* COL. Amolarse. *Foi onda o padriño a ver se lle daba algo pero levou no cu.*
327. **levar no sangue** [algo]. *l.v.* Facer o mesmo que fan os seus proxenitores ou parentes. *Amosa a herdanza e determinismo xenético das persoas que*

- fan o mesmo ca os seus proxenitores e incluso devanceiros. Tamén pode ser que actúe así porque naceu para iso. *O de ser tratante. Iso xa o leva no sangue derde pequeno.*
328. **levar os dentes.** *l.v.* Estar moi frío/a. *Buuu, esta agua que collín na nevera leva or dentes.*
329. **levar un chasco.** *l.v.* Sufrir un desengano. *Eu leveiche un chasco de carallo con esa rapariga. Desde logo que aparentaba unha cousa e saliu outra.*
330. **levar/ter máis capas (enriba) ca unha cebola.** *l.v.* Levar moita roupa enriba. *Mi ma! Pero ti canta roupa traes? Unha camiseta, unha camisa, un jersey, unha chaqueta, unha cazadora. Mi madriña, tes máis capas ti ca unha cebola.*
331. **limpar a vista.** *l.v.* IRÓN. Recrearse vendo algo fascinante. *-Ti que fas mirando pa eses homes? -Déixame limpar a vista.*
332. **mallar auga.** *l.v.* Chover moito. *Tan pronto pare o aire, vai mallar agua que verás.*
333. **mandar un fax / escribir un fax.** *l.v.* EUF. Ir ao cuarto de baño. *Rafael foi enviar un fax e xa vén.*
334. **marear a perdiz.** *l.v.* Andar a enredar con algo para perder tempo. *Andas a marear a perdiz?*
335. **marearlle a cabeza a [alguén].** *l.v.* Ser unha persoa teimuda e moi pesada. *Ai, dixelle que me deixaras en pas. Todo o día a marearme a cabeza. Eres pior ca unha promesa.*
336. **mesturar allos con bugallos/cebolas.** *l.v.* COL. Mesturar cousas moi distintas. *Ti botaches todo aí pa dentro ao montón. Así mesclaches todo, allos con mugallos.*
337. **meter a man no lume por [alguén].** *l.v.* Arriscar e confiar moitísimo en alguén. *Eu non meto a man no lume por nadie.*
338. **meter a pata (ata o fondo).** *l.v.* Trabucarse (moito). *Creo que volvín meter a pata ao dicir iso.*
339. **meter no mesmo saco [algo ou alguén].** *l.v.* Considerar iguais varias cousas ou persoas, tratar de igual modo varias cousas ou persoas. *Eh, a min non me metas dentro do mirmo saco que eu non dixen nada diso nin penso así.*
340. **meter o barco nas pedras.** *l.v.* Facer algo mal. Meterse en dificultades. *Manolo, teña cuidado co que vai dicir: Non meta o barco nas pedras.*
341. **meter o can na mouta.** *l.v.* Meter a alguén nunha lea. *Ti, meteches o can na mouta, agora sácalo. Se non estiveras calado.*
342. **meter o cazo.** *l.v.* Aproveitarse da ocasión e coller diñeiro de forma fraudulenta. *Eses que están aí, todos meten o cazo. (refírese aos políticos do Parlamento)*
343. **meter o nariz (onde non (se) debe).** *l.v.* Andar a fisgar en cousas que non son da súa incumbencia. *Si, á Maribel gústalle muito meter o nariz na casa dos demais.*
344. **meterlle a man na boca a [alguén].** *l.v.* COL. Avivalo. *A Asunción parece que nunca rompeu un plato pero ti mételle a man na boca e verás.*
345. **meterlle gato por lebre a [alguén].** *l.v.* Enganar alguén. *Foron comer marisco da ría e conóceno ben. Cando o camarero llo truxo, fíxollo levar de volta. Queríalle meter gato por lebre.*
346. **meterlle o voto na man a [alguén].** *l.v.* IRÓN. Darlle un político un sobre

- coa papeleta do seu partido a alguén manipulando a decisión individual da persoa e o resultado da votación. *O alcalde gana por eses vellos que amenazan con sacarlle a paga, que os levan ao colegio electoral e lle meten o voto na man.*
347. **meterlle polos ollos** [algo]. *l.v.* Facer que alguén realice algo en contra da súa vontade. *Dios, metíanos as cousas hasta polos ollos. Tiñas que comer aínda que non quixeras. Se non, ala, pa o calabozo.*
348. **meterse** (un son estraño ou unha persoa cun aspecto moribundo) **nun**. *l.v.* COL. Facer unha cousa estremecer alguén provocándolle medo. *Ese can non para de ouvear. Parece que se mete nun. Fódase.*
349. **meterse en camisas de once varas**. *l.v.* Meterse nunha enleada, nunha situación que non é quen de afrontar. *Ai, andas a meterte en camisas de once varas. Agora, jódete.*
350. **meterse na vida de** [alguén]. *l.v.* Fisgar na vida e nos asuntos doutra persoa. *Aquí a xente ten unha manía de meterse na vida dos demais. Si se metera na súa.*
351. **meterse polos ollos**. *l.v.* Ser excelente, de moi boa calidade. *A Sonia tiña uns peixes que se metían polos ollos. Si señor.*
352. **mexar fóra do penico**. *l.v.* VULG. Facerse adulto, medrar. *Ah, mira pa ese pimpín, xa quere mixar fóra do pinico.*
353. **mexarse/cagarse de medo / mexarse/cagarse co medo**. *l.v.* VULG. Ter moito medo. *-Ai, que susto. -Si, a ver se te vas mixar co medo.*
354. **mexarse/morrer de/coa risa / mexarse/morrer de/coa risa**. *l.v.* VULG. Rirse desmesuradamente. *Ai, moito rimos hoxe co Casimiro. Casi nos mixamos coa risa. Empezou a meterse co Alberto. Ai, eu non podía parar.*
355. **mirar para o seu peto**. *l.v.* Ser egoísta. *Con esa Julia, hai que ter un cuidado... É falsa coma as pesetas. Solo mira pa o seu bolsillo.*
356. **mollar os dentes**. *l.v.* Probar a comida. *Si, foron ao balneario pero a comida escaseaba. Dábanlle aquel pouquiño e listo. Solo lle daba pa mollar os dentes.*
357. **morder coma un can**. *l.v.* COL. Morder vorazmente, coma se fose un can. *Mi ma, ese rapás morde coma un can.*
358. **mover o cu**. *l.v.* VULG. Avivar. *Veña, move o cu, que imos chegar tarde.*
359. **mover o esqueleto**. *l.v.* Bailar. *Ah, ao Alvarito gústalle ir á Reina a mover o esqueleto con aquelas vellas, ha, ha.*
360. **nacer co cu apertado**. *l.v.* PEX. Ser unha persoa amarrada. *Ese xa debeu nacer co cu apertado que non dá nin un céntimo.*
361. **nacer de pé**. *l.v.* Ter moita sorte na vida. *Ti mira o que levan pasado esas raparigas. No, ti naceches de pé.*
362. **nacer en bo berce / nacer en boa cama**. *l.v.* Nacer nunha familia adiñeirada. *No, ese non che ten problema ningún que naceu en bo berce.*
363. **nacerlle o cu ao revés a** [alguén]. *l.v.* PEX. Ser unha persoa que anda a contra corrente e que non fai o que fan os demais. *-Eses fillos da Maribel non fan nadaña. Sonche señoritos. -Iso é que lle naceu o cu ao revés.*
364. **nin atar nin desatar**. *l.v.* Non decidirse, dubidar; ser persoa indecisa. *Ti pensas que vai a alí. Está aí que nin ata nin desata.*
365. **non as ter todas consigo**. *l.v.* Non ter todo a favor ou non estar seguro de

- todo de algo. *Hoxe non as teño todas comigo. Pola mañán morreume unha galiña e agora dous pitos.*
366. **non chegar o sangue ao río.** *l.v.* Non ser algo tan grave como se pensaba ou como parecía. *De momento aínda non chega o sangue ao río. Aínda non foi tan grave como dicías.*
367. **non chegarlle co que se ten na casa a [alguén].** *l.v.* IRÓN. Non ser suficiente. Dise da persoa que busca favores sexuais fóra do fogar ou da que ten moitas leas dentro dela e anda por aí de esmorga. *Ese vai todas as semanas de nenas. Non lle chega co que ten na casa.*
368. **non chupar o dedo.** *l.v.* IRÓN. COL. Non ser parvo. *-Mira quen vén alí. -Ai, si, pensaches que iba picar e que me ibas coller a tarta? Debes pensar que me chupo o dedo.*
369. **non coller nos pantalóns (coa/da alegría).** *l.v.* Estar moi alegre por algo e incluso alardear sobre o sucedido. *Olla, está que non colle nos pantalóns. Agora como ten coche novo...*
370. **non collerlle os cornos a [alguén].** *l.v.* VULG. Ser malcabido, que tropeza contra as demais persoas cando hai sitio de sobra para pasar. *Por que me empurras? Non che collen os cornos ou que?*
371. **non comer máis pan.** *l.v.* EUF. Morrer. *Esa galiña volveu escapar e desfixome outra ves o xardín. Esa non come máis pan.*
372. **non dar o brazo a torcer.** *l.v.* Ser teimudo ou teimuda nunha idea. *É duro de roer, eh. Sale ben ao pai. Non dá o brazo a torcer.*
373. **non dar o roto para o descosido.** *l.v.* IRÓN. Non ser suficiente. Usado para referirse a que algo é insuficiente para amañar algo que xa era problemático.
- No si, a onde vas con iso?! Paréceme a min que non che vai dar o roto para o descosido. Non che vai chegar.*
374. **non dar para máis.** *l.v.* EUF. IRÓN. Ser unha persoa de pouca intelixencia. *Ela é así, un pouco atolascada e xa non dá pa máis. Onde non hai, non se pode sacar.*
375. **non dar puntada sen fío.** *l.v.* IRÓN. Facer as cousas de forma interesada e intentando conseguir beneficio a cambio. *A Maricarmen Gil veu a onda a Lucha. Había de ser pa lle pedir o voto. Esa non dá puntada sin fío.*
376. **non deixar nin a sol nin a sombra [alguén].** *l.v.* Non abandonar baixo ningunha circunstancia. *A túa filla quérete pola vida. Nótase. Non te deixa nin a sol nin a sombra.*
377. **non dicir nin que esta boca é miña.** *l.v.* Non dicir absolutamente nada. *Como che sabía que a culpa fora del, non dixo nin que esta boca é miña.*
378. **non fiarse nin da propia sombra.** *l.v.* Ser (moi) desconfiado/a. *Eu xa non me fío nin da miña propia sombra.*
379. **non folgarlle o dente a [alguén].** *l.v.* EUF. COL. Non comer. *-A ti o dente non che folga. -E a ti a lingua.*
380. **non haber color.** *l.v.* Ser moi distinto. Non ter nada que ver. *De ir neste coche a ir naquel, haiche boa diferenza. Non hai color.*
381. **non haber máis volta (que darlle a [algo]).** *l.v.* Non haber posibilidade de discutir un tema que se dá por tratado. Expresión coa que se indica que un asunto está totalmente concluído ou que non ten outra solución. *Iso é que quería que lle axudara na vendima e agora xa a largou. E non hai máis volta. É un aproveitado.*
382. **non haber/ter collóns.** *l.v.* VULG. Non ser capaz de. Desafia a quen se lle di

- para que faga algo que non se atreve a facer. *Non hai cojones de collerllo. Covarde!*
383. **non lle cagar un pisco/mosca a** [alguén]. *l.v.* HUM. VULG. Estar impoluto, moi limpo e coidado. *Ten o coche que non lle caga un pisco. E el anda que non lle mexa unha galiña.*
384. **non lle coller a ansia/alegría no corpo/peito a** [alguén]. *l.v.* Ter moitísima ansia ou alegría. *Ten unhas ganas de baixar do coche que non lle colle a ansia no corpo.*
385. **non lle coller unha agulla no cu a** [alguén]. *l.v.* VULG. Estar moi alegre ou terse por superior aos demais. *Desde que a filla é avogada, non lle colle unha agulla no cu e non hai quen lle diga nada. Logo contesta.*
386. **non lle mexar unha galiña a** [alguén]. *l.v.* HUM. VULG. Ter moita chulería. *Ten o coche que non lle caga un pisco. E el anda que non lle mexa unha galiña.*
387. **non lle parar o corpo na cama a** [alguén]. *l.v.* Estar inquieto porque non acouga e non é capaz de aguantar moito tempo na cama. *Foi durmir unha sesta pero el logo se levanta que a el non lle para moito o corpo na cama.*
388. **non pagar as zapatillas que gasta.** *l.v.* IRÓN. Ser moi pouco rendible economicamente. Non pagar a pena facer algo porque o beneficio non compensa o gasto. *Digoche eu que compensa mellor comprar unha toura ca manter esas ouvellas todas. Digoche que non pagan as zapatillas que gasto con elas.*
389. **non pasar os anos por** [alguén]. *l.v.* Conservarse ben. *A Carolina non pasan os anos por ela. Estache igual ca fai oito anos.*
390. **non pintar nada.** *l.v.* Sobrar, estar de máis. *Vai fritir churros por aí adiante. Aquí non pintas nada.*
391. **non poder (nin) coa alma/cos collóns/coa cona.** *l.v.* COL. Estar moi canso. Derreado. *Ai, que día. Todo o día a traballar. Dentro dun pouco xa vou pa a cama que non podo coa alma.*
392. **non quedar nin o apuntador.** *l.v.* Non ficar ninguén en algures; que todas as persoas se van ou morren, sen excepción. *Morreu o Adolfo Suárez. Está claro que ante a morte somos todos iguais. Aquí non queda nin o apuntador.*
393. **non querer nada con** [alguén]. *l.v.* Non querer manter relación ou contacto con alguén. *Quita pa alá! Eu cos gitanos non che quero nada.*
394. **non regular.** *l.v.* EUF. Non pensar ben as cousas antes de facelas ou facelas mal, como cadra. Dise da persoa que realiza accións anormais ou ilóxicas. Que non está moi ben da cabeza. *O fillo da Vita andaba sin roupa por onda os contenedores da basura. Pa min que non regula moito.*
395. **non saír dela.** *l.v.* Non ser capaz de saír dunha mala situación provocada por problemas de saúde, económicos, sentimentais... *Ai, Prin, aínda tes así esa ourelliña? Miña pobre. Ti tamén, non sales dela.*
396. **non saír do que él.** *l.v.* Non medrar ou non prosperar. *Eses pitos non salen do que son. Parece que teñen o demo no corpo.*
397. **non saír dunha para meterse noutra.** *l.v.* Ir de lea en lea. *Esa aínda a semana pasada tiña o lío que tiña aí co ex e xa anda con outro. Haiche xente que non sale dunha pa meterse noutra.*



398. **non saír nunca da casa.** *l.v.* PEX. Ser ignorante. *Saberá esa o que é bo ou o que é mala. Si nunca saliu da casa.*
399. **non ser ben.** *l.v.* EUF. Ter algún tipo de atraso ou deficiencia psíquica. Dise dunha persoa pouco espelida e que normalmente padece algún tipo de deficiencia mental. *Ao Tino non se lle pode facer moito caso. El non é ben.*
400. **non ser moco de pavo.** *l.v.* COL. Non ser algo insignificante, senón importante. *Ganar dous campeonatos do mundo e tres copas europeas non é moco de pavo.*
401. **non ser palla.** *l.v.* IRÓN. Non ser calquera cousa. *Ese home perdeu douscentos mil euros na lotería que non é palla.*
402. **non ser para** [alguén]. *l.v.* Non ser o seu destino. Indica de xeito determinista o camiño irrevogable do sino. *Si non te colleron a ti é que xa non era pa ti.*
403. **non ser quen pinta.** *l.v.* IRÓN. Enganar as aparencias; non ser o que parece. Persoa que aparenta o que non é. *Ese non che é quen pinta. Parecía tranquilo pero mira como se puxo. E por unha tontería.*
404. **non ser trigo limpo.** *l.v.* PEX. Non ser unha persoa na que se poida confiar. *Ti fíate en Dios. Mira que el non é trigo limpo.*
405. **non soltala** (a borracheira). *l.v.* COL. Estar continuamente bébedo/a e enfiar unha borracheira detrás doutra. *Ese aínda non a soltou. Mira que cara ten.*
406. **non ter avoa.** *l.v.* IRÓN. Gabarse moito a si mesmo. Autoaloarse. *Quen te escuite pensará que non tes abuela.*
407. **non ter cara para levar unha hostia.** *l.v.* PEX. VULG. Ser unha persoa miúda de corpo ou á que se quere desafiar. *Que tes? Tes algún problema? Que non tes cara pa levar unha hostia.*
408. **non ter espiñas/ósos.** *l.v.* IRÓN. Ser unha comida doada de comer á que alguén lle está a poñer peros. *Boh, iso cómese ben que non ten espiñas.*
409. **non ter espírito ningún.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa desganada, sen ansia, débil.. *-Ese home fala e non ten espírito ningún. Dá unha gana de ir alí e espabilalo...!*
410. **non ter nin para pebidas.** *l.v.* Non poder permitirse nin un pequeno gasto. *E a onde queres ir que non truxen a carteira? Hoxe non temos nin pa pipas.*
411. **non ter nin pés nin cabeza.** *l.v.* Ser totalmente caótico, desordenado. Non ter sentido algo. *Iso que fixeches aí non sabes nin ti o que é. Iso non ten nin pés nin cabeza.*
412. **non ter nin xeito nin dereito.** *l.v.* Non ter razón de ser, non ter lóxica. *Ten unha maneira de facer as cousas. Despois sempre monta líos. Ademais o que di non ten nin xeito nin dereito.*
413. **non ter onde caer (morto).** *l.v.* Non ter recursos económicos. *Ese fillo da Pelada, cando lle falte a nai, non vai ter onde caer morto.*
414. **non ter onde levalas/non ter onde levar unha/s hostia/s.** *l.v.* PEX. VULG. Ser miúdo de corpo. *Ai, éche xa un homiño, xa ten onde levalas.*
415. **non ter outra cara.** *l.v.* Non cambiar. Referido a un día no que está mal tempo e que non parece que cambie. Así e todo, tamén se pode aplicar a persoas malencaradas ou moi serias. *-Vaia, día, non ten outra cara, leva toda a mañán a chover e non parece que pare pola tarde. Hoxe, non poderemos facer nada. -Si, xa o dicían os vellos: Un sábado a chover é coma un ladrón a beber.*
416. **non ter papas na boca.** *l.v.* Falar sen ningún tipo de censura nin impedimento.

- Ese si que di a verdá. Fala que non ten papas na boca.*
417. **non ter para pan e comprar estampiñas.** *l.v.* Gastar en cousas innecesarias tendo necesidades básicas. *E ese pa que quere esa tremenda televisión? No, non temos pa pan e compramos estampitas.*
418. **non ter parada.** *l.v.* Ser unha persoa inqueda. *Ese neno non ten parada. É un fervillico.*
419. **non tremelle a voz a** [alguén]. *l.v.* Dicir as cousas con firmeza e franqueza. *Oe, díxolle que non o quería e non lle temblou a voz pa nada.*
420. **non valer (nin) para limpar o cu.** *l.v.* VULG. Non valer para nada. *No, si, vaia teléfono. Iso non vale nin pa limpar o cu. Tira con iso.*
421. **non ver** [algo ou alguén] (**diante**). *l.v.* IRÓN. 1. Non soportar algo ou alguén. *Téñolle tanta rabia que non o vexo diante.* 2. Estar farto de algo. *Ai, levo toda a mañán a lavar botellas. Xa non as vexo diante.*
422. **non ver un burro a dous/tres/catro pasos.** *l.v.* Ver moi pouco. *Con esta niebla non miro un burro a tres pasos. Teño que ir máis amodo aínda.*
423. **pagarlle coa mesma moeda a** [alguén]. *l.v.* Devolver o mesmo trato recibido ou dado. Pagamento xusto da vinganza sobre alguén que se meteu primeiro. *Pagoulle coa mirma moneda. Nin máis nin menos. Que non se queixe.*
424. **parecer a obra do Escorial.** *l.v.* IRÓN. Parecer un traballo interminable, moitas veces, porque vai lento e non avanza. *Aínda estás con esas cortinas? Mi ma, parece a obra do Escorial.*
425. **parecer pai/nai e fillo/filla.** *l.v.* Seren moi parecidos. *Ti mira que dous. Parecen pai e fillo.*
426. **parecer que nunca viu xente.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa ou animal que non sabe comportarse cando hai persoas diante, ben mostrando medo, ben mostrando un non saber estar. *Mi ma, esas ouvellas escapan como si miraran o lobo. Parece que nunca miraron xente.*
427. **parecer que ten papas na boca.** *l.v.* Falar case tateando. *Eu non sei o que di. Fala que parece que ten papas na boca.*
428. **parecer un baño de auga / estar nun baño de auga.** *l.v.* Estar empapado en suor. *Sácalle ese jersey ao rapás que parece un baño de auga.*
429. **parecer un enterro/velorio.** *l.v.* Estar en absoluto silencio sen motivo aparente onde se podería falar ou facer algo de ruído.. *-Dios, podes falar un pouco que isto parece un enterro. -Pa que? Xa sabes que ovella que berra, bocado que perde.*
430. **parecer un odre.** *l.v.* PEX. Mostrar malos modais na comida. Persoa ruda e con moi poucos modais á hora de comer. *Mira pa aí, parece un odre a comer.*
431. **parecer un pau de virar as tripas.** *l.v.* Estar moi delgado. *Ese Saúl cada día está máis delgado. Ai, agora parece un pau de virar as tripas.*
432. **parecer un paxariño.** *l.v.* Estar unha persoa moi débil ou debilitada por unha enfermidade. *Ai, ese Benito está que parece un paxariño. A muller é a que o move coa grúa, a que o limpa. Pa estar así, eu preferiría morrer.*
433. **parecer un saco sen fondo.** *l.v.* IRÓN. Ser bo comedor. Persoa que come continuamente grandes cantidades de comida. *Para un pouco que parece un saco sin fondo. Onde vai que xa acabamos nós e ti aínda sigues. Mi ma.*

434. **parecer/ser do cedo.** *l.v.* EUF. Ser unha persoa que fai cousas anormais ou infantís; con esta locución estáselle reprochando tamén un atraso mental. *Ti! Como meteches o gato na cociña? Pareces do cedo.*
435. **partir as pernas (a correr).** *l.v.* COL. Correr desesperadamente. *Corría que batía coas pernas no cu pola costa abaixo pensando que viñan detrás del.*
436. **pasar a mellor vida.** *l.v.* EUF. Morrer. *Hubo dous pitos que xa pasaron a millor vida.*
437. **pasar pola pedra [alguén].** *l.v.* 1. EUF. Manter relacións sexuais con. *No, esa ten unha fama de carallo. Ao parecer pasou a toda a Chan pola pedra.* 2. Tamén pode referirse a pasar alguén por unha situación que non quería ou desexaba. *Ao final pasou pola pedra. Non quería facelo pero o pai obrigouno.*
438. **pasarlle a [alguén] coma ao burro do xitano (que, cando se acostumou a non comer, morreu).** *l.v.* HUM. Morrer por falta dunha boa alimentación. Denuncia a morte por deshidratación e negligencia, ás veces, de forma humorística. *A esa galiña pasoulle coma ao burro do gitano que, cando se acostumbrou a non comer, morreu.*
439. **pasárselle o arroz a [alguén].** *l.v.* Superar a idade ideal para facer determinadas cousas na vida, como casar. *Ese? A onde vai ese que xa se lle pasou o arrós que xa ten casi 60 anos.*
440. **pechárselle as persianas a [alguén].** *l.v.* HUM. Pechar os ollos por ter moito sono. *Eh, vai pa a cama, que se che pechan as persianas.*
441. **pedirlle permiso a unha perna para mover a outra.** *l.v.* IRÓN. Andar como se dese moito traballo ou se se estivese moi canso. Díselle a unha persoa moi preguiceira e moi tranquila. *Mira que é tranquilo eh, parece que pa andar unha perna ten que lle pedir permiso á outra.*
442. **pegarlle un tiro ao traballo.** *l.v.* Non gustar traballar. *No, me parece a min que ti pégaslle un tiro ao traballo de carallo.*
443. **pegarse ao corpo.** *l.v.* Ser moi bo para a saúde e ser moi saboroso. Fai referencia a unha comida ou bebida que está moi saborosa. *Este viño si que se pega ao corpo.*
444. **pegárselle as sabas a [alguén].** *l.v.* IRÓN. Quedar durmido/a. Emprégase cunha persoa que chega ou chegou tarde a un sitio para reprocharlle que se atrasou por estar na cama. *Que?! Pegáronseche as sábanas? Non quedamos ás 9?*
445. **pensar na morte da burra.** *l.v.* HUM. Estar abstraído, estar despistado, non prestar atención ao que o rodea. *En que pensabas cando fixeches iso? Estabas a pensar na morte da burra?*
446. **perder o sentido.** *l.v.* Facer cousas estrañas. *Esa muller perdeu o sentido. Ti mira onde puxo as zapatillas.*
447. **perder os papeis.** *l.v.* EUF. Perder o control de si mesmo. *Chegou un momento no que xa non podía máis e perdeu os papeles. Mi ma. Como se puxo.*
448. **perderse pola boca.** *l.v.* Dicir sandeces ou falar de máis. *Esa muller pérdese pola boca. Conta a súa vida nun vira vira.*
449. **pisarlle o rabo a [alguén].** *l.v.* COL. Cabrear unha persoa. Dicir ou facer algo que a moleste para ver o seu límite de paciencia. Normalmente dise das persoas que son tranquilas ou aparentan ser calmosas pero que

- amosan moi mal xenio cando están anoxadas. *Si, parece tranquila, pero ti písalle o rabo e verás.*
450. **píscarlle a reserva a** [alguén]. *l.v.* COL. Ter sede ou fame. *Vou beber algo que xa me pisca a reserva.*
451. **pór a caer dun burro** [alguén]. *l.v.* COL. Falar mal de a alguén, botar unha boa reprimenda. *Ai, si escuitas a Piujau a falar da irmán. Púxo a cair dun burro.*
452. **pór a caldo** [alguén]. *l.v.* COL. Recriminarlle algo duramente a alguén. *Ah, eu que che dixen. Eu xa che dixen que túa nai ibate pór a caldo.*
453. **pór a parir** [alguén]. *l.v.* COL. Criticar duramente a alguén. *A verdá é que o puxo a parir e non o conoço de nada. Eu alucino.*
454. **pór fino a** [alguén]. *l.v.* Avivar a alguén ou chamarlle a atención. *Ti mexa aí outra ves; verás como te poño fino. (Dito a un can)*
455. **pór un pé aquí e outro alá.** *l.v.* Ir rápido a un sitio. *Vai buscar á Buraquiña un bote de flis das moscas. Pero rápido, tes que pór un pé aquí e outro alá que hai que marchar.*
456. **pór unha receita.** *l.v.* HUM. Multar. *Hoxe foi a Vigo, apartou mal e xa lle puxeron unha receta. Ala cincuenta euros. E menos mal que non lle sacaron ningún punto.*
457. **pór/estar dos nervios.** *l.v.* Alterarse ou estar alterado. *Sáleme de aquí que me pos dos nervios.*
458. **pórllle a man enriba a** [alguén]. *l.v.* EUF. Zoscarlle. Darlle unha malleira. *Prefiro marchar antes de lle pór a man enriba. Neste caso, unha retirada a tempo é unha vitoria. Non vaia ser que despois teña que pagarlle unha paga de por vida.*
459. **pórllle peros/pegas a** [algo]. *l.v.* Buscarlle defectos. *Ti tamén! Poslle peros a todo. Jesús!*
460. **pórse colorado (coma un tomate).** *l.v.* Ruborizarse. *A verdá é que ti e a Jesi facedes mui boa parexa. Non fai falta que te poñas colorado.*
461. **pórse teso/a.** *l.v.* Enfrontarse a alguén. *Ai, ela púxose tesa. Pero eu cheguei para ela!*
462. **prender coma as silvas.** *l.v.* HUM. Pararse a falar a cada pouco e con calquera. *Ese Manolo prende coma as silvas. Así é que non dá chegado á casa desde a hora que saliu.*
463. **quedar coa palabra na boca.** *l.v.* Non ser capaz de responder. *Botoulle unha recresta que non foi capás de dicirlle nada. Quedou coa palabra na boca.*
464. **quedar coma un capitán/Pepe.** *l.v.* Quedar cheo nunha comida. *Ai, eu como unha lamprea enteira e quedo coma un capitán.*
465. **quedar con cara de parvo.** *l.v.* COL. Atoparse nunha situación na que un queda con cara de sorprendido. *Cando che demos o regalo quedouche cara de parvo.*
466. **quedar en auga de bacallau.** *l.v.* COL. Quedar en nada. Refírese a algo que parecía grave pero que pasou a ser algo totalmente insignificante. *Tanto lio e, ao final, quedou todo en auga de bacalao.*
467. **quedar feito un feixe / quedar nun feixe.** *l.v.* COL. Quedar nun montón todo desmontado. *O coche quedou nun feixe. Non valeu pa nada. Déronllo por siniestro. Agora, daranlle outro ou o diñeiro pa que compre outro.*
468. **quedar pegada a chuvia.** *l.v.* Non chover despois de predicir que o faría. *Dise cando a predición meteorolóxica*

- anuncia moita chuvia e despois só choven unhas pingueiras. *-Daba tanta chuvia e solo caíron unhas gotas. -Iso é porque quedou pegada a chuvia.*
469. **quedar sen o santo e sen a esmola.** *l.v.* Perdelo todo. *O profesorado Celga tanto protestou pola situación laboral que agora a Xunta xa non os quere. Quedaron sin o santo e sin a limorna.*
470. **quitar pelos dunha perna e metelos/espichalos na outra.** *l. v.* COL. HUM. Non estar facendo nada, estar ocioso. *-Que fago mentras non chegan? -Pois quitas pelos dunha perna e méteos na outra.*
471. **quitar/ter o dente da fame.** *l.v.* Saciar a fame unha persoa que ten un apetito voraz e come de forma descomunal e esaxerada. *Dios, para un pouco! Que parece que estás a quitar o dente da fame.*
472. **reventarlle a cabeza a [alguén].** *l.v.* COL. 1. Amolar ou molestar. *Non me rebentes a cabeza.* 2. Provocar dores de cabeza. *A min a música chumba chumba esa que poñen nas discotecas agora non me gusta nada. Rebéntame a cabeza.*
473. **remover/fozar (sempre) na (mesma) merda.** *l.v.* VULG. Falar continuamente de algún asunto pasado pouco agradable. *A ti débete gustar andar a fozar sempre na merda, non? Para de falar diso dunha ves.*
474. **repartir o mal polas aldeas.** *l.v.* Distribuír de forma equitativa algo que é escaso. *l.v.* *Este anaco de madeira non dá pa todo. Imos ter que repartir o mal polas aldeas.*
475. **revirarse os paxaros á escopeta.** *l.v.* PEX. Revelarse contra alguén superior. *Ah, mira como se pon o Trasnño. Ah, revíranse os paxaros á escopeta.*
476. **rir para o bolo.** *l.v.* IRÓN. COL. Rir de forma falsa, forzada e de mala gana. *Ai, ris pa o bolo. Vouche dar eu a ti.*
477. **rir por debaixo do nariz.** *l.v.* IRÓN. COL. Rir de forma falsa, forzada e de mala gana. *Ai, ris por debaixo do nariz. Malo.*
478. **rir por non chorar.** *l.v.* Rir de forma forzada cando se teñen máis motivos para chorar que para estar alegre. *Río por non chorar, sabes. Esta vida é unha basura.*
479. **saber \*lepe.** *l.v.* Saber moito. *-Saberá meter o coche alí? -Oh, sabe el lepe.*
480. **saber con que gando labra.** *l.v.* IRÓN. Coñecer ben a persoa ou persoas coas que se convive ou traballa. Tamén se lle di a alguén que nos alertou de algo sobre esas persoas e xa intuíamos que podía pasar. *-Teu pai quería ir á feira e túa nai foi pa a cama pa non ir. -Si, xa o sei, pero el ben sabe con que gando labra.*
481. **saber de que pé/perna coxea.** *l.v.* IRÓN. Saber os seus defectos. *Eu ben sei de que pé coxea. Que xa me dixo que lle gustaban moito as nécoras.*
482. **saber latín.** *l.v.* Ser moi vivo e perspicaz. *Ese Jalisco é tremendo. Non hai quen lla meta. Sabe el latín.*
483. **saber o que é bo (ou o que é malo).** *l.v.* 1. Saber distinguir o bo do malo. *Saberá esa o que é bo ou o que é malo. Si nunca saliu da casa.* 2. IRÓN. Darlle a alguén un escarmento. *Ven aquí, que vas saber o que é bo!*
484. **saber o que lle esqueceu ao demo.** *l.v.* Saber moito, ser moi astuto, normalmente por ter moita experiencia. *Ese, sabe el o que lle esqueceu ao demo. Mira que estivo trinta anos traballando no ayuntamiento de Salvaterra.*
485. **saber onde fere o zapato a [alguén].** *l.v.* Coñecer as limitacións ou o punto

- fraco, en canto ao carácter, xa sexan propias ou de alguén moi coñecido. *El ben sabe o que fai. Sabe de sobra ata onde pode chegar. Ben sabe onde lle fire o zapato.*
486. **sacar/tocar (unha boa) tallada de [algo].** *l.v.* COL. Obter beneficio de algo ou obtelo nun sorteo. *Ai, el cando che estivo no concello de alcalde sacouche unha boa tallada.*
487. **sacarlle as castañas do lume a [alguén].** *l.v.* Solucionarlle os problemas. *Eu non sei como fai ese Casimiro pero sempre hai alguén que lle saca as castañas do lume.*
488. **saír xa [algo] pola cabeza a [alguén].** *l.v.* Estar farto de algo. *Xa me sale atar e podar por aquí* (poñendo a man enriba da cabeza).
489. **saírlle a porca capada a [alguén].** *l.v.* Saír mal algo planificado. *El pensou que estaríamos todos alí pero solo estaba a muller; ha, ha. Saliulle a porca capada. Queríanos dar unha sorpresa e levouna el.*
490. **saírlle de dentro a [alguén]/saírlle da alma a [alguén].** *l.v.* 1. Dar a gana. *Non vou porque non quero. Non me sale de dentro. Vale?! 2. Facer algo por propia iniciativa. As cousas teñen que salir dela, teñen que salirlle de dentro.*
491. **saírlle mal a xogada a [alguén].** *l.v.* Saír mal algo planificado. *Pilloute. Saliuche mal a xogada.*
492. **saírlle o tiro pola culata a [alguén].** *l.v.* Saír mal algo planificado. *Ah, queríasmeme tirar das orellas, eh. Saliuche o tiro pola culata.*
493. **ser (a) hora.** *l.v.* Ser o momento esperado de algo. *Por fin! Xa era hora! Levo dúas horas esperándote.*
494. **ser (coma a) xente.** *l.v.* IRÓN. PEX. Comportarse como é debido. *Ese, se fora xente, xa non viña aquí.*
495. **ser (coma) uña e carne / ser (coma) carne e uña.** *l.v.* Seren dúas persoas moi moi unidas. *Esas son carne e uña. Viven xuntas, van ás Neves xuntas...*
496. **ser (como) a pescada que morde o rabo.** *l.v.* Ser situacións que se repercuten reciprocamente, de maneira circular. *Non hai traballo porque non hai cartos e non hai cartos porque non hai traballo. É como a pescadilla que se morde o rabo.*
497. **ser (un home) dos que mexan para diante.** *l.v.* VULG. Ser moi varonil e poderoso. *Mira que cando seas grande tes que ser un home dos que mexan pa diante.*
498. **ser (un(ha)) do carallo.** *l.v.* IRÓN. VULG. Ser mala persoa. *-A Marialús é rache unha do carallo, andaba con canto home había. Así que, non me digas que as mulleres son mellores ca os homes. -Ti di o que queiras pero o home e o can van a onde llo dan. Sempre foi.*
499. **ser a alma da festa.** *l.v.* Ser unha persoa divertida que se encarga de amenizar e animar as festas familiares ou amigables. *O Amancio é a alma da festa. Si falta el, alá vai.*
500. **ser a cara un poema.** *l.v.* Reflectir na cara os estados de ánimo de forma moi visible. Sobre todo dise cando alguén foi sorprendido ou cabreado. *Había un neno tirando cos zapatos e boteille unha bronca. A nai non me dixo nada pero debeu ser porque a miña cara debía ser todo un poema.*
501. **ser a hostia.** *l.v.* VULG. Ser gracioso ou listo. *Ese home é a hostia. Mira que rimos con el.*
502. **ser a vida de [alguén].** *l.v.* Ser o sustento ou dedicación vital dunha persoa. *Andar co camión dunha fábrica pa a outra, esa foi a miña vida.*

503. **ser bo/a mozo/a.** *l.v.* IRÓN. Ser mala persoa. *Noo, esa éche boa moza si. Fala duns e fala dos outros.*
504. **ser coma a noite e o día.** *l.v.* Seren moi diferentes. *Son irmáns pero son coma a noite e o día. Non ten nada que ver un co outro.*
505. **ser coma botarlle flores aos porcos.** *l.v.* VULG. Darlle algo a quen non o vai aproveitar. *Regaloulle un ordenador ao fillo que valeu 2000 euros. Pa min é coma botarlle flores aos porcos. Pa que quere el un ordenador así?*
506. **ser coma o can e o gato.** *l.v.* Pelexar continuamente. *Eses dous son coma o can e o gato. Botan todo o día a discutir e a pelexar.*
507. **ser coma o cego e o criado.** *l.v.* HUM. Ser dúas persoas que presentan os mesmos defectos e que anda unha sempre atrás da outra. *Aí vén a Maribel e o Juan. Sonche coma o cego e o criado. Sempre anda un ao rabo do outro.*
508. **ser coma o tempo.** *l.v.* Ter un carácter moi cambiante e variable. *Ti eres coma o tempo. Hai un pouco, querías ir e agora xa non queres. Eu non te entendo.*
509. **ser coma un pai para** [alguén]. *l.v.* Portarse moi ben con alguén, axudándoo e aconsellándoo da mellor maneira posible. *El pa min foi coma un pai. Sempre estivo aí e axudoume no que puido e sempre lle vou estar agradecido.*
510. **ser coma un xardín sen flores.** *l.v.* PEX. Non ter graza; faltarlle o fundamental. *Un home sin cornos é coma un xardín sin flores.*
511. **ser como Deus manda.** *l.v.* Ser boa persoa. *Se fora como Dios manda, non viña á casa da irmán a dicirle esas cousas.*
512. **ser como enfiar o cu dunha agulla.** *l.v.* Ser algo delicado ou incluso difícil de facer. *Facer isto é como enfiar o cu dunha agulla.*
513. **ser como hai/ten que ser.** *l.v.* Ser unha boa persoa, na que se pode confiar. *Se fora como ten que ser, non tiña os problemas que ten.*
514. **ser cousa de bruxas.** *l.v.* Ser unha situación estraña e misteriosa. Úsase para darlle explicación a un acontecemento que non a ten e que normalmente sucede de forma sobrenatural. *Eu non sei como puido entrar iso aí. Éche cousa de bruxas!*
515. **ser da mesma idea/\*calaña.** *l.v.* IRÓN. Ser dúas ou máis persoas que pensan igual, normalmente cun matiz irónico e negativo. *O Novas di que o Belarmino non é boa persoa pero eu creo que son os dous da mirma idea.*
516. **ser de/ter mala idea.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa mal intencionada ou de mal corazón. *Ese bicho éche de mala idea! Botou toda a broza por riba das verzas.*
517. **ser do que non hai.** *l.v.* Ser unha persoa exclusiva ou excepcional tanto positiva como negativamente. *Eres do que non hai. Estivemos aquí todos e preguntámosche si querías vir e agora dis que te deixamos atrás. Anda.*
518. **ser dos que tiran a pedra e esconden a man.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa que lle gusta montar lea pero manténdose á marxe ou marchando. *Xa, xa, ti non marches ou eres dos que tiran a pedra e esconden a man.*
519. **ser home dunha muller soa / ser muller dun home só.** *l.v.* Ser fiel. *Eu sempre fun home dunha muller sola. Non me gustou nin me tirou nunca andar por aí de can.*

520. **ser máis vago ca a chaqueta dun garda civil.** *l.v.* PEX. COL. Ser unha persoa moi preguiceira. *Aínda te ergueches agora? Eres máis vago ca a chaqueta dun garda civil.*
521. **ser mellor facerlle un traxe ca darlle de comer a [alguén].** *l.v.* HUM. Dar moito gasto de comida por comer moita cantidade. *E comestes unha lamprea entre os dous?! A vós é millor facervos un traxe ca darvos de comer.*
522. **ser o demo.** *l.v.* Díselle a quen se porta mal ou é moi picaro/a. *Eres o demo. Como te colla vaite pór fino.*
523. **ser o que trae a [alguén] a pé.** *l.v.* Ser o sustento. *-Imos tomar as pastillas que é o que nos trae a pé.*
524. **ser o seu problema.** *l.v.* Ser algo que non é da incumbencia nin do interese do falante sobre o que lle está a falar unha segunda persoa. *-Esas cabras do Juan están a caír. -Éche problema del, cada un, na súa casa, que faga o que queira.*
525. **ser para pouco.** *l.v.* EUF. Ser parvo. *Ti eres pa pouco. Quen che mandou facer iso?*
526. **ser pel e ósos.** *l.v.* Ser unha persoa moi delgada. *Mi ma! O que cambiou esa muller. Antes era piel e güesos.*
527. **ser peor ca unha promesa.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa moi pesada. *Ai, díxenche que me deixaras en pas. Todo o día a marearme a cabeza. Eres pior ca unha promesa.*
528. **ser peor o remedio ca a enfermidade.** *l.v.* Ser a solución a algo peor ca o problema. *Ela di que é millor mandalo pa un asilo porque estará millor cuidado pero non sei si será pior o remedio ca a enfermidade e igual dura menos. Non sei.*
529. **ser pesado coma a merda.** *l.v.* VULG. Ser moi teimudo/a. *Déixame en pas! Eres pesado coma a merda!*
530. **ser porco dúas veces.** *l.v.* COL. Ser moi porco un animal ou unha persoa. *Dios, ese porco é porco dúas veces. Sempre teño que sacarlle a merda da pía. É tan porco que caga todos os días dentro dela.*
531. **ser sen tempo.** *l.v.* IRÓN. Ser máis tarde do esperado ou do debido. *Por fin! Xa era sin tempo! Levo dúas horas esperándote.*
532. **ser tal para cal.** *l.v.* Ser moi parecidas dúas persoas, normalmente, dise por algo negativo. *Sonche tal para cual. Cando naceu o sapo naceu a sapa.*
533. **ser tan bo Xan coma Pirillán/Pedro.** *l.v.* Ser tan bo un coma o outro; ser tal para cal. *E que esperabas?, si é tan bo Xan coma Pirillán.*
534. **ser tan boa a burra coma quen a tangué.** *l.v.* Ser tan boa unha persoa coma a outra. *Me parece a min que é tan boa a burra coma quen a tangué.*
535. **ser todo oídos.** *l.v.* Prestar toda a atención posible. *A partir de agora solo che vou facer caso ao que dis ti. Veña, son todo oídos.*
536. **ser un can.** *l.v.* COL. Levar unha vida dominada polo vicio e o desenfreno e, moitas veces, asociada á falta de hixiene. *Ese éche un can de muito cuidado e non o parece.*
537. **ser un home feito e dereito (con pelos no peito).** *l.v.* HUM. Ser unha persoa adulta. *Ti xa eres un home feito e dereito con pelos no peito. Agora xa tes que empezar a ir ás mozas.*
538. **ser/pór un de cada pai.** *l.v.* Ser totalmente diferente (un do outro ou unha da outra). *Ti, en ves de pór dúas iguais, pos unha de cada pai.*
539. **soñar desperto.** *l.v.* Alucinar. Dicar cousas que non se adecúan á realidade. *E como vas comprar ese coche? Con que? Ti soñas desperto.*



540. **subirlle á cabeza a** [alguén]. *l.v.* 1. Provocar mareos ou comportamentos estraños e bebidas alcohólicas nas persoa. *O viño subíuselle á cabeza. Hoxe fala por catro.* 2. Adoptar unha actitude de chulería por algo favorable que pasou na súa vida e no seu estatus social. *Desde que ten coche, xa non fala coa xente. Subíuselle á cabeza.*
541. **tanto pasarlle o ferro a un ovo como fritir unha gravata.** *l.v.* COL. HUM. Ser unha persoa polifacética, saber facer de todo. *Ese dálle a todo. Tanto plancha un güevo como frite unha corbata.*
542. **taparlle a boca a** [alguén]. *l.v.* Responderlle de tal forma que quede sen opción a réplica. *Díxenlle que nós non ibamos máis con eles. Que foi unha vergonza. Oe, tapeille a boca quen non dixo nin que esta boca é miña. Así non conta máis trolas.*
543. **tela alí.** *l.v.* Estar escrito, predestinado. Explicación para alguén que morreu de forma imprevista, normalmente, de accidente. Ademais engade unha visión determinista da vida. *-Sabes que Marcos tivo un accidente e morreu? A verdá é que foi algo moi raro. -Xa, tiñaaa alí.*
544. **ter (aínda) a casca do ovo pegada no cu.** *l.v.* COL. Ser inmaturo. *A onde vas ti? Pimpín. Que aínda tes a casca do güevo pegada no cu.*
545. **ter (sempre) a última palabra.** *l.v.* Ser o último en falar e ter sempre máis que dicir pretendendo ter sempre a razón nas discusións. *Aah, eres a hostia. Sempre tes que ter a última palabra.*
546. **ter** [algo] **na punta da lingua.** *l.v.* Saber algo pero non lembrarse no momento. *Aah, téño na punta da lingua pero non me sale. Pero eu sei como se chama.*
547. **ter a color dos peidos.** *l.v.* VULG. Estar pálido. *Que che pasa? Tas pálido. Tes o color dos peidos. Tas malo ou que?*
548. **ter a lingua de trapo.** *l.v.* PEX. Ser un falabarato/a. *Ti que tiñas que dicirlle nada a teus tíos? Tes unha lingua de trapo que vamos. Xa non che volvo contar nada.*
549. **ter a merenda feita.** *l.v.* Ter a falcatruada feita. *Cando chegamos, xa a Prin tiña a merenda feita. Rillara os calcetíns e as zapatillas.*
550. **ter a solitaria.** *l.v.* Estar moi delgado/a. Persoa que come moito e é moi delgada. *Co que come e mira como está. Parece que ten a solitaria.*
551. **ter algo.** *l.v.* EUF. Ter algún tipo de atraso mental ou defecto físico. Dise dunha persoa pouco espelida e que normalmente padece algún tipo de deficiencia mental ou física. *Ao Tino non se lle pode facer caso. El ten algo.*
552. **ter as mans moi longas.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa que lle bota a man a todo de forma indiscriminada e mostrando falta de educación. *Ten usté as mans mui largas. Volva pór o vaso no seu sitio.*
553. **ter bo problema.** *l.v.* IRÓN. Non ter problema ningún ao respecto. *O Cristiano Ronaldo si. Tenche el bo problema. Ti mira que coche ten e o que ha de ter nun deses paraísos fiscais.*
554. **ter cara para** [algo]. *l.v.* PEX. Ser capaz ou non ter vergoña para facer algo. *Ese! Ten cara para iso e para moito máis! É un maleducado. Eu non sería capás, non tería cara de volver á casa despois de facer o que el fixo.*
555. **ter conta con** [alguén]. *l.v.* Ter precaución, coidado. *Non! Co gitano vello hai que ter conta. É fodido!*
556. **ter dous dedos de fronte.** *l.v.* Ter sentido. *A verdá é que esa muller, pa a edá que*

- ten, podía ter dous dedos de frente e non facer algunhas cousas das que fai.*
557. **ter fame.** *l.v.* HUM. Estaren uns zapatos, unhas zapatillas, etc. rotos, con buratos. *Os teus zapatos teñen fame. Mira como os tes? E non hai nada que os compraches. As cousas de agora xa non son coma as de antes.*
558. **tergando/familia.** *l.v.* EUF. Ter parasitos como piollos, pulgas... *A Iritas ten gando. Teño que lle botar algo.*
559. **ter máis dunha cara / ter moitas caras.** *l.v.* PEX. Non ser de fiar. *Ese home ten máis dunha cara. Ti mira o que dixo aquí e o que foi contar á de túa prima.*
560. **ter máis merda ca o pau dun galiñeiro.** *l.v.* VULG. Estar moi sucio. *Buf, como está ese coche. Ten máis merda ca o pau dun galiñeiro. Xa podes aspiralo e lavallo o sábado pola tarde.*
561. **ter menos forza ca o peido dun maricón.** *l.v.* VULG. Ser débil, ter pouca forza. *Sale de aí anda que non podes con el. Tes menos forza ca o peido dun maricón.*
562. **ter menos sentido ca unha cabra na cona.** *l.v.* VULG. Ser unha persoa pouco asisada e que se comporta dun xeito atolado. *Que fas? Tes menos sentido ca unha cabra na cona.*
563. **ter o cu coma un cesto.** *l.v.* VULG. Ter o cu amasado e dorido. *De tando andar en cabalo, teño o cu coma un cesto.*
564. **ter o demo (no corpo).** *l.v.* 1. Non comportarse de forma correcta. Díselle a unha persoa ou animal que se comporta dun xeito inapropiado e inesperado. *Pasa pa alí! Oi, hoxe parece que tes o demo. Fódase!* 2. Tamén pode ser un animal que non engorda, que non cura... como se estivese entangarañado. *Eses pitos non*
- salen do que son. Parece que teñen o demo no corpo. Fódase!*
565. **ter o formiguillo no cu.** *l.v.* COL. Estar ou ser inqueda/a. *Que che pasa hoxe? Tes o formiguillo no cu ou que?*
566. **ter o ladrón no eido.** *l.v.* IRÓN. Ter a persoa responsable do delito na propia familia e incluso vivindo na mesma casa. *Ten cuidado porque, se che roubaron os xamóns tal e como contaches, igual tes o ladrón no eido.*
567. **ter o sono da morte.** *l.v.* Durmir profundamente sen despertar cos ruidos do ambiente que poden chegar a ser dun ton moi elevado. *E non te enteraches cando chegamos? Pois mira que fixemos ruído e tocamos no timbre. Ti tes o sono da morte. Fódase!*
568. **ter o vicio no corpo.** *l.v.* Ser adicto/a a algo. *Esas gatas xa andan ás xaneiras outra ves. Aínda non hai nada que andiveron e xa andan outra ves. Teñen o vicio no corpo.*
569. **ter ollo.** *l.v.* 1. Ter coidado ou precaución. *Con ese hai que ter ollo que é capás de vir e levarnos as patatas que a raposa perde a piel pero non as mañas.* 2. Escoller moi ben. *No, ti pa isto tes (bo) ollo.*
570. **ter ollos na cara.** *l.v.* IRÓN. Ver sen problemas. Recalca e recorda a capacidade ou facultade de ver a alguén que se quere mofar do interlocutor. *Teño ollos na cara. Ben vexo.*
571. **ter ollos só para [alguén].** *l.v.* Dedicarlle todos os seus esforzos e atencións a esa persoa. *A Lucía solo ten ollos pa o Rafael. Nótase que é o seu filliño.*
572. **ter onde agarrar.** *l.v.* IRÓN. Ter uns quilos de máis. *Esa éche gordiña e mui xeitosiña. Así ten onde agarrar.*
573. **ter os collóns ben grandes / ter a cona ben grande.** *l.v.* PEX. VULG. Ser descarado/a ao tempo que

- preguiceiro/a. Diselle, por exemplo, a alguén que, cando todo o mundo está a traballar, el ou ela está a descansar ou a xogar. *Desde logo, túa nai a traballar e ti aí deitada. Tes unha cona ben grande, eh!*
574. **ter os pés (ben asentados) na terra.** *l.v.* Ser unha realista e coas cousas moi claras. *É unha persoa mui seria e nótase que ten os pés mui asentados na terra. Non é un deses titiriteiros que hai agora.*
575. **ter que ver.** *l.v.* Estar relacionadas dúas ideas expostas. Ter relación con. *Que el sea como é non explica que chegue tarde sempre. Non, iso non ten que ver. / -Ao irmán da Rosa enterrarano en Setados. Vivía alí. -Iso non ten que ver.*
576. **ter sangue.** *l.v.* Ser moi nervioso. *Esa egua si que ten sangue. Dios, non para quieta.*
577. **ter un aire a [alguén].** *l.v.* Ter algún parecido a alguén. *Ese home ten un aire ao Gayoso.*
578. **ter un buraco no estómago.** *l.v.* COL. Ter (moita) fame. *Ai, teño un buraco aquí no estómago. Levo desde as oito da mañán sin comer nada e son as tres.*
579. **ter un debate.** *l.v.* Falar seriamente. *Logo imos ter un debate ti e mais eu a ver que pasou coas uvas do Joselito.*
580. **ter un morro que o pisa.** *l.v.* COL. Ser unha persoa descarada. *Eres fino de carallo, eh. Foches dúas veces a comer por aí de moca. Tes un morro que o pisas.*
581. **ter un pé aquí e outro alá.** *l.v.* EUF. IRÓN. Estar a piques de morrer. *Ai, estívoche jodida a Marcelina. Cando eu a fun visitar parecía que tiña cun pé aquí e outro alá.*
582. **ter unha cara por diante e outra por detrás.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa falsa, hipócrita ou traidora. *Ten conta con ese que, pa min, ten pinta de ter unha cara por diante e outra por detrás.*
583. **ter unha cara que lle defende o cu.** *l.v.* PEX. VULG. Ser unha persoa malencarada. *No, xa pode ser moi bo pero ten unha cara que lle defende o cu.*
584. **ter unha forza coma un animal.** *l.v.* Ter moita forza. *Dios, ese Mario ten unha forza coma un animal. Levantou a pedra el solo.*
585. **ter unha lingua que a pisa.** *l.v.* PEX. COL. Falar de máis, dicir cousas que non debe ou cousas que son mentira. *No, a Marujiña, A Pastora e esas teñen unha lingua que a pisan.*
586. **ter unha lingua que lle chega ao chan.** *l.v.* PEX. COL. Ser unha persoa que fala de máis, cousas que non debe ou cousas que son mentira doutras persoas. *Mi ma, ti non teñas cuidado con esa que ten unha lingua que lle chega ao chan.*
587. **ter unha lingua que non lle colle na boca.** *l.v.* PEX. COL. Falar de máis, dicir cousas que non debe ou cousas que son mentira. *Mi ma, e dixo iso? No, esa ten unha lingua que non lle colle na boca.*
588. **ter unha sorte coma un afogado.** *l.v.* Ter moita sorte. *Acabou de estudar e xa entrou a traballar nunha empresa. Tivo unha sorte coma un afogado.*
589. **terlle a medida tomada a [alguén].** *l.v.* Coñecer moi ben a alguén. *El ben sabe o que lle ten que dicir. Xa hai tempo que lle ten a medida tomada.*
590. **tírar para o seu lado.** *l.v.* Separarse. Ir á súa vida. *Cando fagan dezaioito anos, cada un xa tira pa o seu lado.*
591. **tírar pedras contra o seu propio tellado.** *l.v.* Ir en contra de si mesmo. *Pensas que é parvo. Si che parece, vai tirar pedras contra o seu propio tellado. Si xa.*

592. **tirarlle pedras aos avións.** *l.v.* PEX. Facer cousas absurdas. *Ti non serás dos que lle tira pedras aos avións?*
593. **tirarse dos pelos.** *l.v.* Desesperarse. *Con isto da crisis, a xente que mira que se lle acaba o diñeiro xa empeza a tirarse dos pelos.*
594. **tocarlle a lotería a** [alguén]. *l.v.* 1. Ter moita sorte. *Noo, xa podes estar contento que, ao traballar aí, é como si che tocara a lotería.* 2. IRÓN. Ter moi mala sorte. *Ala, vén pa acá que che tocou a lotería. Veña, a limparme o coche.*
595. **tocarlle a moral a** [alguén]. Amolar a alguén. *l.v.* *Ui, que virgen. Xa me estás tocando moito a moral.*
596. **tocarlle bailar coa máis fea a** [alguén]. *l.v.* Ter mala sorte nunha elección ou sorteo. *Eu non sei por que pero sempre me toca bailar coa máis fea. O lunes tocoume ir co jefe mover unhas pedras, o martes coa jefa pa Chantada e hoxe, pa Vigo.*
597. **tocarlle o gordo a** [alguén]. *l.v.* IRÓN. Ter mala sorte. *Ala. Tocouche o gordo. Tes que ir con túa nai a pintar a habitación.*
598. **tomar man de** [algo ou alguén]. *l.v.* Encargarse; facerse responsable. *Menos mal que o fillo pequeno tomou man da nai, se non, que sería dela?*
599. **tomar pola tremenda todo.** *l.v.* Tomar todo en serio ou coma unha ofensa. *Xa se cabreou. El tamén, toma todo pola tremenda. Non se lle pode facer unha broma.*
600. **tomarlle a palabra a** [alguén]. *l.v.* Afirmarse no que dixo alguén para que cumpra o que dixo. *Tómoche a palabra. O próximo domingo imos á praia.*
601. **traballar de aquí** (sinlando a cabeza e logo a lingua). *l.v.* COL. Fai referencia aos políticos ou ás persoas que teñen moita facilidade de palabra e aos que traballan co pensamento. *Hai os que traballan de aquí* (sinla a cabeza) *e os que traballan de aquí* (sinla a lingua). *Eu quería ser dos que traballan de aquí* (sinla a lingua) *así tiña o corpo aforrado.*
602. **trocar as pernas coa fame.** *l.v.* Estar moi delgado/a. *Pobres cabritos. Trocan as pernas coa fame.*
603. **valer a pena.** *l.v.* Ser merecedor de algún esforzo. *Mira que lle das voltas a iso. Eu creo que non che vale a pena. Agora si, fai o que ti queiras.*
604. **valer só para facer esterco.** *l.v.* PEX. Ter un cabalo pouca utilidade. *Díselle a unha persoa que ten cabalos sobre os seus animais e que monta pouco ou nada para picalo. Que!? Cando imos dar unha volta dacabalo? Ou iso solo vale para facer esterco.*
605. **valerse/axudarse da ocasión.** *l.v.* Aproveitarse. *Mira a outra como se vale da ocasión pa comer outro pastel.*
606. **vender** [algo ou alguén] **por bo.** *l.v.* Falar moi ben dun produto ou persoa que realmente non presenta tan boas calidades. *Home, os peixes non sei se estarán bos ou non pero vender, vendéronnoslos por bos. E cobrar, cobróunoslos ben.*
607. **vender a pel do cordeiro antes de matalo.** *l.v.* Gabar ou “vender” algo antes de conseguilo. *O Madrid aínda apenas ganou o primeiro partido e xa os periodistas falan de que vai pasar á final. Venden a piel do cordero antes de matalo.*
608. **vender o peixe.** *l.v.* Estar de leria con alguén, normalmente bastante tempo. *Teu pai debe de estar a vender o peixe. Aínda non viu desde que marchou. E xa debe de facer unha hora boa.*

609. **venderse ben.** *l.v.* Falar moi ben de si mesmo. *Que ben te vendes. Nótase que aquí cada un tira do seu pa que lle creza.*
610. **ver [algo] cos (meus) ollos / ver [algo] con estes ollos.** *l.v.* Ver algo de forma certa. Úsase para autoafirmar algo irrefutable que viu o falante e que se intenta cuestionar. *Que dis ti? Mireino eu cos meus olliños.*
611. **ver con bos ollos** [alguén]. *l.v.* Ter unha opinión boa sobre alguén. *Eu ben sei que ti mirasme con bos ollos.*
612. **ver con outros ollos** [alguén]. *l.v.* Ter unha opinión diferente á de alguén. *Eu ben sei que ti mirasme con bos ollos.*
613. **ver moitas películas.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa pouco ou nada realista que conta ou fai cousas ilóxicas. *Ti miras muitas películas. Como vas meter o coche entre eses dous pilares? Non ves que aí non colle.*
614. **ver o lixo no ollo do outro / ver a herba no ollo do outro.** *l.v.* IRÓN. Reparar nos pequenos defectos dos máis e non se dar conta dos grandes defectos propios. *Pero ti non ves que tes tanta paciencia coma min. Si, claro, calquera mira o lixo no ollo do outro.*
615. **ver o lobo.** *l.v.* Estar unha persoa con cara de asustada. Ter cara ou aparencia de asustado. *Que che pasou? Parece que miraches o lobo? Traes cara de asustado.*
616. **ver todo negro.** *l.v.* Observar só o lado negativo das cousas. *Eu non sei como fas pero sempre miras todo negro.*
617. **verlle as orellas ao lobo.** *l.v.* Coñecer os perigos, obstáculos ou a dureza da vida. Díselle a alguén que consideramos que é inexperto ou está verde nalgunha cousa. *Ui, o que che espera. Ti aínda non lle miraches as orellas ao lobo.*
618. **verlle o cu á curuxa.** *l.v.* Coñecer os perigos, obstáculos ou a dureza da vida. Díselle a alguén que consideramos que é inexperto ou está verde nalgunha cousa. *Non che queda nada. Ti aínda no lle miraches o cu á curuxa.*
619. **virar a chaqueta.** *l.v.* Cambiar de opinión de forma inesperada e sen pensar en quen poida saír afectado da situación. *No, ese logo che vira a chaqueta. Ten cuidado.*
620. **virarlle o cu a** [alguén] / **virarlle as costas a** [alguén]. *l.v.* Xirarse con ánimo ou pretensión de ignorar a alguén. Trátase dun acto de desaprobación e desprezo cara a alguén. *Si che volve dicir babosadas, viraslle o cu e marchas. Que se cre ese pallaso!*
621. **virárselle o sentido a** [alguén] / **virárselle a cabeza a** [alguén]. *l.v.* Facer alguén algo anormal. Moitas veces, sucede de forma repentina. *Eu estaba todo tranquilo e, de repente, tirou as cousas no chan e foise. Fódase! A esa muller viróuselle o sentido.*
622. **virlle o agosto a** [alguén]. *l.v.* Vir unha época moi próspera, sobre todo economicamente. *A ese porteiro do Atlético de Madri, ao Curtuá ese, agora quéreno todos os equipos. O Barcelona, O Madri. Vénlle aí o agosto.*
623. **vivir de rendas.** *l.v.* Vivir sen traballar. *Eu non sei de que vive ese porque nunca traballou. Debe vivir de rendas.*
624. **vivir nun inferno.** *l.v.* Vivir nunha situación moi difícil. *Os irmáns da Clotilde péganlle e amenázana. Pobre rapariga. Vive nun inferno.*
625. **volver atrás.** *l.v.* Ir ao pasado. *Si puidera volver atrás a cando tiña vinte anos, volvía. Sin pensalo.*

626. **xuntar a cabeza cos pés.** *l.v.* Dobrarse moito. *Cando teu irmán era pequeno, era tan delgadoño e flexible que xuntaba a cabeza cos pés.*
627. **xuntarse a fame coa(s) gana(s) de comer.** *l.v.* IRÓN. Xuntárense dúas persoas de características similares, do mesmo estilo (xeralmente en sentido negativo); sumárense dúas situacións negativas. *Xa acabastes o traballo? Noo, si, me parece a min que se xuntou a fame coa gana de comer.*
- 2.2.4. Locucións adverbiais**
628. **a cada pouco.** *l.adv.* Frecuentemente. *Eu non sei que lle pasa a isto pero, a cada pouco, teño que levantalo, que cae.*
629. **a caer.** *l.adv.* En estado deplorable. Normalmente, úsase para referirse a animais ou persoas moi fracos/as. *-Esas cabras do Juan están a caer. -Éche problema del, cada un, na súa casa, que faga o que queira.*
630. **a cara de can.** *l.adv.* COL. Con moita rivalidade. *Partidos coma o de hoxe entre o Barcelona e o Atlético son sempre a cara de can.*
631. **a dúas velas.** *l.adv.* Con poucos recursos económicos ou amorosos. *O Guitarritas desde que se separou da muller anda a dúas velas.*
632. **a durmir.** *l.adv.* Adurmiñado/a e aparvado/a. *Volveuche caer o libro. Hoxe andas a durmir, eh, he, he.*
633. **a fio.** *l.adv.* Ininterrompidamente. *Dios! Non para!. Chove a fio.*
634. **a ovo.** *l.adv.* COL. Moi fácil de conseguir. *Meteu o gol porque o defensa tirou co porteiro. Home, púxolla a güevo. Non me fastidies.*
635. **a pelo.** *l.adv.* Sen proteccións nin miramentos. *E fíxoo así, a pelo? Que valor!*
636. **á porfía.** *l.adv.* En desafío. *Eses dous andan á porfía a ver quen come máis pipas no mirmo tempo.*
637. **a rasca cu.** *l.adv.* COL. [Baixar] deslizando co cu pegado ao chan. *Nós, cando eramos pequenas rompíamos os pantalóns todos ao baixar pola rampa aquela a rasca cu.*
638. **a regañadentes.** *l.adv.* PEX. COL. A disgusto, de mala gana. *Primeiro choraba e logo ría a regañadentes.*
639. **a rego cheo.** *l.adv.* En gran cantidade. *Bótalle a rego cheo. Échelle ben o vaso.*
640. **á tenza de** [algo ou alguén]. *l.adv.* Á conta de alguén. Dependendo sempre dos demais. *No xa, ti o que queres é andar á miña tenza. Que che pague eu todo.*
641. **á vista.** *l.adv.* En lugar facilmente visible. Algo que se pode ver, que está de mostra. *Foi buscar as muletas á farmacia e pensou que non había porque non as tiñan á vista.*
642. **ao \*tuntún.** *l.adv.* De forma aleatoria mesturando todo. *Botaches todo pa aí ao tuntún. Agora a ver quen colle a roupa que está por debaixo.*
643. **ao fiado.** *l.adv.* Sen pagar, prometendo que as pagará máis tarde. *O Litos ten un letreiro no taller que di: Eu firmei un acuerdo co banco: eles non traballan de mecánicos e eu non presto diñeiro. -Pois estache ben. Iso é pa que a xente non vaia ao fiado nin lle marche sen pagar. -A verdá é que a min non me gusta ir a un sitio e marchar debendo. Prefiro non ir. -Home, así e todo, quen paga descansa pero quen cobra, dúas veces.*
644. **ao loro.** *l.adv.* Atento. *Estate ao loro porque poden chegar en calquera momento.*
645. **ao montón.** *l.adv.* De forma aleatoria mesturando todo. *Ti botaches todo aí*

- pa dentro ao montón. Así mesclaches todo, allos con mugallos.*
646. **ao rabo.** *l.adv.* COL. Detrás. *Aí vén a Maribel e o Juan. Sonche coma o cego e o criado. Sempre anda un ao rabo do outro.*
647. **ao seu aire/xeito.** *l.adv.* Á súa maneira ou ritmo. *Digas o que lle digas, sempre fai as cousas ao seu aire.*
648. **aos biosbardos**<sup>5</sup>. *l.adv.* Moi distraído, moi despistado, sen decatarse do que ocorre. *Ola. Estamos aquí. Na Chan. E ti? Hoxe parece que andas aos biosbardos.*
649. **ás bocadas.** *l.adv.* De forma irregular, como se fosen mordeduras. *Ti miraches como quedaron rapadas as ouvellas da Maribel? Parece que as raparon de noite. Quedoulle a lan toda ás bocadas.*
650. **ás voltas.** *l.adv.* Dun lado para o outro continuamente. *Ese home solo fai andar ás voltas e non fai nada. Ai, miralo así con todo o que hai que facer, fêrveme o sangue.*
651. **así así.** *l.adv.* COL. 1. Máis ou menos, entre ben e mal. *Eses dous lévanse así así.* 2. Fácil. *El pensa que se asa así así.*
652. **cada dous por tres / cada dúas por tres.** *l.adv.* Frecuentemente e de forma
- continuada. *Esa porca mexa aquí cada dúas por tres.*
653. **catro gotas.** *l.adv.* Moi pouca auga. *Daba tanta chuvia e caíron catro gotas.*
654. **catro pelos.** *l.adv.* Moi pouco pelo. *Eu pa catro pelos que teño escuso ir ao peluquero.*
655. **co cu apertado.** *l.adv.* EUF. HUM. 1. Descomposto, con gana de defecar. *Ai, andas co cu apertado. Espera un pouco que xa imos chegar dentro de pouco á casa.* 2. Andar asustado por medo a algo. *Vaia cagazo levaches. Parecía que viñas co cu apertado, ha, ha.*
656. **co nariz pegado.** *l.adv.* Demasiado cerca fisicamente de algo. *Fai falta estar co narís pegado á televisión? Con pórvos aquí, chégavos ben.*
657. **coa boca pequena.** *l.adv.* 1. En voz baixa; para si. *A ver, eu dígovolo a vós aquí e coa boca pequena. Ninguén ten por que enterarse.* 2. Sen sinceridade, sen convicción. *El díxonolo coa boca pequena. Non estaba seguro que fora verdá.*
658. **coa cabeza baixa.** *l.adv.* Triste ou avergonzado/a. *Desde que a operaron anda coa cabeza baixa.*
659. **coa cabeza ben alta.** *l.adv.* De forma orgullosa ou fachendosa. *De aquí en diante vou andar coa cabeza ben alta e a xente se fala, que fale. Dáme igual.*
660. **coa cabeza no aire.** *l.adv.* Distraído. *Díselle a quen esqueceu algo por estar preocupado/a por outras cousas. Como non colleches a teu pai no médico? Ai, andas coa cabeza no aire.*
661. **coas tripas fóra / coas tripas a rastro.** COL. *l.adv.* Nunha situación deplorable. *Ainda que o vexa andando coas tripas fóra non lle penso botar unha man.*

<sup>5</sup> Os biosbardos son unha especie de criaturas fantásticas que seguen vivas no imaxinario das xentes de hoxe. Trátase de seres nocturnos dun tamaño e forma semellante aos coellos que deambulan polo monte. Existe unha broma para quen non os coñece. A xogo consiste en ir en grupo a un monte escuro e levar a persoa facéndolle crer que estes animais existen. Ao chegar a unha zona escura, alguén queda coa vítima e un saco coa boca aberta dicindo: Un, dous, tres, catro, biosbardo ao saco. Mentres, os demais simulan que os asustan para que vaian cara ao saco. Cando a persoa está máis confiada xa, o acompañante dille que vai ir tanguer tamén os bechos para alí e vaise. Pouco a pouco a xente vaise aloxando coa intención e obxectivo final de deixar a persoa soa no monte para mofarse dela.

662. **coma un animal.** *l.adv.* De forma esaxerada ou sobrehumana. *Pa ter esa casa, traballou coma un animal.*
663. **coma un libro aberto.** *l.adv.* Moi ben, con propiedade, con coñecemento, con sensatez. Úsase con verbos como *expresarse* ou *falar*. *Mi ma, falas coma un libro aberto.*
664. **coma un mallo.** *l.adv.* De cheo, con todo o corpo e con toda a forza. Úsase co verbo *caer*. *Dios, oe, caíu coma un mallo no chan. Blun! Fixo un barullo!*
665. **coma un rei/maraxá.** *l.adv.* Marabillosamente. Nunha situación moi cómoda e comfortable na que non falte de nada. *Mira pa o outro, vive coma un rei.*
666. **coma un trapo.** *l.adv.* De forma descoidada, a golpes. *El á filla trátaa coma un trapo pero cando lle marche da casa xa chorará por ela. Ás veces, non valoramos o que temos e non sabemos o que temos hasta que o perdemos.*
667. **contando os pasos.** *l.adv.* Moi amodo. *No. Así non chegamos máis. Parece que vas contando os pasos.*
668. **cos ollos pechados.** *l.adv.* Con moita facilidade e destreza. (Nun rali) *Boh, vaia trompo. Iso fágoo eu cos ollos pechados.*
669. **cos ollos pechados/cerrados.** *l.adv.* Con moita facilidade. *Eu iso fágoo cos ollos pechados.*
670. **cos pantalóns na man.** *l.adv.* EUF. HUM. Descomposto, con ganas de defecar. *Meu tío Joselito leva unha semana andando cos pantalóns na man. Non sale do baño.*
671. **cos pelos de punta.** *l.adv.* Asustado. *Se miras as imáxenes dese accidente, alucinas. Eu salín de alí cos pelos de punta.*
672. **cunha man diante e outra detrás.** *l.adv.* Sen recursos, nunha situación deplorable. *Si, foi pa Francia pa facer moitos cartos pero andivo de cabra e, despois de dous anos, viu cunha man diante e outra detrás.*
673. **da porta para dentro.** *l.adv.* privado, na intimidade. *Da porta pa fóra, que faga o que queira. Agora, da porta pa dentro, mando eu.*
674. **da porta para fóra.** *l.adv.* Fóra do privado, fóra da intimidade. *Da porta pa fóra, que faga o que queira. Agora, da porta pa dentro, mando eu.*
675. **de \*bruces.** *l.adv.* De fronte e boca abaixo; dando coa cara contra algo, caendo, levando un golpe. *Estabamos todos tranquilos na farmacia e unha muller que estaba detrás de min desmaiose e caíu de bruces por riba miña.*
676. **de adiante a atrás.** *l.adv.* Dende a parte anterior á posterior. *Ralláronlle o coche de diante a atrás. Agora a ver se o cubre o seguro.*
677. **de balde.** *l.adv.* Gratuitamente, sen custo de ningún tipo. *Tranquilízate que o tempo deuno Dios de balde.*
678. **de cabo a rabo.** *l.adv.* Do principio ao final. *Fixo o camiño de cabo a rabo e sin parar.*
679. **de carallo.** *l.adv.* VULG. En mala situación. *No, con este presidente estamos de carallo, si.*
680. **de cheo/pleno.** *l.adv.* Con toda a súa superficie. *Deulle de cheo nas costas.*
681. **de festa.** *l.adv.* COL. Ir á discoteca ou de festa, en xeral. *Andas de festa ou que?*
682. **de fociños/morros.** *l.adv.* Coa cara contra o chan. *Iba na bicicleta e caíu de morros no asfalto. Meu pobre.*
683. **de fronte.** *l.adv.* Amosando a cara e a parte dianteira. *As carrozas viñan de*



- frente e os coches tiñan que apartar. Xa estaba alí tráfico dirixido.*
684. **de marcha.** *l.adv.* COL. Ir á discoteca ou de festa, en xeral. *Xa hai tempo que non vou de marcha un sábado.*
685. **de movida.** *l.adv.* COL. Ir á discoteca ou de festa, en xeral. *O Jose e a Cloti sempre van xuntos de movida. Seica son mui amigos.*
686. **de pe a pa.** *l.adv.* De memoria e de carreira. *Carallo, sábelo de pe a pa. Mui ben. Mereces un bico. Ven aquí.*
687. **de por vida.** *l.adv.* Para o resto da vida dunha persoa. *Ti non te cuides, que o que pode quedar aleixado de por vida eres ti. Ao jefe dálle igual. Non hai un jefe bo.*
688. **de porta a fóra / de porta para fóra.** *l.adv.* Fóra da casa. *Si chegas tarde, quedas porta a fóra. Eu avisote e quen avisa non é traidor. Despois terás que aterte ás consecuencias.*
689. **de rañacán.** *l.adv.* PEX. COL. De forma falsa, forzada e de mala gana. *Ten cuidado coa toura que vén medio de rañacán. Non vaia ser que che dea un golpe.*
690. **de sobra.** *l.adv.* Abondo, suficiente. *El ben sabe o que fai. Sabe de sobra ata onde pode chegar. Ben sabe onde lle fire o zapato.*
691. **de sol a sol.** *l.adv.* Arreo, de forma continuada e sen descanso. *Ese home non sei como non está máis rico, traballa de sol a sol todos os días.*
692. **de sorpresa.** *l.adv.* De forma inesperada. *A verdá é que me colle totalmente de sorpresa.*
693. **de/pola moca.** *l.adv.* COL. Gratis. *Eres fino de carallo, eh. Foches dúas veces a comer por aí de moca. Tes un morro que o pisas.*
694. **desde logo.** *l.adv.* Desde aquel momento, a partir daquel momento.
- Desde logo!, túa nai a traballar e ti aí deitada. Tes unha cona ben grande, eh!*
695. **dito e feito.** *l.adv.* Xa. Marca a instantaneidade entre o momento en que se ordena algo e o momento en que se realiza. *Ai si, é o que ti queres, non? Pois xa está, dito e feito. Mañán xa gardo o teu coche alí.*
696. **dun lado ao outro.** *l.adv.* De dereita a esquerda ou de esquerda a dereita. *Pintaron a calle dun lado ao outro.*
697. **en boas mans.** *l.adv.* Seguro, entregado a persoa competente ou adecuada. Úsase con verbos como *estar, deixar* ou *quedar*. *No, el traballando aí está ben. Está en boas mans.*
698. **en bólas.** *l.adv.* VULG. Espido. *Saliu en bólas da ducha e foise secar á habitación.*
699. **en couro.** *l.adv.* COL. Espido. *Ah, porco, andas en couro. Vaite vestir.*
700. **en malas mans.** *l.adv.* En perigo, entregado a persoa menos adecuada. Úsase con verbos como *estar, deixar* ou *quedar*. *Ai filliño! Considérote. Caíches en malas mans. Tiveches mala sorte. Vaia por Dios.*
701. **en pelota picada / en pelotas.** *l.adv.* VULG. Espido. *A el gústalle andar en pelotas pola casa cando non hai ninguén. Di que é bo pa a salú.*
702. **en plan.** *l.adv.* Con certa actitude ou orientación de algo ou para facer algo. *E dixomo así. En plan que non ibamos ir todos ao Meixoeiro.*
703. **en van.** *l.adv.* Inutilmente, en balde. *Segar agora a herba e que se molle é traballar en van.*
704. **fronte a fronte.** *l.adv.* Coas dúas partes dianteiras enfrontadas. *Os coches chocaron fronte a fronte así que imagínate o que puido ser.*

705. **na cara.** *adv.* COL. Directamente, diante, na presenza de alguén. Úsase con verbos como *dicir*. *Ai, como me morra algún pito, xa llo salpicarei na cara cando pare alí outro día. ¡ Non che quero nada que despois bótasmo na cara.*
706. **na casa de Deus.** *l.adv.* HUM. COL. Lugar indeterminado e, moitas veces, lonxe. Úsase para indicar que algo non existe facendo referencia a ese lugar inexistente. *Si, o diñeiro, si. Está na casa de Dios.*
707. **na mesma.** *l.adv.* Igual, sen cambio ningún. *Ti, mira que comes, eh, e sempre estás na mirma. Eu non me explico.*
708. **na pel de [alguén].** *l.adv.* Na situación, no lugar, nas circunstancias de alguén. *Si ti estiveras na súa piel que farías?*
709. **na vida.** *l.adv.* IRÓN. Nunca. *Non acabará iso na vida.*
710. **nas últimas.** *l.adv.* EUF. A piques de morrer. *-Morreu o Adolfo Suárez. -Si, xa dixó ao mediodía na televisión que estaba nas últimas.*
711. **nin aínda que me maten/pauguen.** *l.adv.* COL. De maneira ningunha. *Non vou alí a onda o morto nin anque me paguen.*
712. **nin arre nin xo.** *l.adv.* COL. Nada de nada, nin unha cousa nin outra. Marca a indecisión dunha persoa ou incluso culpabilidade de que algo non avance. *O irmán está malo e ¿pensas que di algo? Noo si, a conta dela nin arre nin xo.*
713. **nin borracho / nin farto de viño.** *l.adv.* VULG. De maneira ningunha. *Non das subido alí a ese carballo nin farto de viño.*
714. **nin de \*coña.** *l.adv.* VULG. De maneira ningunha. *Nin de coña entra ese aquí!*
715. **nin de broma.** *l.adv.* COL. De maneira ningunha. *Non vou mirar un partido ao campo nin de coña.*
716. **nin en pintura.** *l.adv.* 1. Nin de broma. *Non quero velo nin en pintura.* 2. En nada. *Non se parecen nin en pintura.*
717. **nin para diante nin para atrás.** *l.adv.* Parado, que non avanza. *Había un coche no medio. E ti pensas, nin pa diante nin pa atrás.*
718. **nin unha cousa nin outra.** *l.adv.* Absolutamente nada. Indecisión. *Está aí e non fai nin unha cousa nin outra.*
719. **nun vira vira.** *l.adv.* COL. Nun instante. *Esa muller pérdese pola boca. Conta a súa vida nun vira vira.*
720. **ollo por ollo, dente por dente.** *l.adv.* Devolvendo o mesmo dano q se recibiu. *Ah, ollo por ollo, dente por dente. Molesta? Tamén me molestou a min antes.*
721. **onde Cristo perdeu a pedra do chisqueiro.** *l.adv.* HUM. COL. Moi lonxe. *Mondoñedo queda no cu do mundo.*
722. **pisando ovos.** *l.adv.* COL. Moi amodo, como se se tivesen que transportar ovos. *Ese coche que vai diante vai a 30 nesta zona de 60. Mi ma, parece que vai pisando güevos.*
723. **pola vida.** *l.adv.* Moito. Úsase cos verbos *querer* e *gustar*. *A túa filla quérete pola vida. Nótase. Non te deixa nin a sol nin a sombra.*
724. **polo menos.** *l.adv.* Como mínimo. *Agora o neno púxose malo e non podemos salir da casa. Levamos así cinco semanas. No, temos unha crus con el! Boh, meu pobre. Polo menos, a ver si se pon ben.*
725. **por amor á arte.** *l.adv.* Desinteresadamente, sen remuneración ningunha. *Aquí non está nadie por amor á arte.*

726. **por ben** *l.adv.* Con boa intención. *Eu fixeno por ben. Agora, si non saliu ben. Que culpa lle teño eu?*
727. **por desgraza** *l.adv.* Desgraciadamente. *Si, haber sempre hai quen chuce. Por desgracia, diso non falta.*
728. **por mal** *l.adv.* Con mala intención. *Home, non te cabrees que eu non o fixen por mal.*
729. **que nin Deus** *l.adv.* COL. Moito. Funciona como elemento intensificador: moito, moi ben, moi grande. *Eu aí non entro que hai un lío que nin Dios.*
730. **sen alento** *l.adv.* Respirando moi forte. *Cando chegou, viña sin alento ningún. Tivo que esperar uns minutos antes de poder falar.*
731. **sen querer** *l.adv.* De forma involuntaria e en contra da vontade da propia persoa que realiza a acción. *Onte comín, sin querer, un mosquito. Bah, é igual, do que se como se cría.*
732. **sen sombra** *l.adv.* Rapidamente e de forma asustada. *Unha muller que estaba na misa foi o outro día ao médico e, cando lle dixo que tiña 400 de azucre, veu sin sombra pa a casa.*
- 2.3. Fórmulas**
1. **(\*Me cago no) Deus que o fixo!** *fórm.* VULG. Mostra molestia por alguén que fixo algo malo. *Dios que te fixo! E agora que!? Quen arregla a mangueira?*
  2. **(Aínda) Tes moito que andar.** *fórm.* Díselle a quen amosa desapego ao traballo ou a outras cousas necesarias na súa vida de forma soberbia. *Aínda tes moito que andar. Non che queda nada.*
  3. **(Alá vai) María matouse.** *fórm.* HUM. Dise de forma humorística cando cae alguén (non ten por que chamarse María e úsase este nome para todo o mundo). *Alá vai, María matouse.*
  4. **(Arre) carallo!** *fórm.* Engade énfase e indica sorpresa. *Arre carallo! E fixo falta ir as dúas á fonte?!*
  5. **(Iso é) Fame, sono ou maña do dono.** *fórm.* HUM. Díselle a quen bocexa. *-Uuuuuuuuuuu. (espreguizándose) -Ui. Iso ou é fame, sono ou maña do dono.*
  6. **(Se) Caeches? (Pois) Levántate.** *fórm.* HUM. Díselle a quen acaba de dicir que caeu. *Caíches? Pois levántate. Non sei a que esperas.*
  7. **(Sempre) A mesma historia.** *fórm.* Refírese a algo que se repite e que é algo pesado. *Ese non levanta cabeza. Ela déixao e logo volve beber. É sempre a mirma historia.*
  8. **(Xa) Podes dicir misa.** *fórm.* Expresa indiscutibilidade e incredibilidade. *Xa pode dicir misa que o autobús, por alí, non pasa.*
  9. **\*Me cago na cona/puta/virxe/hostia!** *fórm.* VULG. Indica cabreo ou indignación. *Alá vai. Caíume todo no chan. Me cago na cona!*
  10. **\*Me cago na marilús/no mundo/na puta de bastos!** *fórm.* EUF. VULG. Utilízase de forma eufemística ou incluso humorística co mesmo significado de *Me cago na cona/puta/virxe/hostia*. *Me cago no mundo, eh! Ven pa aquí. Ou queres que te vaia buscar eu?*
  11. **\*Me cago na nai/puta/cona que o pariu!** *fórm.* VULG. Indica cabreo ou indignación cara a alguén. *Ese fillo de puta non entra máis aquí. Me cago na cona que o pariu!*
  12. **\*Me cago no señor dos apertóns!** *fórm.* EUF. VULG. Emprégase de forma eufemística e incluso humorística co mesmo significado de *Me cago en \*Dios*. *Me cago no señor dos apertóns! Vén pa aquí.*

13. **A boa porta fuches petar/tocar.** *fórm.* IRÓN. Dise cando alguén vai a onda a persoa ou ao lugar menos indicada para algo. *Non che deron nada? Home, a boa porta fuches petar.*
14. **A boa(s) hora(s).** *fórm.* IRÓN. Díselle a quen chega moi tarde. *A boa hora chega. Xa marcharon todos.*
15. **A boca non priva das mans.** *fórm.* Díselle a quen pon de escusa que está a comer para facer algo. *-Tráeme a botella de aceite que está aí. -Non podo que estou comendo o bocadillo. -A boca non priva das mans.*
16. **A burra déitase.** *fórm.* HUM. COL. Dise cando alguén se deita ou se rende. *Xa te cansaches? Alá vai!, a burra déitase! Xa non podes coa alma.*
17. **A cabalo/nas pernas doutro, calquera vai.** *fórm.* HUM. Úsase cando un vai montado nun cabalo ou nunha persoa. *-Vaia, que marabilla vervos dacabalo. -Oh, a cabalo doutro calquera vai.*
18. **A mala hora.** *fórm.* Fai referencia ao momento no que algo malo lle sucedeu a alguén. *-A verda é que é unha putada. Morrer con 20 anos.-Si, pero, a mala hora. Que lle queres?*
19. **A nai/puta que o pariu!** *fórm.* VULG. Mostra molestia por alguén que fixo algo malo. *Ese can pulgoso xa anda aí outra ves. A puta que o pariu! Voulle dar unha pedrada que verás!*
20. **A ningún porco lle cheira a merda que caga.** *fórm.* HUM. VULG. Díselle a quen afirma que as súas propias feces ou gases non emiten un cheiro desagradable con ánimo de insultalo de forma sutil e humorística. *-Non cheira mal. -Non que va. Desde logo, a ningún porco lle cheira a merda que caga.*
21. **A quen lle amarga un doce?** *fórm.* HUM. A ninguén lle desgusta algo agradable. *A ela ben lle gustou o bico. A quen lle amarga un dulce? Ha, ha!*
22. **Agora de vello, gaiteiro.** *fórm.* HUM. Dise cando unha persoa maior fai algo propio de xente máis nova. *Ah, mira o Pepe a xogar coa táblet. Agora de vello, gaiteiro.*
23. **Agora si.** *fórm.* IRÓN. Emprégase de forma enfática para desenganar a quen ten esperanza en algo que xa non a ten. *No, agora si. Vas aprender a andar agora en bicicleta, si. Ben sabes que burra vella non colle andadura.*
24. **Aí é onde a porca torce o rabo.** *fórm.* COL. Úsase para referirse á parte difícil de algo. *O Careto, cando lle tocou a lotería, viviu a vida loca e arrimóuselle muita xente. Pero cando se acabou. Ah, aí si. Aí foi onde a porca torceu o rabo que todo o mundo desapareceu. Xa o dicía miña nai: Cuanto tienes, cuanto vales; si nada tienes, nada vales. E non falla.*
25. **Ai, que me racha o cu.** *fórm.* HUM. LUD. Dise para ridiculizar a alguén moi presumido que anda con moita delicadeza e cun coidado desorbitado para as cousas. *A ver si te vas desmontar. Ai que me racha o cu, ha, ha.*
26. **Ai, señor/san Antonio!** *fórm.* Expresa resignación. *Cago en Diola! Xa me caíu outro vaso. Ai, señor! Que día!*
27. **Aire non vai, vento non puxa, quen me \*trumpuxa?** *fórm.* HUM. Dise cando unha forza de orixe descoñecida toca e empurra a alguén. *Quen me anda aí nas costas? Aire non vai, vento non puxa, quen me trumpuxa?*
28. **Ala virxe!** *fórm.* VULG. Expresa sorpresa por parte de quen o di. *Ala virgen, xa estás aquí.*

29. **Algo de rabo tiña o porco.** *fórm.* HUM. COL. Indica a lóxica relación entre dúas cousas sucedidas que teñen algo que ver aínda que non o parecía. *Túa nai díxome que eles iban mañán a Salvaterra. Eu pensei que iban hoxe. Home, eu sabía que algo de rabo tiña o porco. Sabía que iban ir pero non sabía ben cando.*
30. **Algo farías.** *fórm.* Úsase como intento de explicación de algo inexplicable que lle acaba de acontecer a alguén. *Ah, se cortaches un dedo. Algo farías. Dios castiga.*
31. **Amarra esa!** *fórm.* VULG. Úsase cando alguén queda estupefacto ou decepcionado por algún tipo de traizón ou desavianza. *O Atlético quedou fóra da Champions. Amarra esa!*
32. **Anda (aí) o das tamancas.** *fórm.* Refírese ao ruído dos tronos. *Ui, xa anda aí o das tamancas.* (Despois de soaren os tronos).
33. **Anda o ladrón detrás do que rouba.** *fórm.* IRÓN. Úsase cando anda unha persoa detrás doutra por motivos económicos ou porque desconfía dela sobre algo e o que anda a perseguir tamén debe ou fixo cousas semellantes. *Os gitanos andan a buscar a ver quen lle desatou o cabalo da casa. Anda o ladrón detrás do que rouba.*
34. **Anda para diante.** *fórm.* Díselle a alguén para que avance ou apure. *A ver, dáme ese embude dunha ves! Anda pa diante.*
35. **Ándalle aí/Por aí anda.** *fórm.* Indica aproximación. *Miña nai ten 60 anos e meu pai... Meu por aí anda tamén.*
36. **Antes fala, antes pasa/cae.** *fórm.* Dise cando sucede unha catástrofe pouco antes profetizada. *Foi dicilo e, ala, todo no chan. Antes fala, antes pasa.*
37. **Ao estilo san Mateu/Ribadeu, cada un fai o seu.** *fórm.* HUM. Emprégase para sinalar a maneira persoal e independente de facer as cousas á súa maneira e pola súa conta. *-Aquí, cada un que faga á súa maneira. -Ao estilo san Mateu, cada un fai o seu.*
38. **Ao estilo tropa, aquí, cada un fódese, cando lle toca.** *fórm.* HUM. Úsase para obrigar a facer algo a alguén que quere librarse dun traballo ou algo semellante. *Ai, hoxe tócache a ti fregar os cacharros. Aquí é ao estilo tropa, aquí, cada un jódese, cando lle toca. Onte tocoume a min. Hoxe a ti.*
39. **Ao que moito quere saber, dáselo o cu a lamber.** *fórm.* LUD. VULG. Díselle a unha persoa curiosa en exceso que pregunta cuestións que non son da súa incumbencia. *A Rosa preguntoume que si meus tíos venderan a casa. E díxenlle: E a ti que che importa. O que moito quere saber, dáselo o cu a lamber.*
40. **Apagóuseche o farol (ou que)!?** *fórm.* Díselle a quen chega tarde a algures. *Pero non quedaremos ás dúas. Apagóuseche o farol ou que!?*
41. **Aperta a gaita/cona!** *fórm.* VULG. Úsase cando alguén está a espremer os grans do corpo doutra persoa, extraer un espiño... e fai tanta forza que lle acaba por facer dano. *Ah! Para! Apreta a gaita.*
42. **Aprende cachola, que estamos na escola!** *fórm.* Díselle a alguén que está a estudar (pode dárselle na cabeza coa man de forma lúdica). (Un mozo que está a facer os deberes e aproxímase un adulto que lle di) *Aprende cachola, que estamos na escola!*
43. **Apúntao nunha verza/verceira e bóttallo ao porco.** *fórm.* COL. Díselle de forma humorística a alguén para que

- non se esqueza de algo do que adoita esquecerse. *-Teño que me acordar de coller velóns. -Si, apúntao nunha verceira e bótalla ao porco.*
44. **Aquí quen manda é Roque (e Roque son eu).** *fórm.* HUM. Dise para sinalar que hai unha persoa que ten máis autoridade e manda sobre as demais, por moito que elas digan. *Ti di o que queiras, pero aquí quen manda é Roque.*
45. **As paredes escoitan.** *fórm.* Advirte de que pode haber persoas que poidan escoitar unha conversa privada. Úsase como precaución para que ninguén escoite algo segredo. *Fala baixo que as paredes escoitan e non quero que nadie sepa que estamos aquí.*
46. **Así nunca está o camiño só/Así sempre está o camiño cheo.** *fórm.* Dise cando se cruzan persoas no mesmo camiño fronte a fronte. *Eu vou pa alá e vós xa vides de volta. Así nunca está o camiño solo.*
47. **Así vou saber os teus segredos.** *fórm.* HUM. Dise cando dúas ou máis persoas beben polo mesmo vaso. *Vou beber polo teu vaso que así sei os teus secretos.*
48. **Baixa Modesto! (que sobe...)** *fórm.* Díselle a quen se autoloa en exceso. *Baixa Modesto, que sube Francisco!*
49. **Baixan os galegos pola cheminea.** *fórm.* HUM. Dise cando alguén comeza a durmir na mesa. Ex: *-Mira pa o Casimiro. -Casimiro, baixan os gallegos pola cheminea.*
50. **Ben o sabe Deus!** *fórm.* COL. Úsase cando se ten moi claro algo que se vai facer de forma drástica e incuestionable. *Ti mira o que fas que como teñan que ir teus pais a alá, tráente polas ourellas. Ben o sabe Dios!*
51. **Bo xa nunca foi.** *fórm.* Dise de alguén do que se di algo negativo e non estraña porque sempre foi mala persoa ou, humoristicamente, aplícaselle a unha persoa que está enferma para mofarse dela. *Ai, estás malo. Bo xa nunca foches.*
52. **Bótalle auga bendita.** *fórm.* Diselle a alguén que dixo un pecado ou algo malsoante para que o Señor llo perdoe. *-Me cago en Dios. -Ala, non digas eses tacos. Agora bótalle agua bendita.*
53. **Bromas, as xustas / Bromas á parte.** *fórm.* Dío alguén para que non se fagan moitas bromas. *Aquí non quero barullo, así que, bromas, as xustas.*
54. **Cada can que lamba o seu carallo.** *fórm.* VULG. Refírese a que cada un se preocupe do seu. *Mira, meu rei, aquí, cada un que lle atenda ao seu e que se preocupe das súas cousas. Cada can que lamba o seu carallo.*
55. **Cada un, na súa casa, que faga o que queira.** *fórm.* Fai referencia á liberdade de xestión e goberno que cada un ten no seu propio fogar cando están a falar de alguén. *-Esas cabras do Juan están a cáir. -Éche problema del, cada un, na súa casa, que faga o que queira.*
56. **Cada vez que falas/abres a boca ti, sobe o pan (cinco céntimos).** *fórm.* PEX. Díselle a quen acaba de dicir unha parvada. *Estate calado, anda, que, cada ves que abres a boca, sube o pan cinco céntimos.*
57. **Cando tes razón, hai que cha dar.** *fórm.* Úsase para aprobar o que outra persoa di. *Cando tes razón, hai que cha dar.*
58. **Carne de burro non transparente/é transparente.** *fórm.* COL. Díselle a quen estorba á visión de alguén por poñerse diante. *-A ver. Aí non podes estar que así non vexo. Carne de burro non transparente. -Si, ollos de porco míranos todo.*

59. **Chámalle burro ao cabalo.** *fórm.* Dise ironicamente para se referir a alguén que aparenta ser máis parvo do que é. *Ti chámalle burro ao cabalo. E pensabas que non o iba facer.*
60. **Chámalle xe / Chámalle como queiras.** *fórm.* 1. Mostra autoridade e desaprobación. *Chámalle como queiras pero eu cando veña ten que estar todo limpo e os deberes feitos.* 2. Amosa conclusión sobre dúas formas ou camiños distintos que teñen que confluír nun mesmo final. *Chámalle como queiras. Se fixeron unha estafa, roubar é.*
61. **Chíanme/Pítanme os oídos.** *fórm.* Dise cando se fala de alguén na súa presenza ou cando lle pitan os oídos a alguén facendo mofa e dicíndolle que están a falar mal del nalgún sitio. Cando se dá esta segunda opción, incluso se pode matizar e pódese dicir que, se lle pita o oído esquerdo, están a falar mal e, se o que pita é o dereito, é que están a falar ben. Pódese usar tamén en primeira persoa. *Oi, pítame o oído esquerdo. Alguén está a falar mal de min.*
62. **Chimpa na porta, que sobe e que baixa e métea no cu.** *fórm.* HUM. LUD. VULG. Resposta de forma humorística a *A ti que che importa.* -*Ti vas a vir? -Por que, a ti que che importa. -Chimpa na porta, que sube e que baixa e métea no cu.*
63. **Colliches un burro/burriño?** *fórm.* Díselle a quen se encabuxou para amolalo. *Ai, colleches un burriño? Pois cólleo pola corda e vaino pastar.*
64. **Coma o catarro e a \*tos.** *fórm.* HUM. LUD. Funciona como resposta humorística a *Que dous.* -*Ai, que dous. -Si, coma o catarro e a tos.*
65. **Comecastañas.** *fórm.* HUM. LUD. VULG. Úsase como resposta humorística a *Como te chamas? -Como te chamas? -Comecastañas. -Si, que o burro as caga e ti as apañas. -Si, o burro a cagar e ti a lamber, sempre hai/tes algo que facer.*
66. **Comeuche a lingua o gato.** *fórm.* Díselle a quen non fala normalmente por vergoña. *Que, Juan!? Non dis nada, comeuche a lingua o gato ou que.*
67. **Como (nome do interlocutor) me chamo!** *fórm.* Remite á valentía, afouteza e promesa incuestionable. *Como José me chamo, que vou alí e bótolle as pólas todas pa baixo!*
68. **Como che quedou o corpo?!** *fórm.* Úsase cando alguén queda estupefacto ou decepcionado por algún tipo de traizón ou desavinza. *O Madri acaba de baixar a segunda. Como che quedou o corpo?!*
69. **Como te cuidas!** *fórm.* Díselle a quen come algo doce ou unha boa porción de comida. -*Como te cuidas! -Home, o palleiro non se fai sin palla.*
70. **Como vai a cousa?** *fórm.* COL. Úsase como forma de saúdo coa intención de establecer diálogo. -*Como vai a cousa? -Bah, tirando.*
71. **Como vaia aí!** *fórm.* Ameaza. *Como vaia a aí, voute pór fino!*
72. **Comprepá (ou non comprepá)?** *fórm.* HUM. COL. Apela á comprensión do interlocutor. Adaptación do francés *comprend pas* que significa 'entendes?'. *Ainda que pon o título da película que vai vir, a que está agora é a anterior. Comprepá?*
73. **Con que te afeitas Marcelo, que non che queda ningún pelo?** *fórm.* HUM. Díselle a quen non ten pelos ou ten moi poucos. Tamén se pode usar cando alguén ten un remedio ou un truco para lograr cousas que un non

- é capaz de acadar. *-Como fixeches esa tarta? Está riquísima. -Ah, con que te afeitas Marcelo, que non che queda ningún pelo?*
74. **Con quen eu casei a miña filla!** *fórm.* Dise para expresar a sorpresa e o arrepentimento de algo que se fixo ou se ordenou. *E foron todos a alá. Eu non che dixen que solo foran tres que alí non podían entrar todos. No, con quen eu casei a miña filla! Vale máis ir ca mandar.*
75. **Coñecendo a burra.** *fórm. COL.* Refírese ao coñecemento profundo e das mañas doutra persoa. *Home, eu xa contaba con iso ou con algo parecido. Conocendo a burra.*
76. **Cousa rara.** *fórm.* Úsase cando sucede algo estraño. *Son as oito e aínda non viñeron teus pais. Cousa rara. Vai morrer un portugués.*
77. **Da fronte á paxareta para que o demo non se me meta.** *fórm. HUM. LUD. VULG.* Úsase acompañada co sinal da cruz para ridiculizar este acto relixioso e coa que se busca provocar o riso.
78. **Dá igual de que lado se mire.** *fórm.* Úsase para desenganar a alguén que pensaba que dúas cousas eran distintas cando non o son. *Dá igual de que lado o mires, é tan bo un coma o outro.*
79. **Dá igual/o mesmo.** *fórm.* Refírese a algo insignificante ao que non se lle debe dar importancia. *Se non vén, dá igual. Malo será que non deamos feito nós.*
80. **Dálle un bico no cu.** *fórm. HUM. VULG.* Ridiculiza a quen dá bicos de forma pesada ou estoxadiza. *Tanto bico nin tanta tontería. Ai, dálle un bico no cu.*
81. **De algo hai que morrer.** *fórm.* Dino as persoas que fan, dun xeito voluntario, actividades que son prexudiciais para a saúde. *-Deberías deixar de fumar. Cada día respiras peor. -É igual, de algo hai que morrer.*
82. **De estira e aberta/encolle como a picha de Alberta/Jorge.** *fórm. HUM. LUD.* Dise de algo que consiste en estirar e encoller. *Pa encender a máquina tes que tirar pola corda e despois ela xa volve sola pa dentro. É de estira e aberta como a picha de Alberta.*
83. **De lado, é menos pecado.** *fórm. HUM. VULG.* Dise con intención cómica cando alguén fai algo e se pon de xirado para facelo pero ten unha orixe e sentido erótico-picaresco. *-Así vou sentada de lado. -De lado, é menos pecado.*
84. **De perdidos, ao río.** *fórm.* Apela á valentía cando a situación xa é mala. Hai que arriscarse porque non hai nada que perder. *Agora que chegamos aquí. De perdidos ao río. Agora tiramos pa adiante. Total, que temos que perder?*
85. **Deixa andar o can coa roca que ha de dar conta da mazaroca.** *fór.* Díselle a quen presenta determinados comportamentos irracionais, ilóxicos ou negativos. *-Si un pavo vale 6 euros 50. Por tres pavos casi compra unha docena de pitos. -Boh, e que lle vas facer. El éche así. Deixa andar o can coa roca que che ha de dar conta da mazaroca.*
86. **Déixao estar/ir.** *fórm.* Indica indiferenza sobre algo. *-O Alvarito pasa unha vida coma un rei. Non pega golpe. -Déixao estar. Si pa el está ben, pa min tamén. Cada un manda na súa casa.*
87. **Dente fóra e outro na cova.** *fórm.* Dise cando se tira un dente de leite para un lugar sagrado ou máxico. *A ver, pide un*



- deseo e tiras o dente pa riba do forno do pan e tes que dicir: dente fóra e outro na cova. Así náceche outro no sitio.*
88. **Deuche a billa no peito?! fórm.** Diselle de broma a alguén que foi buscar o viño e tardou no camiño. *Que?! Deuche a billa no peito?! Xa casi acabamos de cenar.*
89. **Deus castiga! fórm.** Diselle a alguén que lle aconteceu algo malo e que normalmente non se explica por que lle pasou. *Ah, se cortaches un dedo. Algo farías. Dios castiga!*
90. **Deus dálle pan a quen non ten dentes. fórm.** Dise cando consideramos que algo é inxusto. *Dios sempre lle dan pan a quen non ten dentes. Se non, mira ti, que fai o Panzudo aí no concello.*
91. **Deus dea as cousas ben repartidas/ todo ben repartido. fórm.** Dise cando hai unha situación na que hai moita abundancia ou escaseza de algo para mostrar que non é normal. *Primeiro chove catro meses sin parar e agora este calor tolo. Dios dea as cousas ben repartidas.*
92. **Deus non quere as malas cousas. fórm.** Diselle a alguén que ía facer algunha trasnada e saíulle mal. *Íbasmе dar e non puideches. Que ben che estivo! Dios non quere as malas cousas.*
93. **Deus os dá e eles se xuntan. fórm.** HUM. Dise das persoas que son tan parecidas que acaban xuntas dalgunha maneira. *Ti mira pa alí. Non fan nadiña. Sonche tal para cual. Dios os dá e eles se xuntan. Xa o di o refrán.*
94. **Diso nada! fórm.** Úsase para negar de maneira irrefutable. *Deso nada! Ti vés pa aquí!*
95. **Dito iso/isto. fórm.** Marca unha progresión no discurso despois de facer un inciso ou aclaración. *Cando eu estaba en Francia, no Departamento 235 de París, eu tiña que ir co camiión ao centro polas calles estreitas. Dito isto, agora as cousas cambiaron moito.*
96. **Díxolle o pote ao caldeiro. fórm.** Dise cando alguén lle recrimina algo a alguén e é a persoa menos indicada para facelo porque é a que máis peca de facer iso. *-Non comas máis helados que despois dóeche a barriga. -Si si, díxolle o pote ao caldeiro. Cantos comeches ti hoxe?*
97. **Do chan para baixo, non pasa. fórm.** Dise de algo ou alguén que acaba de caer. *-Acaba de caír o Anxo. -Pois si caíu, que se levante, que, do chan pa baixo, non pasa.*
98. **Dóeche a cabeza, sinal de riqueza. fórm.** HUM. Diselle de forma humorística a quen se queixa dunha dor de cabeza. *Ai, dóiche a cabeza. Xa sabes, a quen lle doi a cabeza, señal de riqueza.*
99. **É (cousa d) o demo. fórm.** Dise dunha situación estraña. Úsase para darlle explicación a un acontecemento que non a ten e que normalmente sucede de forma estraña. *-A tarteira caíu de enriba da mesa. -Tocácheslle ti? -Non -Oi, pois éche cousa do demo. / -Por que cairía o estante? -Iso foi o demo. Fódase!*
100. **É a morte. fórm.** Diselle de forma humorística a quen se está a queixar de algo que padece sen saber, de certo, o que ten. *-Doime aquí o brazo e aquí esta perna. Non sei que pode ser. -É a morte, ha, ha.*
101. **É a ruindade. fórm.** PEX. Diselle a alguén que se está a queixar ou que mostra unha dor ou dalgún tipo de molestia corporal para meterse con el/ela. *-Ai, levo todo o día a fregar neste*

- ollo. *Non sei que será. -Digocho eu. A ruindá.*
102. **É ao que eu che vou.** *fórm.* Centra o discurso e amósalle ao interlocutor que está a entender o que se lle di. *-Ese home non é capás de facer nadiña. -É ao que eu che vou. E despois quere ter galiñas, ouvellas e porcos.*
103. **É así.** *fórm.* Expresa indiscutibilidade. *O que ti dis é porque non estás no seu sitio. É así. Porque se chegas a estar, non dirías iso.*
104. **E cun coitelo cortouse.** *fórm.* HUM. LUD. Responde de forma humorística a *María matouse.* *-Ala vai, María matouse. -Si, e cun cuchilo cortouse.*
105. **É lei de vida.** *fórm.* Dise para facer referencia a cuestións que van marcando a vida das persoas como medrar, casar, marchar da casa, morrer... *Home, casou e foi pa a casa dos sogros. É lei de vida.*
106. **E non falla!** *fórm.* Expresa infalibilidade e indiscutibilidade. *E non parecía así pero, co tempo, descúbrese a enfermidade que un leva dentro. E non falla!*
107. **É normal.** *fórm.* Úsase como vara de medir das accións das persoas: é normal ou non é normal. *Iso que fai esa xentiña non é normal.*
108. **É o conto.** *fórm.* Úsase para referirse ao asunto que a persoa está a falar e autoafirma ou reafirma o que di. *Entón. É o conto. Vesme dando a razón.*
109. **É problema da casa de cada un.** *fórm.* Fai referencia a que cada quen ten que amañar os seus propios problemas, incluído os que hai dentro do seu fogar. *-Si o Manolo anduvo coa Clotilde todo o que quixo e agora está coa outra. -Iso é cousa deles. Éche problema da casa de cada un.*
110. **E quen o perdeu para que eu o teña.** *fórm.* HUM. Úsase como resposta dunha persoa á que se lle reprocha que acaba de facer unha estupidez. *-Olla que sentido ten. Non tes sentidiño ningún. -E quen o perdeu pa que eu o teña.*
111. **É verdade.** *fórm.* Dise cando alguén lembra ou recorda algo. *É verdá, ti non tiñas os pasteles na cociña?*
112. **En menos tempo pariu miña avoa!** *fórm.* HUM. Diselle a quen tarda moito en facer algo. *Vai buscar cinco euros pa a panadeira. A ver: En menos tempo pariu miña abuela!*
113. **En todas as casas hai algo.** *fórm.* Úsase para indicar que en todas as casas hai algún problema entre as persoas, xa sexa entre pais e fillos, xenros e sogras, cuñados... *En todas as casas hai algo e o que diga que no que levante o dedo.*
114. **En todas as casas se cocen fabas.** *fórm.* Úsase para indicar que en todas as casas hai algún problema entre as persoas, xa sexa entre pais e fillos, xenros e sogras, cuñados... *-O Clara tivo problemas coas preferentes. E iso que ten un parente no banco. -En todas as casas se cocen fabas.*
115. **En todos os lados (che) hai.** *fórm.* Refírese que en todos os lados hai persoas boas, malas... *-Mira que hai xente aquí que é mala. -Aquí? En todos os lados che hai, meu fillo.*
116. **Enriba da cona un corte.** *fórm.* VULG. Dise cando a situación é mala e empeora. *Xa tiña un tumor e agora outro. Xa ves, enriba da cona un corte.*
117. **Enriba de burro, mallado.** *fórm.* Sinala o empeoramento da situación de alguén que xa non estaba ben. *Agora ten que facer máis horas no traballo. Como xa facía poucas. En fin, enriba de burro, apaleado.*

118. **Era sen tempo!** *fórm.* Diselle a alguén ou cando xa se está canso/a de agardar. *Home, xa era sin tempo! Levo aquí media hora.*
119. **Era visto.** *fórm.* Sinala algo que estaba claro; era obvio; era esperable. *Eu xa sabía que iba pasar. Era visto.*
120. **Esa si.** *fórm.* IRÓN. Úsase para quitarlle crédito a unha terceira persoa da que se está a falar ou coa que se confirma un mal comportamento agardado. *-A Rosa non me axudou nada. -Non si. Esa si. Ponte á espera. A bo lado foches.*
121. **Escóitase o tren.** *fórm.* Dise para indicar que vai cambiar o tempo, normalmente que vai empeorar e vai chover. Sucede isto porque, ao haber baixas presións, escóitase o son do tren e, esas baixas presións, normalmente implican chuvia. *Ui, escúitase o tren. Vai chover.*
122. **Está a lúa no crecente.** *fórm.* HUM. IRÓN. Dise cando alguén está cabreado. *Ui, debe estar a luna no crecente. Non hai quen aguante a túa nai.*
123. **Estaba/Está un can a cagar (nunha cabaza).** *fórm.* HUM. VULG. Úsase de forma humorística con quen fai un traballo ou algo que debería facer máis a miúdo pero non o fai. *-Xa me afeitei. -Si, estaba un can a cagar.*
124. **Estamos a comer.** *fórm.* Dá un toque de atención ou recordar que se está a comer ao xurdir algún tema ou palabra pouco noxenta. *-Hoxe había un gato atropellado en Meder coas tripas fóra. -Ai, non fales desas cousas que estamos a comer.*
125. **Están a peitearse/lavarse as bruxas.** *fórm.* Dise cando chove e vai sol. *Mira, chove e fai sol. Estanse a peinar as bruxas.*
126. **Estás a buscarlle/pedirlle traballo para teu irmán.** *fórm.* HUM. Diselle a alguén que se espreguiza estirando os brazos. *Mira pa este, estaslle a pedir traballo pa teu irmán.*
127. **Fai o favor!** *fórm.* Advertencia formal para evitar tentativas de oposición e convidar a unha segunda persoa a facer algo. En ocasións, dise de forma encabuxada e conténdose. *Fai o favor e déixame tranquila!*
128. **Fóra a alma, son coma a xente.** *fórm.* Emprégase para facer referencia ao bo comportamento dun animal ou á súa semellanza coas persoas. *A Prin é mui cariñosa. Fóra a alma, é coma a xente.*
129. **Fuches á escola do Pisiñas.** *fórm.* HUM. Diselle a alguén que non é capaz de facer un cálculo fácil en pouco tempo ou que o fixo mal. *Non sabes multiplicar iso?! Ti foches á escuela do Pisiñas.*
130. **Fuches ao baúl dos recordos.** *fórm.* Úsase cando alguén ensina cousas do seu pasado ou mostra algo moi antigo. *De donde sacaches ese vestido? Parece que foches ao baúl dos recuerdos. Mi ma, iso xa é do ano chispún.*
131. **Gábate meu can, que te vendo mañán.** *fórm.* COL. Diselle a quen se autoeloxia de forma gratuíta. *Si, si. Gábate meu can, que te vendo mañán.*
132. **Ganar, gánaos un burro (; o carallo é aforralos).** *fórm.* COL. Refírese á facilidade de gañar diñeiro e de gastalo sen pensar. *Xa o dicía miña nai. Ganar; gánaos un burro; o carallo é aforralos.*
133. **Habelas hainas.** *fórm.* Fai referencia ás bruxas. *Esa Gallosa éche bruxa. Eu cando a vexo cruzo os dedos que, habelas hainas. Fódase!*
134. **Hai que asubiar/cantar.** *fórm.* HUM. Diselle a quen chega a un sitio sen avisar e en silencio sen que a persoa ou

- persoas se dean de conta e se asusten ao vela. *Hai que asubiar! Vaia susto me deches. Pensei que eras a Maribel*
135. **Hai que atender ao que se está a facer.** *fórm.* Díselle a quen está distraído/a e acaba de facer algo mal. *Ves, xa che botou a tarteira por fóra. Hai que atender ao que se está a facer.*
136. **Hai que chamar o matador que o porco xa ronca/fala.** *fórm.* HUM. PEX. VULG. Díselle a quen acaba de eructar. *Porco. Hai que chamar o matador que o porco xa fala.*
137. **Hai que mollarse.** *fórm.* Dise para facer referencia a cando hai que facer un traballo que é esixente fisicamente ou que require unha implicación especial. *Ai, non quere comer patatas da casa? Pois ten que mollarse.*
138. **Hai temporal/tormenta.** *fórm.* IRÓN. Refírese a unha persoa que está anoxada e mostra comportamentos que o demostran. *-Vai lavar a louza e trae os platos pa aquí. (Con voz de enfado) -Hum, me parece que hai temporal.*
139. **Home.** *fórm.* 1. Expresa afirmación, sorpresa ou apelación. Con este sentido, pode ir acompañado de **claro** para darlle énfase. *-Fixeches iso? -Home claro.* 2. Repetido, indica desaprobación ou reconsideración. *Home, home. Que fas aí metido?*
140. **Huhu, auga para o cu.** *fórm.* HUM. LUD. Dise cando alguén bebe. Antes esta voz onomatopeica usábase co gando. *Huhu, auga pa o cu. Ala, xa botaches por fóra coa risa. Tampouco foi pa tanto.*
141. **Ímolo levando.** *fórm.* Úsase para marcar o progreso da vida a pesar das súas dificultades. *Vámolo levando que é o importante. E non se pode mirar todo se non...*
142. **Ir por ir (é parvada) / Ir para nada (é parvada).** *fórm.* Dise cando se sospeita que se vai ir inutilmente a algures. *Pa que imos ir a alá si non imos poder facer nada. Ir por ir é tontería.*
143. **Iso non se di/fai.** *fórm.* Desaproba algo que se dixo ou fixo. Xeralmente, díselle aos nenos pequenos. *E díxolle iso ao pai? Iso non se lle di a un pai.*
144. **Malo será.** *fórm.* Anima a ser optimista. *Se non vén, dá igual. Malo será que non deamos feito nós.*
145. **Manda carallo!** *fórm.* COL. Expresa sorpresa. *E viñéronche os dous. Manda carallo!*
146. **Mans frías, amores todos os días.** *fórm.* Dise de quen ten as mans moi frías. *-Ai, que mans frías tes. -Si. Xa sabes, mans frías, amores todos os días.*
147. **Mans quentes, amores ausentes.** *fórm.* Dise de quen ten as mans quentes ou moi quentes. *-Ai, que mans quentiñas. -Si, mans quentes, amores ausentes.*
148. **Mátame, camión!** *fórm.* HUM. Dío quen acaba de recibir unha nova sorprendente e algo increíble para dicir que se quere desaparecer. *E vai vir Jose. Mátame camión!*
149. **Mete as mans no cu / Mete as mans onde che caiban/collan!** *fórm.* VULG. Díselle a alguén que anda coas mans ou os dedos por onde non debe e molesta. *-Quen me andivo nas miñas cousas? -Fun eu. -Pois, pa a próxima, mete as mans no cu!*
150. **Mete o dedo no cu / Mete o dedo onde che caiba/colla!** *fórm.* VULG. Díselle a alguén que anda coas mans ou os dedos por onde non debe e molesta. *-Quen anda a meter aí as mans? Mete o dedo no cu! -O dedo no cu, métello tu.*
151. **Mete o nariz no cu / Mete o nariz onde che caiba/colla!** *fórm.* VULG.

- Díselle a alguén que anda coas mans ou os dedos por onde non debe e molesta. *Que andas a cheirar ti aquí? Mete o o narís onde che colla.*
152. **Méteo no cu!** *fórm.* VULG. Díselle a quen presume gratuitamente de algo intentando facerlle auga na boca á outra persoa. *Agora non cho quero. Méteo no cu!*
153. **Meu pai mandou a miña nai, miña nai mandoume a min e eu mandei a meu irmán que é máis novo ca min.** *fórm.* Dise cando uns mandan aos outros e ninguén quere ir. *1-Vai buscar unha botella de viño. 2-Cris, vai ti. 3-Eu agora non podo que estou a fritir as patatas. Que vaia a Debi. 4-Si, claro. Meu pai mandou a miña nai, miña nai mandoume a min e eu mandei a meu irmán que é máis novo ca min.*
154. **Mi ma/madriña.** *fórm.* Expresa de sorpresa. *Mi ma, e dixo iso? Noo, esa ten unha lingua que non lle colle na boca.*
155. **Mira quen fala! / Mira que vai/foi falar!** *fórm.* Repróchalle a alguén algo que acaba de dicir, manifestando que é o menos indicado para falar. *Si, mira quen foi falar. Sempre vai falar, quen máis ten que rañar.*
156. **Mira quen foi falar!** *fórm.* Úsase para reprocharlle a alguén que se queixa de algo cando é el mesmo o principal culpable. *Si, mira quen foi falar. Sempre fala o que debía estar calado.*
157. **Mira quen vén aí/alá.** *fórm.* Dise de forma seria pero coa intención de que a outra persoa olle mentres lle facemos unha broma. *-Mira quen vén alí. -Ai, si, pensaches que iba picar e que me ibas coller a tarta. Debes pensar que me chupo o dedo.*
158. **Mira ti.** *fórm.* Úsase para chamar a atención e reparar sobre algo que se acaba de dicir ou que se vai dicir. *-Mira ti, morreu el antes ca a sogra. Iso que a ela xa lle deu unha trombosis e quedou cega dun ollo. -Si, tocoulle a el abrir as portas do ceo.*
159. **Moi/Que bonito!?** *fórm.* Díselle a alguén que está a contar algo malo que fixo como se fose unha proeza para reproballo. (Despois de botarlle unha escuma de Entroido que usan os mozos no instituto de broma) *Mui bonito!? Mira que bonito! Agora a lavarme a chaqueta.*
160. **Morra a marta, morra farta.** *fórm.* Xustifica a gula de quen come en exceso. *Deixa que coma pa adiante. Morra a marta, morra farta.*
161. **Morren os bos e quedan os ruíns/malos.** *fórm.* Dise cando morre unha boa persoa e quedan vivas algunhas que son ruíns da mesma familia ou doutra distinta. *Así que morreu o irmán da Rosa. Morren os bos e quedan os ruíns. Sempre foi.*
162. **Ningún traballo é bo (por iso se chama traballo).** *fórm.* HUM. PEX. Crítica o exercicio laboral. *-Ese traballo é jodido eh. -Xa. E dime ti que traballo é bo? Porque ningún traballo é bo, por iso se chama traballo.*
163. **No coche de san Fernando, un pouquiño a pé e outro pouquiño andando.** *fórm.* HUM. Fai referencia de forma humorística a ir a pé. *-E en que imos ir á misa? A pé? -A pé no, no coche de san Fernando, un pouquiño a pé e outro pouquiño andando. Ha, ha!*
164. **Nome do pai, nome do fillo, se lle ves a cona, pégalle un tiro.** *fórm.* HUM. LUD. VULG. Dise humoristicamente para sacarlle ferro a unha situación máis ou menos seria e indicar incredulidade

- e sorpresa. *E ese home entrou por ese buraco. Nome do pai, nome do fillo, si lle ves a cona, pégalle un tiro.*
165. **Non che queda nada (que andar).** *fórm.* IRÓN. Díselle a alguén que amosa reticencia ao traballo ou a algunha actividade dura necesaria para sobrevivir. Realmente estase a dicir que aínda lle falta moito. *Non che queda nada. Ti aínda non lle miraches o cu á curuxa. / E non comes ese peixe. Uuuh, non che queda nada.*
166. **Non cuspas para o aire (que che pode caer)!** *fórm.* COL. Úsase para censurar a quen está a falar de algo de forma prematura e inconsciente sen coñecer realmente as consecuencias ou ignorándoas. *-A miña filla non é desas. -Non cuspas po aire que che pode caír.*
167. **Non é o mesmo levar no cu ca no cu levar.** *fórm.* HUM. LUD. Advirte de que dúas cousas non son iguais, tal e como se pensaba. *No, non me digas que che dá igual. Mira que non é o mirmo levar no cu ca no cu levar.*
168. **Non era nada non era nada (e levaba un ollo na man).** *fórm.* HUM. IRÓN. Resalta a importancia de algo que ao principio parecía algo insignificante. *Dicías que non era nada non era nada e tiveron que operala.*
169. **Non fumes máis/Deixa de fumar (d)esa merda.** *fórm.* HUM. VULG. Usado pola xente nova para invalidar algo que dixo ou fixo alguén que se trabucou en algo moi doado de facer ou non para de caer, normalmente, por un despiste. Obviamente, ten relación co tabaco e con todo o que se fuma pero dise de forma humorística. *Xa caíches tres veces. Deixa de fumar esa merda.*
170. **Non hai cartos que o paguen.** *fórm.* Expresa unha gratificación moi grande. *O que Casimiro leva feito por nós, non hai cartos que o paguen.*
171. **Non hai outra.** *fórm.* Non haber outra alternativa. *Temos que ir buscar a herba aínda que chova. Non hai outra. Os animais non teñen nada na corte.*
172. **Non hai outro día/tarde.** *fórm.* Dise sobre o mediodía, cando xa choveu toda a mañá, segue chovendo, e parece que choverá toda a tarde. *Escusas coller as ouvellas porque creo que hoxe non hai outro día.*
173. **Non hai quen lle diga nada.** *fórm.* PEX. Emprégase cando alguén está intratable. *Desde que a filla é avogada, non lle colle unha agulla no cu e non hai que lle diga nada. Logo contesta.*
174. **Non hai un/ha bo/a.** *fórm.* Dise para facer referencia aos homes ou ás mulleres de forma humorística ou para queixarse cando están a comentar os seus defectos. *Non hai un bo. O que non é coxo é manco. Ha, ha!*
175. **Non me mires con cara de porco que eu non son levadura.** *fórm.* PEX. VULG. Dise para meterse con alguén que está mirando o emisor. *-Non me mires con cara de porco que eu non son levadura. -Si xa, pero parecido ao caldeiro si que eres.*
176. **Non por ir á misa se é máis santo.** *fórm.* Advirte de que non se debe fiar un ou non pensar que as persoas que mellor fan un traballo son todas as que se dedican a iso. *Si, ela traballa no Caixanova tamén pero non se entera muito de que vai o tema das preferentes. Non por ir á misa un é máis santo, eh! Ademais, ela hache ser coma todos os que están alí dentro.*
177. **Non sabes o que é bo.** *fórm.* Díselle a alguén para reprocharlle a alguén algo que non quere. *Non che gusta o viño?*

- E logo bebes pisicolas, kases e merdas desas. Ti non sabes o que é bo.*
178. **Non se aprende nada.** *fórm.* Dise ironicamente para marchar. *Marcho que non aprendo nada con vós. Hasta mañán.*
179. **Non se pode mirar todo, se non non fas nada.** *fórm.* Díselle a unha persoa que é demasiado esixente ou que é demasiado escrupulosa. *Se o vas mirar todo, non fas nada. Todo o mundo ten algún defecto. Non se pode mirar todo.*
180. **Non teñas/tiveras medo.** *fórm.* Dise para non preocuparse ou asustarse por algo. *Non teñas medo de que ese gilipollas volva pisar nesta casa.*
181. **Nunca o fixen para que o fagas ti / Nunca fun eu para que vaias ti.** *fórm.* Mostra autoridade e supremacía sobre unha persoa que se considera de rango inferior ou allea ao campo de dominio do interlocutor, normalmente por idade. *Si, home, si, nunca fun eu, pa que vaias ti.*
182. **O can déitase á última volta.** *fórm.* HUM. COL. Díselle a quen se deita. *Ai, déitaste?! O can tamén se deita á última volta, sabías?*
183. **O cliente sempre ten/leva a razón.** *fórm.* Dise para resolver os posibles conflitos nas compras malogradas ou defectuosas. *-Non sei se devolver estes zapatos que comprei hai dous meses porque empezáronme a romper por aquí por riba. -Eu que ti, iba. Non tes nada que perder. -Pero non teño o tique e seguro que mo pide. -Ti vai e a ver que che di. Ti pensa que o cliente sempre ten a razón.*
184. **O dedo no cu, métello tu!** *fórm.* HUM. LUD. VULG. Resposta a *mete o dedo no cu.* *-Quen anda a meter aí as mans? Mete o dedo no cu. -O dedo no cu, métello tu!*
185. **O non xa o tes (agora tes que buscar o si).** *fórm.* Incita a non darse por vencido/a antes de pretender algo. *-Non sei se ir á entrevista ou non. Total, o puesto xa ha de estar dado. -Eu que ti, iría. Que tes de perder? O no xa o tes.*
186. **O que diga que non, que levante o dedo.** *fórm.* IRÓN. Úsase para apelar aos interlocutores e desafialos para ver que contradí unha verdade absoluta. *En todas as casas hai algo e o que diga que no que levante o dedo.*
187. **O que fai a \*persona, repíteo a mona.** *fórm.* HUM. PEX. Díselle a quen está a facer a burla doutra persoa repetindo os movementos ou o que di.: *Ti eres parvo, o que fai a persona repíteo a mona. Pa que me fas a burla?*
188. **O que paga descansa e/pero o que cobra, máis / O que paga descansa e/pero o que cobra, dúas veces / O que paga descansa e/pero o que cobra, o dobre.** Refírese a que queda máis feliz quen cobra unha débeda ca quen a paga. *O Litos ten un letreiro no taller que di: Eu firmei un acuerdo co banco: eles non traballan de mecánicos e eu non presto diñeiro. -Pois estache ben. Iso é pa que a xente non vaia ao fiado nin lle marche sen pagar. -A verdá é que a min non me gusta ir a un sitio e marchar debendo. Prefiro non ir. -Home, así e todo, quen paga descansa pero quen cobra, dúas veces.*
189. **O que ti digas.** *fórm.* Fórmula de resposta para darlle a razón ao interlocutor aínda que dunha forma pouco convencida despois dunha discusión. *-Que levas? O pantalón e a camisa? -O que ti digas.*
190. **O que vale, vale (e o que non para Citroën).** *fórm.* HUM. PEX. Refírese á/s persoa/s que realmente son boas ou moi boas en algo. *-Pois si que*

- quedou ben pintada a casa. -Home, que pensabas. O que vale, vale.*
191. **O tranquilo morreu cagando (na vía do tren (lendo o periódico a páxina de sucesos)).** *fórm.* HUM. VULG. Resposta humorística a quen di **tranquilo** para que avive e apure. *-Colleches a cousas pa marchar? -Tranquilo. -Tranquilo, o carallo!, que xa sabes o que lle pasou ao Tranquilo que morreu cagando na vía do tren.*
192. **Oi, que cona!** *fórm.* VULG. Indica sorpresa con indignación, enfado ou desaprobación. *Oi que cona! Xa está esa aí outra ves. Dille que non estamos. / Ui, que virgen. Xa me estás tocando muito a moral.*
193. **Oi/Ui que carallo!** *fórm.* VULG. Indica sorpresa con indignación, enfado ou desaprobación. *Oi que carallo! Pasa pa aquí.*
194. **Oi/Ui que hostia!** *fórm.* VULG. Indica sorpresa con indignación, enfado ou desaprobación. *Oi que ostia! Non dou salido de aquí.*
195. **Oi/Ui que leria!** *fórm.* VULG. Indica sorpresa con indignación, enfado ou desaprobación. *Teño que arreglarche a bicicleta outra ves? Oi que leria!*
196. **Oi/Ui que virxe!** *fórm.* VULG. Indica sorpresa con indignación, enfado ou desaprobación. *Temos que ir de volta outra ves? Oi que virgen!.*
197. **Ollos de porco veno todo.** *fórm.* HUM. LUD. VULG. Resposta a **Carne de burro non transparente/é transparente.** Díselle a quen estorba á visión de alguén por poñerse diante. *-A ver. Aí non podes estar que así non vexo. Carne de burro non transparente. -Si, ollos de porco míranos todo.*
198. **Os de fóra rachan leña.** *fórm.* Díselle a quen mete o nariz en asuntos que non son da súa incumbencia, sobre todo, no que se refire a partidas de cartas... nas que unha persoa que non está a xogar lle está a dicir aos xogadores o que teñen que facer. *E ti, caladiño. Que aquí os de fóra rachan leña.*
199. **Ou que?** *fórm.* Úsase para buscar unha resposta o máis correcta posible a unha pregunta. A súa intención é un si, un non ou outra resposta calquera pero que sexa a correcta. *Que che pasa? Tas pálido. Tes o color dos peidos. Tas malo ou que?*
200. **Ou xogamos todos ou boto/tiro a puta ao río / Ou xogamos todos ou pico/rompo a pelota.** *fórm.* COL. Dise cando alguén queda marxinado nun xogo colectivo. *Podíamos botar unha partida pero sobra unha persoa. Así que, nada. Aquí ou xogamos todos ou pincho a pelota.*
201. **Para/Por variar.** *fórm.* Indica cambio nunha situación que sempre é a mesma. Se se di ironicamente, refírese á inmovilidade e á ausencia de cambio. *-A onde fostes o sábado á noite? -A onde íbamos ir? A Pontearreas. -Pa variar. -Si.*
202. **Parece mentira (en ti)!** *fórm.* Dise cando alguén ve algo increíble ou difícil de crer. *Mira, puxo un coche enriba de catro güevos e non romperon. Parece mentira, eh!*
203. **Parece que foi Deus.** *fórm.* Dise dunha situación que ten algo de milagrosa. *Mira, agora a cadela xa anda ben. Parece que foi Dios.*
204. **Pensas que todos fan/son coma ti/vos/eles.** *fórm.* IRÓN. Díselle a quen ou sobre quen xeneraliza e pensa que todo o mundo fai ou actúa igual. *Ti pensas que todos facemos coma ti, que te levantas todos os días á unha.*
205. **Pensei que te perderas.** *fórm.* HUM. IRÓN. Dise humoristicamente cando



- alguén tardou moito en ir buscar algo. *A onde foches buscar a tiseira? Pensei que te perderas. Xa onde vai que marchaches.*
206. **Perdóolle o mal que fai polo ben que sabe.** *fórm.* HUM. Fai referencia ao falso sacrificio que fai alguén ao comer algo que está moi rico pero que é prexudicial para a saúde. *Hum, estes dulces están de vicio. Perdónolle o mal que fan polo ben que saben.*
207. **Pero parecido ao caldeiro es.** *fórm.* LUD. PEX. VULG. Resposta a **Non me mires con cara de porco que eu non son levadura.** *-Non me mires con cara de porco que eu non son levadura. -Si xa, pero parecido ao caldeiro si que eres.*
208. **Pícache o leite!** *fórm.* HUM. VULG. Díselle a alguén que parece molesto por algo. *Que che pasa hoxe? Non tes parada. Pícache o leite! Fódase!*
209. **Pícache? Pois rasca.** *fórm.* HUM. LUD. Díselle a quen se queixa de que lle pica algo. *-Ai, pícame aquí no medio das costas. -Pois si che pica, pois rasca.*
210. **Picaches, picaches, que tunda levaches, comiches touciño e non empachaches.** *fórm.* HUM. LUD. Dise de forma burlesca a quen caeu nunha trampa. *-Miraches o que hai aí dentro? (A persoa asoma a cara e bótanlle auga na cara) Ha, ha, ha, picaches, picaches, que tunda levaches, comeches touciño e non empachaches.*
211. **Pode ser teu pai/nai.** *fórm.* Díselle a alguén que parece descoñecer ou que ignora dalgunha maneira a idade de alguén bastante máis vello ca el ou ela. *Cantos anos pensas que ten? Mira que esa muller pode ser túa nai. Tranquilamente.*
212. **Ponlle unhas canizas.** *fórm.* HUM. Dise cando alguén enche ata o límite unha cunca ou algo semellante cun líquido. *Vas ter que pórllle unhas canizas á taza pa que non che caian as galletas ou o leite.*
213. **Ponte á espera.** *fórm.* IRÓN. Mostra desengano e incredulidade. *-A Rosa non me axudou nada. -Non si. Esa si. Ponte á espera. A bo lado foches.*
214. **Por algo/aí se empeza.** *fórm.* Alerta a quen se inicia en algo, para o bo ou para o malo. *E décheslle un bico a ese?! Mira que quen dá o bico, dá o crico. Por aí se empeza.*
215. **Por ese/esa-el/ela non vén o mal ao mundo.** *fórm.* Fai referencia a unha boa persoa. *Podes estar tranquilo que por ese non che vén o mal ao mundo.*
216. **Por falar, non cobran.** *fórm.* IRÓN. Desacredita a quen fala sen ser consciente da realidade e de forma gratuítá. *Ti di o que queiras que o falar non ten cancelas nin cobran por iso, así que...*
217. **Por iso non é malo.** *fórm.* Defende a alguén que se está a criticar de forma gratuítá. *-Mira que é desconfiado que está todo o día mandando pechar as portas e contando sempre o mirmo. -Xa home, pero por iso non é malo.*
218. **Predica, meu padre! \*fraile, que por un oído me entra e por outro me \*sale.** *fórm.* HUM. LUD. Fai referencia a cando alguén non fai caso do que lle din. *Si si, pradica meu padre que por un oído me entra e por outro me sale. Non che fixo nin caso.*
219. **Pregúntalle/Mándalle a Mateu, que é tan bo coma eu.** *fórm.* HUM. PEX. Úsase para marcar que dúas persoas son iguais de irresponsables. *E dixécheslle á Debi que cho recorde?!*

- No si, mándalle a Mateu que é tan bo coma eu.*
220. **Que (hostia) tes?/Que (hostia) che doe?** *fórm.* VULG. Úsase para desafiar a alguén, moitas veces, de broma. *Que tes? Tes algún problema? Que non tes cara pa levar unha hostia.*
221. **Que aproveite.** *fórm.* Dise cando se chega a unha mesa con comensais para desexarlles que lles preste a comida. *-Dixeches que aproveite cando entraches? -Si. -Ah, bueno, pensaba.*
222. **Que bicho che/lle picou (agora)?** *fórm.* IRÓN. Díselle a alguén que tiña unha molestia e comeza a mostrar unha nova inquietude. *Ti non sabes estar quieto? Que bicho che picou agora?*
223. **Que che/vos sexa leve.** *Fórm.* Dise para desexar que sexa menos dura unha situación pola que alguén ten que pasar. *-Hoxe, tócame ir toda a tarde de compras. -Ah, si, pois que che sea leve.*
224. **Que come/ten de malo.** *fórm.* Pon de relevo que cousas malas ten ou come o que poñamos a continuación. *Que come de malo o teixugo pa non poder comelo nós.*
225. **Que foi á misa e cagou na camisa.** *fórm.* HUM. LUD. VULG. Resposta humorística a **Que risa, tía Luísa.** *-Ha, ha, ha, que risa, tía Luísa. -Que foi á misa e cagou na camisa.*
226. **Que foi e volveu non a perdeu.** *fórm.* HUM. LUD. Resposta a **Quen foi a Sevilla perdeu a silla.** *-Aí estaba eu sentada. -Ai, ti marchaches. Agora quen foi a Sevilla perdeu a silla. -Xa, pero quen foi e volveu non a perdeu.*
227. **Que lle pides/quieres?** *fórm.* IRÓN. Dise e desculpa unha persoa da que non se pode esperar máis do que dá intelctualmente. *Ela é así. Que lle pides? Non dá pa máis.*
228. **Que lle vas (imos) facer?** *fórm.* IRÓN. Indica resignación ante unha situación que parece que non ten aparente solución. *-Manolo non para de lle bater a esas ovellas. Non se dá de conta de que son animais, que non pensan e que, por moito que lle pegue, non van deixar de comer nas couvas e na viña. O que ten que facer é prendelas. -Que lle vas facer? Non pensa máis. Por máis que lle digo. Exa o dicían as vellás: Bater nos animais é bater no diñeiro.*
229. **Que máis che dá?** *fórm.* Dise cando algo é insignificante; que non ten maior importancia. Díselle a alguén que se mostra molesto/a sen motivo porque é sobre algo que non o incumbe. *Boh, meu pobre. Déixao estar aí. Que máis che dá?*
230. **Que me/che/nos/lle quiten o bailado.** *fórm.* Dío quen fai balance das experiencias vividas como algo fantástico. *Hai que vivir a vida. Que, unha ves que morramos, que nos quiten o bailado.*
231. **Que o burro as caga e ti as apañas.** *fórm.* HUM. LUD. VULG. Resposta a **Comecastañas.** *-Como te chamas? -Comecastañas. -Si, que o burro as caga e ti as apañas. -Si, o burro a cagar e ti a lamber, sempre hai/tes algo que facer.*
232. **Que risa, tía/María Luísa.** *fórm.* HUM. IRÓN. LUD. Ridiculiza a alguén que se está a rir dun. Dise de forma irónica *Ha, ha, ha, que risa, tía Luísa.*
233. **Quen foi a Sevilla perdeu a \*silla.** *fórm.* HUM. LUD. Díselle a quen marchou e deixou un asento baleiro que foi ocupado. *-Aí estaba eu sentada. -Ai, ti marchaches. Agora quen foi a*

- Sevilla perdeu a silla. -Xa, pero quen foi e volveu non a perdeu.*
234. **Quen nada (non afoga nin) non vai ao fondo.** *fórm.* HUM. LUD. Resposta humorística a quen contesta **nada**. -*Que fas?* -*Nada.* -*Quen nada non vai ao fondo.*
235. **Quieto parado!** Úsase para deter a alguén de forma repentina. A súa principal difusión e popularización estivo marcada pola súa aparición nunha sección do programa Supermartes que emitía a Televisión de Galicia nos anos 90. El foi o encargado de popularizar este dito. *A onde vas. Quieto parado aí!*
236. **Quieto, viño! (que domino o home).** *fórm.* Dío alguén que case cae por tropezar ou por sentirse mareado/a, normalmente, polo efecto dunha bebida alcohólica. *Quieto, viño! Que case tiras comigo, ha, ha.*
237. **Saen os lagartos ao sol.** *fórm.* HUM. Poñerse a xente ao sol, normalmente cando comezan os días solleiros de primavera. *Vaia, salen os lagartos ao sol. Ídesvos pór morenas.*
238. **Saíulle unha tripa.** *fórm.* HUM. Díselle a quen se preocupa en exceso por unha ferida insignificante. *Boh, iso non é nada. É un rascaciño. A ver se lle vai salir unha tripa.*
239. **Se está ben para el, para min tamén.** *fórm.* Mostra indiferenza sobre algo que non lle afecta e alguén está a criticar dunha terceira persoa. -*O Alvarito pasa unha vida coma un rei. Non pega golpe.* -*Déixao estar. Si pa el está ben, pa min tamén. Cada un manda na súa casa.*
240. **Se houbo algunha palabra mal dita, botádelle/bótalle/hai que botarlle auga bendita.** *fórm.* Dío alguén para desculpase se puido haber algunha palabra fóra de lugar ou ofender a algunha persoa. Tamén se di ao levantarse da mesa despois dunha comida familiar que foi continuada dunha longa parrafada. *Ai, xa son as seis. Hai que levantarse que levamos aquí catro horas.* (Levantándose) *Eu vou facer algo. Se houbo algunha palabra mal dita, botádelle auga bendita.*
241. **Seica che come/pica a cona?!** *fórm.* VULG. Díselle de forma humorística a quen está anoxado. *Que che pasa? Seica che come a cona?!*
242. **Selaví.** *fórm.* Refírese a que 'así é a vida' e que temos que aceptala como vén. Adaptación do francés *C'est la vie. Morren uns e nacen outros. Selaví.*
243. **Sempre fala o máis indicado.** *fórm.* IRÓN. Emprégase para reprocharlle a alguén que é o menos indicado para falar de algo polo motivo que sexa. *Eu non sei pero sempre fala o máis indicado.*
244. **Sempre fala o que tiña que estar calado / Sempre fala o que debía estar calado.** *fórm.* Emprégase para reprocharlle a alguén que é o menos indicado para falar de algo polo motivo que sexa. *Si, mira quen foi falar. Sempre fala o que debía estar calado.*
245. **Sempre hai que facer.** *fórm.* Refírese ás continuas trafegas dunha casa. *Eu non sei, non paro un minuto e sempre hai que facer.*
246. **Sempre vai falar quen máis ten que rañar.** *fórm.* Sempre fala o que debería estar calado. Emprégase para reprocharlle a alguén que é a persoa menos indicada para protestar sobre unha situación porque ela mesma foi a causante. *Si, mira quen foi falar. Sempre vai falar, quen máis ten que rañar.*

247. **Ser fillo de raposa e non comer galiñas.** *fórm.* IRÓN. Dise das persoas que amosan os mesmos defectos ca os seus proxenitores. *-O Rafa éche igualiño ao pai, mi ma, que peza. -Xa, ser fillo de raposa e non comer galiñas.*
248. **Son cousas que pasan.** *fórm.* Dise das cousas comúns, correntes que non teñen outro tipo de explicación. *Estate tranquilo, home. Son cousas que pasan. Ten paciencia.*
249. **Sopra/Chupa que se apaga!** *fórm.* HUM. Dise cando se lle sopla a unha cousa ou se chupa, normalmente de forma humorística. *Chupa que se apaga! Non chupaches o suficientemente forte e a agua volveu pa atrás.*
250. **Tanto monta, monta tanto, Isabel como Fernando.** *fórm.* HUM. LUD. Dise cando dúas persoas se comportan igual de mal aínda que se tiña a idea de que unha era mellor. *Eu penseiche que era mellor persona pero creo que tanto monta, monta tanto, Isabel como Fernando.*
251. **Tarde piaches.** *fórm.* Dise cando alguén se lembrou tarde de algo ou cando xa é tarde para algo. *Ah, tarde piaches. Xa tomamos o postre fai un pouco.*
252. **Tempo ao tempo!** *fórm.* Recomenda ter paciencia e que as cousas cheguen cando teñen que chegar. *Iso inda ha de dar muito que falar. Tempo ao tempo!*
253. **Ter iso e non ter nada (éche o mesmo/a mesma cousa).** *fórm.* Refírese a que ter pouca cantidade ou moi insuficiente da que se precisa, é como non ter nada. *No si, a onde vas con iso? Ter iso e non ter nada, éche o mirmo.*
254. **Ti sabías que o porco é o único animal que se ergue/levanta pola noite a comer no dono?** *fórm.* Dise despois da locución teimudo **coma o porco**. *Ti, cadela, eres terca coma a cona. Ti sabías que o porco é o único animal que se ergue/levanta pola noite a comer no dono?*
255. **Tíralle do aire!** *fórm.* Úsase cando alguén queda estupefacto ou decepcionado por algún tipo de traizón ou desavinxa. *O Deportivo hai dous meses que non lle paga aos xogadores e o presidente acaba de comprar un coche de trescentos mil euros. Tíralle do aire!*
256. **Tócalle a cona e bota a fuxir.** *fórm.* VULG. Dise cando algo xa non ten remedio. *-Teu pai marchou? -Si. -Vaia, tócalle a cona e bota a fuxir. E agora con quen vou eu?*
257. **Toda a vida a ensinar burros e teño a corte chea / Toda a vida a ensinar burros e está a corte chea.** *fórm.* HUM. COL. Dío quen desespera coa aprendizaxe de alguén. *Pero non ves que a máquina do café non se pode enchufar antes de tempo. Mira que cho teño dito veces. Ai, toda a vida ensinando burros e teño a corte chea.*
258. **Todo queda aquí.** *fórm.* Remite ao momento da morte e contrasta coa obsesión que teñen moitas persoas polas cousas terreaís. *Ese traballa día e noite e non sei pa que. Ao final, todo queda aquí. A vida hai que vivila que dura mui pouco. Ao millor mañán dáche un patatús e alá vas.*
259. **Trece, (é) mal número se non crece.** *fórm.* HUM. LUD. Resposta a alguén que di o nome do número. *-Que día do mes é hoxe? -Trece. -Trece? Mal número si non crece.*
260. **Un corre que te cagas e unha levita.** *fórm.* HUM. LUD. COL. Significa 'nada' e diselle a alguén que pregunta

- por un regalo. *-Que me truxeches? -Pa ti? Un corre que te cagas e unha levita.*
261. **Uns polos outros e a casa sen varrer.** *fórm.* Señala que uns están á espera dos outros para facer algo pero nin uns nin os outros toman a iniciativa. *Ti pensas que empezan a facer algo? Estanche de lería e uns polos outros e a casa sin varrer.*
262. **Vai á herba para a bicicleta.** *fórm.* 1. EUF. PEX. Dise para enviar a alguén a un lugar indeterminado ao que se manda para que non moleste. *Vai á merda, sabes? Déixame en pas. Vai á herba pa a bicicleta. Corre!* 2. HUM. De forma humorística, lugar absurdo ao que se di que foi alguén que non sabemos onde está. *-A onde foi teu pai? -Foi á herba pa a bicicleta. Eu que sei.*
263. **Vai á merda (cunha cesta) (antes de que me esqueza).** *fórm.* PEX. VULG. Dise para enviar a alguén a un lugar indeterminado ao que se manda para que non moleste. *Vai á merda antes de que me esqueza, sabes? E déixame en pas.*
264. **Vai chover.** *fórm.* Dise cando alguén está a cantar de forma moi inusual ou a facer algo que non fai normalmente. *Vai chover, ta Manolo a cantar.*
265. **Vai fritir churros.** *fórm.* EUF. COL. Úsase de forma eufemística co significado de *Vai á merda*. *Vai fritir churros por aí adiante. Aquí non pintas nada.*
266. **Vai fritir espárragos.** *fórm.* EUF. COL. Úsase de forma eufemística co significado de *Vai á merda*. *Vai fritir espárragos por aí. Déixame tranquilo un pouco.*
267. **Vai lamber/Lambe a gaita/crica.** *fórm.* PEX. VULG. Díselle a quen anda a coller ou comer algo doce que aínda non debe comer ou coller. *Que estás ti a comer o meu pastel? Vi lamber a gaita. Corre.*
268. **Vai morrer un portugués.** *fórm.* IRÓN. Úsase cando sucede algo estraño. Ten un certo sentido cómico. *Son as oito e aínda non viñeron teus pais. Cousa rara. Vai morrer un portugués.*
269. **Vai para onde quece.** *fórm.* Dise da comida fría. *-E ti comes iso así frío? -Vai pa onde quece.*
270. **Vai rañar a gaita.** *fórm.* EUF. VULG. Úsase de forma eufemística co significado de *Vai á merda*. *Vai rañar a gaita! Eu non vou contigo. Non digas mentiras.*
271. **Vai rañar os pés.** *fórm.* EUF. COL. Úsase de forma eufemística co significado de *Vai á merda*. *Vai rañar os pés, corre! E déixame un pouco en pas.*
272. **Vai tomar polo cu! / Vai tomar por onde se empezan os cestos!** *fórm.* PEX. VULG. Díselle a quen molesta para sacalo de diante. Ao mesmo tempo indica desaprobación. A segunda opción é eufemística da primeira. *Eu non che dixen iso. Non seas mentiroso. Boh, vai tomar polo cu!*
273. **Vaiche boa (Vilaboa).** *fórm.* Expresa incredulidade. *-Ti que fas aí dentro? -Estou a limpar a cociña. -Con ese trapo? Vaiche boa Vilaboa. Iso ensucia máis do que limpa.*
274. **Vale máis ir ca mandar.** *fórm.* IRÓN. Dise cando se lle manda facer algo a alguén e, ou non o fixo ou o fixo mal. *-Truxeches o empate das cintas? -No. -Xa o sabía eu, vale máis ir ca mandar.*
275. **Valo cheirar pola zapa.** *fórm.* Dise de algo ao que alguén nunca aspirará. *Si, xa, ti valo cheirar pola zapa, si queres, porque ser vai ser pa teu irmán.*

276. **Vannos dar as uvas.** *fórm.* IRÓN. Dise cando hai que agardar moito por alguén ou por algo. *Como non veña, vannos dar as uvas aquí. Xa son as doce.*
277. **Vas ter regalo.** *fórm.* LUD. Dise cando alguén viste unha peza de roupa do revés sen darse de conta. *Andas coa camisa do revés, ha, ha. Vas ter regalo.*
278. **Vellos son os trapos.** *fórm.* Dise para matizar a quen di que unha persoa é vella. *-Xa vas vello eh. -Vello, non. Gastado. Vellos son os trapos.*
279. **Vomita, Fandiño.** *fórm.* HUM. VULG. Díselle de forma humorística a alguén que está a vomitar. *Ai, ai, tanto beber. Gomita Fandiño. Ala, e agora pa a casa que vaia noite nos deches.*
280. **Xa choveu.** *fórm.* Dise para indicar que xa pasou moito tempo de algo. *Bu, cantos anos hai que non vou a alá. Xa choveu.*

#### 2.4. Refróns

1. **(A) corpo folgado, media mantenza.** *ref.* Úsase para adecuar a cantidade de comida ao esforzo físico do traballo cando se fixo pouco ou nada. Normalmente díselle a alguén para botarlle na cara que traballou pouco. *Hoxe non creo que teñas muita fame. Corpo folgado, media mantenza.*
2. **(De) pais porcos, fillos marróns.** *ref.* VULG. Úsase para facer referencia aos malos costumes que os fillos aprenden dos pais. *-Ese anda por aí de noite. A saber o que busca. -Xa era así o vello. Xa se sabe que de pais porcos, fillos marróns.*
3. **(De) tales pais, tales fillos.** *ref.* Refírese á paridade entre uns e outros, normalmente para criticar ou recalcar algo malo. *No, aí nesa casa, mi ma. Pais, fillos, netos, aí todos andan en lios. Xa o di o refrón: De tales pais, tales fillos.*
4. **(Nesta vida) todo ten solución menos a morte.** *ref.* Remite á posible solución de calquera problema vital. *Si non encontras traballo, xa aparecerá que, nesta vida, todo ten solución menos a morte.*
5. **(O) diñeiro chama a máis diñeiro.** *ref.* Expresión que sinala o aforro e o investimento empresarial para que funcione ben. *1-E logo din que o que garda sempre ten. 2-Pois é certo. 3-Diñeiro chama a máis diñeiro. 2-Iso é no comercio, Argentina.*
6. **\*Á larga sábese todo / \*Á larga todo se sabe.** *ref.* Co paso do tempo todo se descobre. *Iso tiveron que ser os da propia familia. Ha se descubrir. Á larga, todo se sabe.*
7. **A (boa) fariña, moito porco che cría.** *ref.* Refírese ao número de persoas que se aproveitan do diñeiro público. *Aí na Xunta moito funcionario che hai. Desde logo, a boa fariña, moito porco che cría.*
8. **A auga é o sangue da terra.** *ref.* Refírese á importancia da auga na terra e na vida terrestre. *Deixa que chova que a auga é o sangue da terra.*
9. **A base de caer/(levar) patadas no cu, apréndese a andar.** *ref.* Refírese aos erros que ten que cometer unha persoa para aprender a vivir. Apréndese equivocándose. *O que che pasou non é nada. Nin caso. Non te preocupes que a base de caer, apréndese a andar. / A vida é así e a base de levar patadas no cu, apréndese a andar.*
10. **A base de cortar collóns, apréndese a capar.** *ref.* VULG. Un oficio apréndese, sobro todo, coa práctica e coa insistencia. *Ti tranquilo que hei de aprender. A base de cortar collóns, apréndese a capar.*

11. **A boa vida logo se acaba.** *ref.* Refírese ao efémera ou fugaz que é vida sen traballar con todo o que se precisa ao alcance da man. *Ai, que ben se está así. A verdá é que á boa vida logo se acostumbra o corpo. Non pasa así cando hai que traballar.*
12. **Á boa vida logo se acostuma o corpo / Á boa vida logo se acostuma un.** *ref.* Refírese á facilidade de adaptación ou á fugacidade da vida sen traballar con todo o que se precisa ao alcance da man. *Ai, que ben se está así. A verdá é que á boa vida logo se acostumbra o corpo. Non pasa así cando hai que traballar.*
13. **A cabeza llas fai, o corpo llas paga.** *ref.* Dise de quen fai as cousas sen pensar e despois ten que padecer ou sufrir as consecuencias. *Anda á chuvia e despois di que está malo. A cabeza llas fai, o corpo llas paga.*
14. **A cabra co vicio dá co corno no cu.** *ref.* COL. Aplícase ás persoas ociosas que están ben e, pola súa mala cabeza, pónense mal. *Xa sabía eu que tanto vuelo non era bo. A cabra co vicio dá co corno no cu.*
15. **A can fraco, todo son pulgas.** *ref.* Úsase para facer referencia a cando lle vén un mal a quen xa o padece. *Está no paro e agora viulle da Renta que ten que pagar 500€. Meu pobre. Desde logo, a can flaco todo son pulgas.*
16. **A cara é o espello da alma/non mente.** *ref.* A cara é onde mellor se reflicte o que pensa ou sente unha persoa. *Notábaselle ben que non se sentía cómoda. A cara é o espello da alma.*
17. **A cara non mente.** *ref.* A cara é a parte da persoa máis fiable para comprobar se o que di é certo ou non. *Ti di o que queiras pero a cara non minte.*
18. **A carne do peito, moita sona e pouco proveito.** *ref.* Dise da carne do peito dos animais que se comen porque é moi saborosa pero, ao ser unha zona na que hai moito óso, é escasa en cantidade. *Xa o dicía miña abuela que a carne do peito, moita sona e pouco proveito.*
19. **A fame no san é como a rabia no can.** *ref.* Remite ao difícil que é andar esfameado e ao que pode chegar a facer unha persoa que se atopa nese estado. *O Guitarritas díxolle á Clotilde que quería que lle abriera a bodega. Xa sabes o refrán, a fame no san é como a rabia no can.*
20. **A fe move montañas.** *ref.* A forza de vontade e as ganas de querer lograr algo son o máis importante para conseguir un logro. *A xente cando quere conseguir algo ten que crer no que defende e luchar por iso. A fe move montañas.*
21. **A gaita é para o gaiteiro.** *ref.* Que lle hai que deixar facer as cousas a quen sabe facelas mellor. *O rapás pégalle ben á máquina. Mellor ca ti. Esta claro que a gaita éche pa o gaiteiro.*
22. **A paciencia é a raíña de todas as ciencias.** *ref.* Aconsella paciencia a quen a precisa. *Tes que ter paciencia que é a reina de todas as ciencias.*
23. **A persoa coñécese no falar; e o gando, no andar.** *ref.* Fai referencia a dúas maneiras de cómo coñecer ben as persoas e os animais. *Xa o dicía mui ben teu abuelo: a persoa coñécese no falar; e o gando, no andar. Así que, ten conta e non te fies do que che contan.*
24. **A preguiza morreu de sede (por non agachar a cabeza para beber).** *ref.* Díselo a quen non quere facer algo por preguiza. *Ai, non te queres levantar a coller as cebolas? A preguiza tamén*

- morreu de sede por non agachar a cabeza, sabías?*
25. **A quen madruga, Deus o axuda.** *ref.* Sorte para o que madruga. *Eu sempre me ergo cedo porque dicen que a quen madruga, Dios o axuda.*
26. **A raposa perde a pel pero non as mañas / A raposa perde as uñas pero non as mañas.** *ref.* Aplícase a alguén que nunca perderá os malos hábitos ou costumes. *Con ese hai que ter ollo que é capás de vir e levarnos as patatas que, a raposa perde a piel pero non as mañas.*
27. **A todo o porquiño lle chega o seu san Martiño.** *ref.* A todo lle chega o seu tempo. *-Aínda non matastes ningún pito dos novos? -No. Pero ti tranquilo que a todo porquiño lle chega o seu san Martiño.*
28. **A vida dá moitas/tantas voltas.** *ref.* Dise para quen está moi seguro de algo apelando ao devir das cousas e do tempo. *Ti non te desanimes que a vida dá moitas voltas.*
29. **Abril, augas mil.** *ref.* Abril é o mes da chuvia por excelencia. *Xa choveu bastante todo o inverno pero aínda ha de vir máis. Ti pensa que en abril, augas mil.*
30. **Amiguiños si, pero a vaquiña/o porquiño polo que vale.** *ref.* Indica que, no momento do negocio, hai que deixar momentaneamente aparcada a amizade. *-O boli é meu. -Ah, perdona. Ha, ha. Está ben, amiguiños si pero a vaquiña polo que vale.*
31. **Andar para dentro, andar trencó; andar para fóra, andar que namora.** *ref.* Dise das persoas que viran os pés para dentro ou para fóra ao andar. O viralos para fóra é esteticamente máis bonito ca botalos para dentro. *-A fúa filla vira os pés pa fóra. En cambio,*
- meu sobriño víraos pa dentro. -Mellor que os vire pa fóra ca pa dentro que andar pa dentro, andar trencó; andar pa fóra, andar que namora.*
32. **As aparencias enganán.** *ref.* O que se ve, ás veces, non é certo e non se corresponde co que se pensa. *Ten pendientes e pelo largo pero é moi bo rapaciño. Desde logo que, ás veces, as apariencias enganán.*
33. **Ás veces o demo ten cara de coello.** *ref.* Dise para alertar sobre a falsidade das aparencias. *Con ese hai que che ter cuidado que a veces o demo tenche cara de coello.*
34. **Así fas, así che farán/recibirás.** *ref.* PEX. Díselle a quen se porta mal advertíndolle que algún día pagará polo que está a facer porque alguén lle fará o mesmo ou algo parecido. *Ti pórtate así que así fas, así che farán.*
35. **Ata o corenta de maio, non quites o saio.** *ref.* Ata o 9 de xuño pode durar o tempo invernal, sobre todo, de chuvia. *Ti xa andas coa roupa de vran e aínda estamos en abril. Mira que a vella dicía que hasta o corenta de maio non quites o saio.*
36. **Auga corrente, non mata a xente.** *ref.* Dise da auga que corre por un rego, regueiro, sae dunha fonte... *-E vas beber aí? -Home, auga corrente non mata a xente.*
37. **Ave de pico non pon/deixa o seu amo rico.** *ref.* Refírese ao seu escaso beneficio ou rendemento económico que ofrecen as aves en comparación co que comen, cos quilos que collen, coa súa curta esperanza de vida... *Teño aquí estes canarios e van criando algo pero ave de pico non pon o seu amo rico. Téño claro.*
38. **Bater nos animais é (coma) bater no diñeiro/cartos.** *ref.* Referido ao



- maltrato animal e á súa incidencia no seu rendemento cárnico ou leiteiro. *-Manolo non para de lle bater a esas ovellas. Non se dá de conta de que son animais, que non pensan e que, por moito que lle pegue, non van deixar de comer nas couvas e na viña. O que ten que facer é prendelas. -Que lle vas facer? Non pensa máis. Por máis que lle digo. E xa o dicían as vellas: bater nos animais é bater no diñeiro.*
39. **Bo será/Xa virá quen bo te fará.** *ref.* Díselle a un mozo rebelde advertíndolle que chegará un momento na súa vida no que a súa actitude inadecuada sufrirá reprimendas ou provocarlle serios problemas. *Ti sigues portándote así. Si. Xa virá, quen bo te fará.*
40. **Braga aberta, chuvia certa.** *ref.* 'Braga' refírese á cidade portuguesa que está situada a uns 80 quilómetros dende A Chan e o refrán refírese a que, cando está o ceo encapotado e está máis claro para Portugal, hai unha alta probabilidade de que chova. *Vas ir agora á fonte? Mira pa alí. Non sei se choverá. Braga aberta, chuvia certa.*
41. **Burra vella non colle andadura (e, se a colle, pouco lle dura).** *ref.* Fai referencia á falta de habilidade das persoas maiores para aprenderen.. *No, agora si. Vas aprender a andar agora en bicicleta aos teus anos, si. Burra vella non colle andadura.*
42. **Burro grande, ande non ande.** *ref.* O grande sempre ten máis capacidade para levar máis cousas e tende a ser máis cómodo. Aínda que se segue usando no mundo animal, actualmente aplícase aos automóbiles... *-Cal me aconsellas que compre. -O grande. Burro grande, ande non ande.*
43. **Cada quen tira polo seu para que lle creza.** *ref.* Refírese a que cada un gaba e traballa para que as súas cousas sexan as mellores para triunfar sobre os demais. *Que ben te vendes. Nótase que aquí cada un tira do seu pa que lle creza.*
44. **Cada un fala da feira segundo lle foi nela.** *ref.* Cada quen fala das cousas dependendo da súa experiencia e beneficio. *É normal que fales ben dos teus profesores pero cada un fala na feira asegún lle foi nela.*
45. **Cada un manda/goberna na súa casa.** *ref.* Dise coa intención de manter a distancia e a diferenza con respecto ao goberno da casa dos veciños e, ao mesmo tempo, respectando o que alí fan, teñen... aínda que sexa diferente e autoafirmar como válido o seu propio modelo. *-O Alvarito pasa unha vida coma un rei. Non pega golpe. -Déixao estar. Si pa el está ben, pa min tamén. Cada un manda na súa casa.*
46. **Cada un mira o/polo seu.** *ref.* Úsase para se referir a que cada persoa pensa nas súas cousas sen pensar nos demais. *-El non mira pa as plantas. Solo mira pa as botellas. -Ai, cada un mira o seu.*
47. **Cada un recolle o/do que sementa.** *ref.* Refírese a que cada un recibe o trato que dá ou ten a situación persoal que buscou por propia iniciativa e comportamento. *-Sempre foi malo coa muller e cos fillos. Agora está solo. Cada un recolle o que sementa. -Normal. Estalle ben.*
48. **Can ladrador, pouco mordedor.** *ref.* Refírese á persoa que di que fai moito e non fai nada. *No, si, el, cando fala, fai, desfai, buh, de todo. Pero, á hora da verdá, non fai nada. Can ladrador, pouco mordedor.*
49. **Cando as barbas do veciño vexas afeitar, pon as túas a remollar/\*demollar.** *ref.* Cando vexas

- que algo lle pasa ao veciño, ten coidado, porque che pode pasar exactamente o mesmo a ti. *Ao Casimiro chegoulle unha factura de Fenosa carísima. Ui, cando as barbas do veciño vexas afeitar, pon as túas a remollar. A ver o que nos chega a nós.*
50. **Cando marzo abrilea, abril marcea.** *ref.* Cando en marzo está o tempo típico de abril, en abril está o de marzo. *Eu creo que en abril non vai chover tanto porque xa choveu moito en marzo. Miña abuela dicía que cando marzo abrilea, abril marcea.*
51. **Cando marzo maiea, maio marcea.** *ref.* Cando en marzo está o tempo típico de maio, en maio está o de marzo. *En maio aínda vai vir algo de frío porque marzo estivo mui quente e choveu pouco. Xa o di refrán que cando marzo maiea, maio marcea.*
52. **Cando naceu o sapo, naceu a sapa.** *ref.* COL. Fai referencia á semellanza nos dous membros dunha parella, normalmente, por algo malo. *Sonche tal para cual. Cando naceu o sapo naceu a sapa.*
53. **Cando o río soa é porque auga leva.** *ref.* Cando a xente rumorea, é porque algo de verdade hai sobre o tema. *-Ti cres que eses dous estarán xuntos? -Ai, cando o río sona é porque auga leva.*
54. **Canto máis bo é un, máis lle dan no cu / Canto máis bo é un, máis paus leva.** *ref.* Canto máis boa é unha persoa máis se rin ou máis se aproveitan dela. *Eu deixei vir pa aquí e agora viñeron todos. Está claro que non se pode ser bo porque canto máis bo é un máis lle dan no cu.*
55. **Canto máis de présa, máis devagar.** *ref.* Dise para resignarse cando unha persoa ten moito apuro e xorden imprevistos ou as cousas hai que facelas cun ritmo máis demorado do que se quixera. *E ti colleches as correas dos cans? Entón? Éche ben certo, canto máis de présa, máis devagar.*
56. **Co tempo, descóbrese a enfermidade que un leva no corpo / Co tempo, descóbrese a enfermidade que un leva dentro.** *ref.* Indica que, co tempo, acábanselles coñecendo os defectos a todas as persoas. *E non parecía así pero, co tempo, descúbrese a enfermidade que un leva dentro. E non falla!*
57. **Cóllese antes un mentiroso ca un coxo.** *ref.* As persoas que menten acaban descubríndose. Moitas veces, máis rápido do que pensan. *Ti non viñeches con el que o coche estaba aí. Si xa. Cóllese antes a un mentiroso ca a un coxo.*
58. **Comer e ter, non pode ser.** *ref.* Díselle humoristicamente a quen quere ter algo que xa comeu. *-Esta carne é da toura vella ou da de agora? -Home, é da de agora. A outra xa a comeches. Comer e ter, non pode ser.*
59. **Cousa de todos, comida de lobos / Cousa de todos cómena os lobos.** *ref.* Critica e describe o abandono que padecen as propiedades colectivas. *Ti mira como está ese campo de fútbol. Antes todos querían mandar e agora está todo abandonado. A verdá é que cousa de todos, comida de lobos.*
60. **Cousa gabada, cousa cagada.** *ref.* VULG. Censura ou desacredita a quen gabou ou gaba algo que despois non funcionou ou non foi adiante. *Entón non ibas ter un traballo tan bo? Bah!, cousa gabada, cousa cagada.*
61. **Cría corvos e sacaranche os ollos.** *ref.* PEX. Dise da ingratidade das persoas ás que amablemente axudamos. *Ti mira como nos trata ese desgraciado*

- despois de todo o que fixemos por el. Cria corvos e sacaranche os ollos.*
62. **Cría fama e déitate/bótate a durmir.** *ref.* Díselle a quen se portou mal e agora recibe as culpas de todo. *Agora todo o mundo lle bota a culpa a eles. Claro, cría fama e déitate a durmir.*
63. **Despois de san Miguel, comer as uvas e os figos por onde os houber.** *ref.* Refírese a que só queda na viña e nas figueiras o froito non recollido. *-O domingo é san Miguel en Ponteareas. -Ah si? Entón xa se poden comer as uvas e os figos que non é pecado. Despois de san Miguel, comer as uvas e os figos por onde os houber.*
64. **Detrás do bico vai/vén o crico / Quen dá o/un bico dá o crico.** *ref.* Alerta as persoas que dan bicos de forma gratuíta, acusándoas de que se dan bicos tamén dan o resto. *A min non me gusta dar moitos bicos a xente desconocida porque dicen que detrás do bico vai o crico. / E décheslle un bico a ese?! Mira que quen dá o bico, dá o crico. Por aí se empeza.*
65. **Día/s de todo/moito, semana/s de nada.** *ref.* Hai épocas nas que hai moito dunha cousa e logo temporadas longas que non. *Agora veñen tres días de sol seguidos. Está claro que días de todo, semanas de nada.*
66. **Do que se come, se cría.** *ref.* Refírese a que a comida que se inxire é a que acaba formando o corpo. *Onte comín, sin querer, un mosquito. Bah, é igual, do que se como se cría.*
67. **Dous meses, tres días, tres horas, cadeliños fóra.** *ref.* É o tempo de duración da xestación dunha cadela. *Xa non faltará moito pa que paira a Iritas. Xa vai facer dous meses e en dous meses, tres días, tres horas, cadeliños fóra.*
68. **Dúas pedras duras non fan (boa) fariña.** *ref.* Refírese a que dúas persoas que teñen un carácter forte ou que teñen caracteres moi distintos ou opostos nunca se levarán ben ou non farán nada xuntas. *Eses dous non se levan nada ben. Sempre están a berregar. Está claro que dúas pedras duras non fan fariña.*
69. **É de ben nacidos, ser agradecidos.** *ref.* Aconsella ser agradecidos coas persoas que axudan. *Eu leveille uns bombóns porque ela axudoume en moitas cousas e é de ben nacidos, ser agradecidos.*
70. **En abril, aínda o porco salga.** *ref.* Fai referencia a uns días de frío que normalmente veñen no mes de abril, a pesar de estar xa na primavera. *Ti mira, co tempo que estaba e agora volve chover e a facer frío. Xa o dicían as vellas desta casa que en abril, aínda o porco sala. Sempre virá un tempo frío neste mes no que o porco aínda colle o sal.*
71. **En boca pechada/cerrada, non entran moscas.** *ref.* Díselle a quen fala de máis. *Por que tiñas que dicir nada do que che dixen eu. En boca pechada, non entran moscas, sabías? Non che penso contar nada máis.*
72. **En martes, nin cases nin te embarques.** *ref.* Ten fama de non ser un bo día para emprender algo. *-Que día é hoxe? -Martes. -En martes, nin te cases nin te embarques. Xa o di o refrán.*
73. **En xaneiro, un paso de carneiro.** *ref.* Refírese ao aumento dos días neste mes. *-Agora xa vén aí santa Lucía e xa os días empezan a medrar: por santa Lucía, sácalle á noite e ponlle ao día. -Si, e despois en xaneiro, un paso de*

- carneiro e por san Blas, una hora más. O pior xa pasou.*
74. **Entroidos mollados, Pascuas enxoitas. Entroidos secos, Pascuas molladas.** *ref.* Cando chove no Entroido, está bo tempo na Pascua e viceversa. *Este ano choveu nos Entruidos, non creo que chova na Pascua. Entruidos mollados, Pascuas enxutas.*
75. **Fai ben e non mires a quen.** *ref.* As persoas deben ser o máis bondadosas posible sen ningún tipo de contemplación. *Non se pode mirar todo, se non non facemos nada. Fai ben e non mires a quen.*
76. **Fillos criados, traballos dobrados (e, despois de casados, ladróns refinados).** *ref.* Describe a evolución da traballosa crianza dos fillos. *Xa o dicía miña nai que fillos criados, traballos dobrados e, despois de casados, ladróns refinados. E algo de razón tiña.*
77. **Gaiotas á terra, mariñeiros á merda.** *ref.* VULG. Dise cando se ven gaiotas que abandonan circunstancialmente a costa, o mar, polas terras do interior augurando ou vaticinando un naufraxio. *-Mira, gaiotas. -Oh, gaiotas á terra, mariñeiros á merda.*
78. **Gato escaldado ata á auga fría lle ten medo.** *ref.* A persoa escarmentada por algo que padeceu, despois tenlle medo a situacións semellantes. *Eu non penso volver á casa dese home. Xa me chegou ben o que me dixo da outra ves. Ao millor non me di nada pero gato escaldado hasta a auga fría lle ten medo.*
79. **Hai que ganalos cos dentes para despois comelos coas enxivas.** *ref.* Refrán que se refire a que hai que gañar ben a vida cando un é novo para vivir ben de vello. *Xa o dicían as vellas da casa: hai que ganalos cos dentes pa despois comelos coas enxivas. Pero agora a xente nova teno moi jodido.*
80. **Hai que ir para que che vaian.** *ref.* É a filosofía do bo cristián da Chan. Refírese a que hai que ir á misa dos defuntos para que despois os parentes vaian á dun. *Ai, pois penso ir ao cabodano que hai que ir pa que che vaian.*
81. **Hai que respectar para ser respectado.** *ref.* Cómpre respectar as persoas para que elas te respecten a tí. *Eu, se quere que non lle falte ao respecto, ten que respetarme primeiro a min. Hai que respetar pa ser respetado.*
82. **Hai que vivir a vida que dura moi pouco/dous días / A vida hai que vivila que dura moi pouco/dous días.** *ref.* Filosofía de vivir o día a día sen pensar demasiado no futuro. Aмосa desengano. *Ese traballa día e noite e non sei pa que. Porque, ao final, todo queda aquí. A vida hai que vivila que dura mui pouco. Ao millor mañán dáche un patatús e alá vas.*
83. **Home/Muller previsto/a vale por dous/dúas.** *ref.* A persoa que é prevista sempre é máis segura e evita riscos e sorpresas desagradables. *Eu vou con ela que muller prevenida, vale por dúas.*
84. **Máis vale estar ao lado de quen caga ca de quen traballa.** *ref.* VULG. Dise porque cando estamos a carón de alguén que está a manexar unha máquina ou ferramenta coa que nos pode mancar (motoserra, coitelo...), corremos perigo. *-Non te acerques tanto que aínda te vai cortar. -Si, máis vale estar ao lado de quen caga ca de quen traballa.*

85. **Máis vale previr ca lamentar/curar.** *ref.* Aconsella ser previsto para evitar accidentes, sorpresas desagradables... *Leva contigo un paraguas e unha chaqueta. Máis vale previr ca lamentar. Que despois, si te mollas e te pos mala, tes que estar na cama e ir ao médico.*
86. **Máis vale tarde ca nunca.** *ref.* Escusa dunha persoa que chega tarde a un encontro. *Xa sei que chego tarde pero máis vale tarde ca nunca.*
87. **Mans que non dades; que esperades?** *ref.* Alude á xente que non dá nada e espera moito. *-Nunca me fixo un regalo. -E ti, fixéchesllo? -Non. -Ah, mans que non dades, que esperades.*
88. **Marzo, espigarzo. Abril saca a herba do seu cubil.** *ref.* Refírese á medra da herba no principio e na primeira parte da primavera. *-Hoxe notei eu a herba vizosa. -Home claro, estamos en abril. O refrán di: marzo, espigarzo e abril saca a herba do seu cubil.*
89. **Morta a burra, cebada ao rabo.** *ref.* Unha vez que morre unha persoa ou un animal xa non se pode facer nada máis. Hai que coidalos en vida. *Agora é cando me tedes que tratar ben que unha ves que morra... Morta a burra, cebada ao rabo.*
90. **Muller rideira, ou (é) puta ou (é) peideira.** *ref.* VULG. Crítica á muller que ri moito á que caracteriza como pouco seria. *Esa muito ri. Non sei eu pero o refrán di que a muller rideira ou é puta ou peideira.*
91. **Na/En terra dos lobos, ouvea coma todos.** *ref.* Alí a onde vaias ou onde esteas, tes que comportarte ou actuar coma os de alí. *Ai, estás na Chan. E xa sabes, na terra de lobos, ouvea coma todos. Así que, a bailar.*
92. **Nas uñas, nas mans ou nos pés, has saír a quen es.** *ref.* Refírese á herdanza xenética e á innegable similitude entre pais e fillos. Normalmente, úsase para criticar algún aspecto negativo dunha persoa. *-O Carliños de San Mateu ten os mirmos xeitos ca o pai. Non poden dicir que non son pai e fillo. -Xa o di o refrán: Nas uñas, nas mans ou nos pés, has salir a quen es.*
93. **Ninguén é perfecto.** *ref.* Todas as persoas teñen algún defecto por pequeno que sexa. *Xa sei que teño xenio pero, que lle vou facer, nadie é perfecto.*
94. **Ninguén é profeta na súa terra.** *ref.* Ninguén é valorado nin na súa xusta medida nin de forma obxectiva alí onde nace. *Eu non sei por que traen a esa xente de fóra a facer as exhibicións porque hainos aquí ben cerca que son tan bos ou millores. Desde logo que nadie é profeta na súa terra.*
95. **Ninguén nace aprendido.** *ref.* Dise para que alguén entenda que somos seres humanos e temos erros e necesidade e habilidade de aprender. *Home, ti xa queres que che faga todo no primeiro día e non pode ser. Nadie nace aprendido.*
96. **Non digas: desta auga non beberei.** *ref.* Cuestiona a unha persoa que afirma rotundamente que nunca vai facer ou faría algo nunha determinada situación. *-O Pachorras vai pa aí pa onda a gitana. Ag, que asco! Non iría eu con ela nin cheo de viño. -Ai, non digas desta auga non beberei.*
97. **Non hai animal bravo, se o dono é manso.** *ref.* Refírese ao comportamento dos animais domesticados. *-Dicen que hai cans máis malos ca outros. -Home, si pero normalmente non hai animal bravo, si o dono é manso.*
98. **Non hai maior desprezo que non dar aprecio.** *ref.* Dise de quen non

- merece nin a máis mínima atención por portarse de forma desapiadada e cruel. *A ese hijo de puta non o quero ver máis diante de min. E á muller tampouco penso falarlle. Non hai mayor desprecio que non dar aprecio.*
99. **Non hai máis cego ca o que non quere ver.** *ref.* Dise da persoa teimuda que ten en fronte súa algo obvio que non quere entender nin aceptar. *Pois si ti non queres entender que eles che están a tomar o pelo e non queres vir con nós porque pensas que eles che van axudar máis, ti mirmo. Desde logo que non hai máis cego ca o que non quere mirar.*
100. **Non hai quen lle tire do rabo á burra coma o dono.** *ref.* Non hai que lle quite prestación a algo coma o seu propietario. *-Cando conduzo eu o coche da Cristina, vai ben. Pero, cando o colle ela, vai mellor. -Home, non hai quen lle tire do rabo á burra coma o seu dono. Está claro.*
101. **Non sabemos o que temos ata que o perdemos.** *ref.* Este refrán pretende evitar que perdamos algo ao que non lle damos o valor que realmente ten para as nosas vidas. *El á filla trátaa coma a un trapo pero cando lle marche da casa xa chorará por ela. Ás veces, non valoramos o que temos e non sabemos o que temos hasta que o perdemos.*
102. **Non todo o que reloce é ouro.** *ref.* Non todas as cousas que parecen moi bonitas o son en realidade senón que teñen máis defectos do que a simple vista parece. *Non todo o que reloce é ouro. Eles cóntancho mui bonito pero algunha trampa ha de ter.*
103. **Nunca chove ao gusto de todos.** *ref.* IRÓN. Dise cando hai desacordo. As cousas nunca están ou saen como quere todo o mundo. *Uns porque o cura é bo, outros porque é malo. Eu non entendo a esta xente. A verdá é que nunca chove ao gusto de todos.*
104. **Nunca choveu que non escampase.** *ref.* A mala situación sempre ten un remate. *-Mi ma, toda a xente no paro; os cartos acábanse; que vai ser de nós? -Bah, tranquila que nunca choveu que non escampara.*
105. **Nunca digas nunca.** *ref.* Cuestiona a unha persoa que afirma rotundamente que nunca vai facer ou faría algo nunha determinada situación. *-Non lle penso falar máis. -Ai, nunca digas nunca.*
106. **Nunca te deitarás sen saber/aprender unha cousa máis.** *ref.* Refírese á aprendizaxe continua da vida. *Non sabías que os cabalos teñen once meses de preñez? Pois mira. Nunca te deitarás sen aprender unha cousa máis.*
107. **O barato, \*á larga, sae caro.** *ref.* Dise cando algo que custou pouco diñeiro saíu malo e durou pouco e hai que comprar outro. *No, xa rompeches os zapatos? Xa che dicía eu que o barato, á larga, sale caro.*
108. **O caldo (sempre) sabe máis na casa do veciño.** *ref.* Fai referencia á cortesía de dicir que a comida está moi rica cando se está de invitado nunha casa. (Xantando na casa do veciño) *Eu non sei por que pero o caldo sempre sabe máis na casa do veciño. Vamos a ter que vir máis veces.*
109. **O caldo sen feixóns é coma un home sen collóns.** *ref.* HUM. VULG. Defende o feixón como ingrediente crucial no caldo. *A ti non che gustarán pero o caldo ten que levar feixóns. Xa o di o refrán: o caldo sin feixóns é coma un home sin collóns.*
110. **O can que máis ladra non é o que máis morde.** *ref.* Hai persoas que falan moito pero non fan nada e outras que

- son caladas e son peores persoas. *Eu sempre estou de broma con el e digo moitas cousas de broma pero ten en conta que o can que máis ladra non é o que máis morde.*
111. **O casamento faise ao pé da moza.** *ref.* O prezo a un artigo que é diferente dos demais da súa clase pónselle con el diante. *-E a como valen as touras? -Ai filliño, o casamento faise ao pé da moza. Hainas máis grandes e máis pequenas. Unhas valen máis e outras menos.*
112. **O cemiterio está cheo de valentes.** *ref.* Dise como precaución para as persoas que son moi arroutadas. *Na vida, ás veces, tamén hai que ser valientes e botarlle valor porque quen non se arriesga, nunca boa cona fode. Iso si, tamén hai que ter moito ollo porque o cementerio está cheo de valientes.*
113. **O comer e o rascar, todo o malo é empezar.** *ref.* Fai referencia a que son accións que, ás veces, son difíciles de comezar pero que, e nesta idea é na que máis incide, aínda é máis difícil despois parar. *Non tiña fame e mira pa aí. Noo, se o comer e o rascar, todo o malo é empezar.*
114. **O falar é libre.** *ref.* Dise cando alguén fala sen ser consciente da realidade. *El pode dicir o que queira que o falar é libro. Agora si, xa veremos si atopa traballo tan rápido como di.*
115. **O falar non custa diñeiro / O falar é de balde.** *ref.* Dise cando alguén fala por falar, de forma gratuíta. *Oh, claro que fala. Fala coma un libro aberto pero o falar é de balde.*
116. **O falar non ten cancelas.** *ref.* Dise cando alguén fala sen ser consciente da realidade. *Ti di o que queiras que o falar non ten cancelas nin cobran por iso así que...*
117. **O gato sempre comeu o que estaba mal gardado.** *ref.* Dise cando o gato rouba algunha comida. *-Argentina, o gato comeu os peixes. -Pois quedarían mal gardados porque o gato sempre comeu o que estaba mal gardado.*
118. **O home e o can van a onde llo dan.** *ref.* Refírese á promiscuidade masculina. *-A Marialús érache unha do carallo, andaba con canto home había. Así que, non me digas que as mulleres son mellores ca os homes. -Ti di o que queiras pero o home e o can van a onde llo dan. Sempre foi.*
119. **O palleiro non se fai sen palla.** *ref.* Dise para desmentir a quen está gordo e di ou pensa que come pouco. *-Como te cuidas! -Home, o palleiro non se fai sin palla.*
120. **O que algo quere, algo lle custa.** *ref.* Para conseguir algo hai que sacrificarse. *Ti non queres comprar o smartphone ese? Pois terás que ganalo dalgunha forma que xa eres grandíño. Ai, aquí o que algo quere, algo lle custa.*
121. **O que casa, casa quere.** *ref.* O novo matrimonio é máis feliz se ten casa propia para que non haxa liortas con sogros, cuñados... *Aforra pa diante e fai unha casa que despois has querer casarte e o que casa, casa quere.*
122. **O que fai o fillo en muller allea, perde o fillo e a feita.** *ref.* Quen fai obras ou proxectos en terreos que non son da súa propiedade arríscase a perdelo todo. *Eu nunca farei unha casa ao lado da de meus sogros no seu terreno porque se algún día pasa algo igual quedo sin nada. Déixame facer no que é meu que o que fai o fillo en muller allea, perde o fillo e a feita.*
123. **O que garda sempre ten.** *ref.* Refírese a que a persoa que garda e coida as cousas ou que é aforradora sempre ten.

- 1-E logo din que o que garda sempre ten. 2-Pois é certo. 3-Diñeiro chama a máis diñeiro. 2-Iso é no comercio, Argentina.
124. **O que hai na xente, haino nos animais.** *ref.* Refírese ás similitudes entre humanos e animais. *Pobre cadeliña. A verdá é que o que hai na xente haicho nos animais e, ao revés.*
125. **O que non chora non mama.** *ref.* COL. Fai referencia a que quen non protesta e pide non consegue nada. *Onte tiven que ir a onda o jefe a pedirlle material porque o que había non valía pa nada. Ai filliño, aquí, quen non chora non mama.*
126. **O que non sabe é coma o que non ve.** *ref.* Fai alusión á ignorancia das persoas. *Ala, xa rompeches outro. Me cago na cona. Éche ben certo, o que non sabe é coma o que non ve. Mira que cada merdiña desas vale cincuenta euros.*
127. **O roubado chora polo dono/non loce.** *ref.* O que se rouba sempre vai ter esa fama ou ese recordo que non é nada positivo. *Prefiro comprar os tapacubos do coche ca ter que andar a roubalos. O roubado chora polo dono. Déixate de carallos.*
128. **O roubado non loce.** *ref.* O que se rouba sempre vai ter esa fama que non é nada positiva para o prestixio da persoa. *Prefiro comprar uns tomates na tenda a ter que roubalos. O roubado non loce.*
129. **O tempo deuno Deus de balde.** *ref.* Díselle a alguén que se desespera por facer ou conseguir algo moi rápido. *Tranquilízate que o tempo deuno Dios de balde.*
130. **O tempo pon a cada un no seu sitio/ onde lle toca.** *ref.* A vida sitúa a cada persoa onde debe e úsase cando se pensa que algunha non o está. *Ti deixa andar que o tempo pon a cada un no seu sitio.*
131. **O un de abril, vai o burro a onde non debe de ir.** *ref.* Úsase para recordarlle ás persoas o día das trolas por excelencia, o un de abril. Asemade, tamén se emprega para mofarse nesta data dos que caen na broma. *Ah, ha, ha. Picaches. Pero ti non sabes, parvo, que o un de abril, vai o burro a donde non debe de ir?*
132. **O un de maio, quérome erguer e caio.** *ref.* É un día no que se aconsella que a xente madrugue porque existe a crenza de que quen non madruga ese día que andará amaiado (canso) todo o mes. *Eu mañán penso madrugar se non andas o resto do ano amaiado. Xa o di o refrán: o un de maio, quérome erguer e caio.*
133. **O verán de san Martiño, (que dura) tres días e un pouquiño.** *ref.* Refírese á duración dese pequeno veranciño que sempre aparece nesa data. *Este debe ser o vran de san Martiño que dura tres días e un pouquiño.*
134. **Onde hai patrón, non manda mariñeiro.** *ref.* Onde hai unha persoa adulta ou con máis poder, non manda un neno ou unha persoa con menos autoridade. *Si os jefes me din que teño que limpar a oficina. Eu límpoa que onde hai patrón, non manda mariñeiro.*
135. **Onde non hai, non se pode sacar/ pedir.** *ref.* Refírese a que onde hai pobreza ou falta de cultura non se pode buscar riqueza económica ou educativa. *Ela é así, un pouco atolascada e xa non dá pa máis. Onde non hai, non se pode sacar.*
136. **Os anos non perdoan.** *ref.* IRÓN. Notarse os cambios que marcan o proceso de envellecemento. *Ímosche pa vellos e os anos non perdonan.*



137. **Os anos pásannos factura a todos.** *ref.* Fai referencia aos achaques propios da xente que ten xa unha certa idade. *Á noite, cando vou pa a cama. Dóenme os braciños aquí por baixo. Os anos pásannos factura a todos e non falla.*
138. **Os bos perfumes veñen en frascos pequenos.** *ref.* Defende e valoriza as persoas baixas con respecto ás altas. *Que dis ti?, home, que os bos perfumes veñen en frascos pequenos.*
139. **Os bos van ao ceo e os malos a todos os lados.** *ref.* Xustifica a mala educación e o mal comportamento. *Hai que ser malos que os bos van ao ceo pero os malos, a todos os lados.*
140. **Ovella que berra, bocado que perde.** *ref.* Dise para chamar a atención do que está na mesa e come sen dar nada de lería. *-Dios, podes falar un pouco que isto parece un enterro. -Pa que? Xa sabes que ovella que berra, bocado que perde.*
141. **Pago por pago non é pecado.** *ref.* Considera xusto vingarse de quen fixo o mal. *Ai, estívolle que nin pintado. Pago por pago non é pecado. Non se meteu el antes? Agora tocoulle a el.*
142. **Para a fame non hai pan duro/malo.** *ref.* Refírese a que, cando alguén ten fame, come o que sexa e, xeralmente, dío o que está a comer algo estraño. *-E ti comes iso?, que leva aí toda a semana? -E que? Cal é o problema? Booh, pa a fame non hai pan malo.*
143. **Para presumir hai que sufrir.** *ref.* Fai referencia ás horas e dores que pasa unha persoa para estar guapo/a. (Depilando) *-Ah, que me doi! -Pois aguanta que xa se sabe que pa presumir, hai que sufrir.*
144. **Para quen é meu pai, ben vale/vale ben miña nai.** *ref.* Dise cando alguén está a facer un traballo e alguén intenta crítico. Con este dito, a persoa quere dicir que o traballo hai que axeitálo a como é a persoa para quen se fai, que non fai falla deixalo moito mellor. *-Casimiro, ti como deixas iso así? -Boh, pa quen é meu pai, ben vale miña nai.*
145. **Pasou San Roque, acabouse a sesta/ sestiña e o merendoque.** *ref.* Refírese ao cambio de hábito que implica o acurtamento das horas de luz do día e o descenso das temperaturas nos días de sol. *Ai, agora xa toca furrular polas tardes. Pasou San Roque, acabouse a sesta e o merendoque.*
146. **Pensa mal/Desconfía, e acertarás.** *ref.* Aconsella que sexamos algo desconfiados na vida para previr e afrontar situacións traizoeiras. *Xa o dicía meu pai: Desconfía e acertarás. E iso pasoume co Pepín.*
147. **Pensa o ladrón que todos son da súa condición.** *ref.* Ataca a desconfianza coa que actúan as persoas que realizan accións malignas ou fraudulentas. Úsase para rirse ou meterse con alguén que pensa que lle van facer mal mais non ten base real nin motivos para a desconfianza. *Ai, pensaches que che iba dar, eh? Ha, ha, éche certo, pensa o ladrón que todos son da súa condición.*
148. **Pide o \*goloso para o vergonzoso.** *ref.* Dise cando unha persoa pide algo por outra que non se atreve ou que sospeita unha resposta negativa. *Vén túa irmán a pedir pa que ti poidas ir á festa? Pide o goloso pa o vergonzoso.*
149. **Pola forza nin os burros beben.** *ref.* Desaproba as obrigas absurdas ás que alguén non se quere someter. *Por moito que lle bata non fai bo del e pola forza nin os burros beben.*
150. **Polo san Martiño mata o teu porquiño.** *ref.* Fala do tempo máis

- axeitado para a matanza. *O sábado que vén é o san Martiño. Muitos porcos se matan nese día. Polo san Martiño mata o teu porquiño.*
151. **Polo san Xoán a sardiña pinga no pan.** *ref.* O san Xoán é a época en que hai máis consumo de sardiña. *Ah, a semana que vén é o san Juan. Así que hai que traer unhas sardiñas. Xa se sabe que polo san Juan, a sardiña pinga no pan.*
152. **Prometer para meter; unha vez metido, alá vai o prometido.** *ref.* Significa que hai persoas que só fan promesas para conseguir algo e, unha vez que o conseguiron, non as cumpren. *Iso coma os políticos: prometer pa meter; unha vez metido, alá vai o prometido.*
153. **Quen avisa non é traidor.** *ref.* Advirte ao interlocutor que quen avisa do que poida pasar non é mala persoa. Asemade, tamén pretende xustificar unha acción ou acontecemento pouco grato que sucederá se esa persoa non fai o que se lle está a aconsellar ou a dicir. *Si chegas tarde, quedas porta a fóra. Eu avísote e quen avisa non é traidor. Despois terás que aterte ás consecuencias.*
154. **Quen ben fai a cama, ben se deita/descansa nela.** *ref.* Refírese a que quen establece unha estrutura familiar e laboral para o seu futuro será feliz e non terá que depender de ninguén. *Ti fai unha casa e busca unha boa muller que quen ben fai a cama, ben se deita nela.*
155. **Quen chega tarde nin oe misa nin come carne.** *ref.* Díselle a quen chega tarde a un evento e case ao final. *Ah, se chegaras antes! Quen chega tarde nin oe misa nin come carne.*
156. **Quen con nenos se deita, mexado se levanta.** *ref.* Crítica a falta de seriedade dunha persoa máis nova para cumprir tratos. *Andas a tratar con rapaces e xa sabes que quen con nenos se deita, mixado se levanta.*
157. **Quen de novo baila ben, de vello dálle un xeito.** *ref.* Dise da persoa que de novo facía algo especial como, por exemplo, bailar e que de vello aínda se apaña. *-Mira como baila a Pastora. -Ela, cando era nova, xa lle pegaba ben e quen de novo baila ben, de vello dálle un xeito.*
158. **Quen escoita, mal escoita.** *ref.* Refírese a que, ás veces, non se escoita ou non se entende de todo ben o que falan dúas ou máis persoas cando non se está participando na conversa. *Eu entendinlle que agora tiñan que vender os dous coches e arreglar a casa. Pero non me fagas muito caso porque ben sabes que ás veces quen escuita, mal escuita.*
159. **Quen espera, desespera.** *ref.* Dise para resaltar a molestia que causa ter que agardar por unha persoa impuntual ou por algo que non dá chegado. *Xa sei que quen espera, desespera pero tes que ter paciencia que a todo porquiño lle chega o seu san Martiño.*
160. **Quen mal anda, mal acaba.** *ref.* A persoa que anda con malas compañías ou que ten hábitos vitais prexudiciais para a saúde acaba nunha situación deplorable. *Ti mira como acabou o fillo da Pelada. Quen mal anda mal acaba. E non falla.*
161. **Quen mira/escoita/oe e cala, fode a quen fala.** *ref.* Refrán que fai referencia a que é mellor estar calado cando alguén fala porque o que un di sempre pode ser utilizado na súa contra. *Eu, cando vou á misa, ao salir,*

- están alí fala que te fala pero eu estou alí caladiña coma un peto. Que din que quen oe e cala, jode a quen fala.*
162. **Quen non (se) arrisca, nunca boa cona fode.** *ref.* Incita a arriscarse na vida para lograr obxectivos ambiciosos. *Na vida, ás veces, tamén hai que ser valientes e botarlle valor porque quen non se arriesga, nunca boa cona fode. Iso si, tamén hai que ter muito ollo porque o cementerio está cheo de valientes.*
163. **Quen non quere/queira cans á porta, que non teña cadelas.** *ref.* Refírese a que non pode dar queixa alguén de algo cando buscou motivos para merecelo. *-Ai, dóeme o riñón. Tanto traballar nin tanta lería. -Ai filliño, non querías ter unha casa? Quen non queira cans á porta, que non teña cadelas.*
164. **Quen non ten cabeza, ten pernas/pés.** *ref.* HUM. Díselo a alguén que esqueceu algo e tivo que volver por el. *Ah, quedoume a carteira na casa. Xa o di miña nai: quen non ten cabeza, ten pernas.*
165. **Quen paga, manda.** *ref.* Indica que a persoa que ten o diñeiro e quere comprar é a que decide as condicións. *-Ai, se quere que lle compre o coche, ten que lle cambiar as rodas e o aceite. Quen paga, manda. Si non quedalle aí.*
166. **Quen ri último, ri dúas veces / Quen ri último, ri mellor.** *ref.* Dise con pretensión de vinganza sobre alguén que se ri do mal alleo. *Ti rite rite. Que quen se ri do veciño, vénlle o mal polo camiño. Despois tocárame rir a min. E quen ri de último, ri dúas veces.*
167. **Quen rouba a un ladrón, sete anos de perdón.** *ref.* Defende o roubo a quen rouba. *Si lle cobran muito a eses chourizos dos políticos non pasa nada. Ao contrario, quen rouba a un ladrón, sete anos de perdón.*
168. **Quen se pica, allos \*mastica/come.** *ref.* Quen se molesta por algo que se dixo é por algún motivo especial. *E el por que se puxo así? Ui, quen se pica, allos mastica. Aí algo hai.*
169. **Quen se ri do veciño, vénlle o mal polo camiño.** *ref.* Quen se mofa do que está mal, algo malo lle espera a el tamén. *Ti rite rite. Que quen se ri do veciño, vénlle o mal polo camiño. Despois tocárame rir a min. E quen ri de último, ri dúas veces.*
170. **Quen ten boca vai a Roma (e quen non, á terra da cona).** *ref.* Quen pregunta polos lugares aos que vai, acaba chegando. *Cando fomos a Lisboa, non sabíamos onde estaba o Castelo de São Jorge pero nós preguntamos e alí chegamos. Bueno, quen ten boca vai a Roma.*
171. **Quen ten burro e vai a pé, máis burro é.** *ref.* Refírese aos que teñen un vehículo e non o usan. *Entón levas a bicicleta pola man? Ai Ai, quen ten burro e vai a pé, máis burro é.*
172. **Quen ten cu, ten medo.** *ref.* Refírese ás persoas que abandonan un desafío antes de perder porque arriscan algo importante. *Mira ti como escapaches co dedo antes de que chegara ao lume. Aaaa, quen ten cu ten medo.*
173. **Quen ten tenda que a atenda, se non que a venda.** *ref.* Díselo a alguén ou sobre alguén que ten unha responsabilidade que ten que atender. *Pasa, a lavar o can. Ai, quen ten tenda que a venda, se non que venda. Quen cho mandou traer?*
174. **Quen todo o quere, todo o perde.** *ref.* Refrán que alerta ou critica a todo aquel que é demasiado avarento e que por querer todo agora non ten nada. *-Dixo meu pai que Manolo cambiou de traballo porque no outro lado iba*

- costrar máis e agora está na casa. -Xa o di o refrán: quen todo o quere, todo o perde.*
175. **Querer é poder.** *ref.* Quen quere, acaba conseguindo o que se propón. *-Xa hai tempo que non te miro. -Porque non queres. Eu sempre che estou a dicir pa quedar e nada. Querer é poder. Dime ti que, despois de dous anos, aínda non tiveches media hora pa quedar. En fin.*
176. **Roubar a quen ten, non é pecado.** *ref.* Dise para xustificar un roubo pequeno. *Si roubas un cacho de uvas no pazo non pasa nada que roubar a quen ten, non é pecado.*
177. **Rubias á Franqueira, vellas á borralleira; rubias ao mar, vellas a sollar / Rubias á Franqueira, vellas á borralleira; rubias ao mar, vellas ao solar.** *ref.* Refrán referido ás nubes e á predición do tempo. Ao estar entre a costa (Vigo-A Guarda) e o monte da Franqueira no concello da Cañiza, dende alí, divisase o ceo dos dous lugares e cando hai nubes rubias, nun ou no outro lado, indican chuvia ou sol. *Mira pa aquelas nubes rubias alí pa Vigo. Mañán vai estar bo día. Xa o di o refrán: rubias á Franqueira, vellas á borralleira; rubias ao mar, vellas ao solar.*
178. **Sabe o demo máis por vello ca por demo.** *ref.* Fai referencia á sabedoría das persoas maiores ou veteranas en algo. *Sabe o demo máis por vello ca por sabio, se non mira pa teu abuelo.*
179. **Santa Lucía, quítalle/sácalle á noite e ponlle ao día.** *ref.* O 13 de decembro marca o final da diminución dos días a favor do seu aumento. *-Agora xa vén aí santa Lucía e xa os días empezan a medrar: Por santa Lucía, sácalle á noite e ponlle ao día. -Si, e despois en xaneiro, un paso de carneiro e por san Blas, una hora máis. O peor xa pasou.*
180. **Se a envexa fose tiña, todos a tiñan.** *ref.* Fai referencia a que se a envexa fose unha enfermidade coma a tiña que as persoas que a teñen sufrirían pola súa maldade. *Ti mira como te mira esa. Hai si a envidia fora tiña.*
181. **Se che traba un liscanzo, non ten cura nin descanso.** *ref.* Advirte e fai referencia ao veneno ou ás consecuencias da mordedura deste réptil. *O carallo que si che morde un liscanzo, non ten cura nin descanso.*
182. **Se non chove nin fai vento, vai facer bo tempo.** *ref.* Aplícase ao tempo meteorolóxico para dicir que non vai chover porque nin chove nin fai vento e dise, sobre todo, cando está anublado e alguén pregunta que tempo pensamos que vai facer. *-Choverá? -Si non chove nin fai vento, vai facer bo tempo. No, eu creo que vai aguantar.*
183. **Sempre che hai un \*chacho para unha \*chacha.** *ref.* HUM. COL. Sinala a similitude entre os membros dunha parella. *Sempre che hai un chacho pa unha chacha. Se non mira pa o José e a Manuela. Sonche tal para cual.*
184. **Sempre hai un roto para un descosido.** *ref.* HUM. A ninguén lle falta alguén que o queira. *A verdá é que sempre hai un roto pa un descosido se non mira pa eses dous. Tan guapiño é un coma o outro.*
185. **Sempre hai unha ovella negra no rabaño.** *ref.* PEX. Haber sempre alguén que vai en contra dos demais dentro dun grupo. É coma un espírito de contradición. *E ese que fai?! Por que tira as cousas non chan?! Que paciencia!!! Sempre ten que haber unha ouvella negra no rabaño.*

186. **Setembro deixou morrer a nai coa/ de sede.** *ref.* Setembro é un mes moi seco. *Este vai ser un mes mui malo. Pensade que setiembre foi o único mes que deixou morrer a nai coa sede.*
187. **Setembro, ou seca as fontes ou leva as pontes.** *ref.* Setembro, ou é un mes moi seco ou chove moito. *Xa o dicía miña nai que setiembre, ou seca as fontes ou leva as pontes.*
188. **Só hai xustiza/leis para os pobres.** *ref.* Critica a falta de aplicación da xustiza nas clases aristocráticas da sociedade e o abuso nas máis pobres. *Ao roubar, hai que roubar muito que, si roubas pouco vas pa a cárcel. E, como solo hai xusticia pa os pobres, si tes diñeiro, libráste ben. Mira pa o Urdangarín.*
189. **Somos o que comemos.** *ref.* Refírese a que a comida que se envía é a que acaba formando o corpo. *Hai que comer sano que somos o que comemos e hai que saber o que se come. Xa sabendo, hai cousas raras. Canto máis se non o sabes.*
190. **Tan bo é o que queda á porta coma o que vai á horta.** *ref.* Tanta culpa ten o que comete o delito coma o que o consente. *Si foches con el a roubar os potros, aínda que ti non sabías que eran roubados, si vos pillan, facédela boa. Ti tamén serías culpable, que tan bo é o que queda á porta coma o que vai á horta.*
191. **Tarde ou cedo, todo se acaba sabendo/descubriendo /Antes ou despois, todo se acaba sabendo/descubriendo.** *ref.* Por moito que se oculten as cousas, todo ou case todo se acaba descubriendo. *Si a Infanta roubou tamén, xa se saberá. Tarde ou cedo, todo se acaba sabendo.*
192. **Tiran máis dúas tetas ca dúas carretas.** *ref.* VULG. Parodia o poderío sedutor das mulleres sobre a virilidade e masculinidade dos homes. *Entón, ti non ibas vir hoxe con nós? Quedaches coa parenta claro? Tiran máis dúas tetas ca dúas carretas. É normal, ha, ha.*
193. **Traballo feito, non corre apuro/présa.** *ref.* Fai referencia a que cando acabamos de facer un traballo que tiñamos pendente no tempo que temos dispoñible, pois xa nos podemos esquecer del. *Ala, xa lavei as botellas. Traballo feito, non corre apuro. Así xa saco o sentido de aí.*
194. **Un sábado a chover é coma un borracho a beber.** *ref.* Usado nun sábado que chove e non se pode traballar no campo ou saír da casa para facer algo. *-Vaia, día. Non ten outra cara. Leva toda a mañá a chover e non parece que pare pola tarde. Hoxe, non poderemos facer nada. -Si, xa o dicían os vellos: un sábado a chover é coma un borracho a beber.*
195. **Unha retirada a tempo é unha vitoria.** *ref.* É preferible ser o primeiro en abandonar un negocio que co tempo daría perda. *Prefiro marchar antes de lle pór a man enriba. Neste caso, unha retirada a tempo é unha vitoria. Non vaia ser que despois teña que pagarlle unha paga de por vida.*
196. **Vai a vella morrendo, vai a vella aprendendo.** *ref.* Refírese a que, na vida, as persoas aprenden todos os días, indiferentemente da idade. *Entón Mondoñedo está en Lugo? Vaia, vai a vella morrendo, vai a vella aprendendo.*
197. **Vale máis pequeno e agudo ca grande e burro.** *ref.* Defende e valoriza as persoas baixas con respecto ás altas. *O Brais é máis pequeno pero dá igual porque vale máis pequeno e agudo ca grande e burro.*

198. **Vale máis pouco e bo ca moito e malo.** *ref.* Dise cando hai pouca cantidade que recolectar pero de moi boa calidade. *A verdá é que este ano dá gusto vendimar. Non hai muito viño pero o que hai está sanción. Vale máis pouco e bo ca moito e malo.*
199. **Vale máis ter ca desexar.** *ref.* É mellor que sobre ca que falte. *Agora engordaches un pouco. Así estás ben. Vale máis ter ca desear.*
200. **Vida duns, morte doutros.** *ref.* O que é bo para unhas persoas é prejudicial para outras. *Desde que as cooperativas aumentaron os viñedos, a xente coma nós xa non vende nada de viño. Vida duns, morte doutros. E non falla.*
201. **Xaneiro sete capas e un sombreiro.** *ref.* O mes de xaneiro é frío e chuvioso. *Home, chove bastante pero xa o di o refrán: xaneiro, sete capas e un sombreiro.*
202. **Xea na lama, chuvía na cama.** *ref.* Cando a noite arrefría despois de chover e parece que xea ou xea de verdade, é indicio de chuvía. *Ui! Xía na lama, chuvía na cama.*
203. **Xente nova e leña verde todo é fume (; Xente vella e leña seca, todo é lume).** *ref.* Refírese á falta de seriedade e á hiperactividade que ten a xente na adolescencia. *Ponte á espera del, si. Ben sabes que xente nova e leña verde todo é fume.*

### 3. Unidades fraseolóxicas en castelán

#### 3.1. Fórmulas

1. ***A sus órdenes (mi coronel/capitán).*** *fórm.* HUM. Díselle de forma humorística a quen ordena as cousas como se tivese moita autoridade. *-Mete a roupa sucia na bolsa. -A sus órdenes mi capitán.*
2. ***Ancha es Castilla.*** *fórm.* Diselle a quen é malcabido e non colle por un sitio estreito. *Que! Non colles?! Ancha es Castilla, claro.*
3. ***Bueno estaba y se murió.*** *fórm.* HUM. Resposta a quen di **Bueno**. *-Que tal está teu pai? -Bueno.—Como que bueno. Bueno estaba y se murió. Céntame algo máis.*
4. ***Cada loco con su tema.*** *fórm.* Cada un coa súa vida e coas súas preocupacións. *Aquí cada un anda ao seu. Un co tractor, outro co coche e o outro coa moto. Cada loco con su tema.*
5. ***Como la trucha al trucho.*** *fórm.* HUM. LUD. Resposta humorística a **te quiero mucho**. *Sempre me di: te quiero mucho. E dígolle eu: si, como la trucha al trucho.*
6. ***La madre que te parió!*** *fórm.* VULG. Mostra molestia por alguén que fixo algo malo. *La madre que te parió! Que non tivo a culpa. Pasa pa aquí.*
7. ***Me cago en Diola/Sos.*** *fórm.* EUF. VULG. Forma eufemística de **Me cago en Dios**.
8. ***Me cago en Dios!*** *fórm.* VULG. Expresión que indica cabreo ou indignación. *Isto non vai. Me cago en Dios!*
9. ***Me cago en mi padre!*** *fórm.* VULG. Expresión que indica cabreo ou indignación. *Xa sabía eu que isto non ía entrar aquí. Me cago en mi padre!*

10. **Ni hablar.** *fórm.* COL. Negación rotunda. *E vir a aquí pa xantar todos xuntos. Diso, ni hablar!*
11. **Por mis cojones.** *fórm.* Amosa unha actitude innegociable e obriga a facer algo. *Agora vas a alí e pídeslle perdón. Por mis cojones que vas!*
12. **Santa Rita Rita, lo que se da no se quita.** *fórm.* Diselle a alguén que reclama algo que regalou previamente. *Diso nada, iso foi un regalo que me fixeches polo día do pai. Así que, santa Rita Rita, lo que se da no se quita.*
13. **Tres también son las hijas de Elena: Blanca, Flor y Filomena.** *fórm.* HUM. LUD. Resposta humorística a alguén que di *tres*. 1-Cantos irmáns tiña ela? 2-Tres. 3-Tres también son las hijas de Elena: Blanca, Flor y Filomena.
14. **Visto lo visto.** *fórm.* Significa 'de acordo co que vin'. *Visto lo visto, como non te busques ti a vida pola túa conta, vas aviada.*

### 3.2. Locucións

1. **a cien.** *l.adv.* Apurado, acelerado. *Cando miña nai está na cociña, aqueles cacharros andan todos a cien.*
2. **a tocateja.** *l.adv.* Ao contado. Úsase co verbo *pagar*. *A asociación non tivo ningunha axuda externa e houbo que ir pagando todo a tocateja.*
3. **cinturita de avispa.** *l.s.* Cintura estreita e a cadeira máis ancha semellante a unha avéspora. É indicativo de beleza. *De tanta dieta, váiseche pór cinturita de avispa, he, he.*
4. **ser coma as lentejas, o las comes o las dejás.** *l.v.* IRÓN. LUD. Ser unha situación na que hai que tomar unha decisión determinante, ou si ou non. *O*

*esterco vale iso e non che vou baixar. Isto é coma as lentejas, o las comes o las dejás.*

### 3.3 Refróns

1. **Ave que vuela, a la cazuela.** *ref.* HUM. Dise das aves que se consomen como comidas. *-Collín unhas rolas. Querédelas pa comer? -Claro, ave que vuela, a la cazuela. Que teñen de malo?*
2. **Cada oveja con su pareja.** *ref.* HUM. Cada un que baile... coa súa parella. *Aquí, a bailar, iso si, cada oveja con su pareja.*
3. **Cuanto/Tanto tienes, cuanto/tanto vales; si nada tienes, nada vales.** *ref.* Mide o valor das persoas polo seu capital e critica o interese das persoas que só se arriman polo interese económico. *O Careto, cando lle tocou a lotería, viviu a vida loca e arrimóuselle moita xente pero cando se acabou. Ah, aí si. Aí foi onde a porca torceu o rabo que todo o mundo desapareceu. Xa o dicía miña nai: Cuanto tienes, cuanto vales; si nada tienes, nada vales. E non falla.*
4. **Dime con quien andas y te diré quien eres.** *ref.* Remite a coñecer a unha persoa a través das persoas que a rodean. *Ese coas compañías que ten non pode ser bo. Dime con quien andas y te diré quien eres.*
5. **Palo porque remas, palo porque no remas.** *ref.* Dise nunha situación na que alguén é reprendido ou recriminado tanto se fai unha cousa como se non a fai. *-Se falo porque falo e se estou calado porque estou calado. Xa non sei que facer. -Si, palo porque remas, palo porque no remas.*

6. **Por interés, te quiero Andrés.** ref. PEX. Dise das persoas que se arriman a alguén por interese. *O Adrián sempre vai visitar a abuela porque lle dá cincuenta euros cada ves que vai. Por iso vai a onda ela. Por interés, te quiero Andrés.*
7. **Por San Blas, una hora más.** ref. Refírese ao aumento dos días no inverno. -Agora xa vén aí santa Lucía e xa os días empezan a medrar: por santa Lucía, sácalle á noite e ponlle ao día. -Si, e despois en xaneiro, un paso de carneiro e por san Blas, una hora más. O pior xa pasou.

#### 4. Cantigas

1. *Aí vai, aí vai, aí vai carallo aí vai, unha noite coa filla e outra coa nai.*
2. *Alá riba, en Cotorredondo, había unha vella co carallo ao lombo. Alá abaixo, naquela cascada, había unha vella rascando a paxara. Alá arriba, en San Vicente, había un vello co carallo quente. E alá arriba, en San Cibrán, había un vello co carallo na man.*
3. *Cómprame un porco María pero cómpramo sen rabo que, se mo compras con rabo, non me cabe no cortello.*
4. *Fun ao Sannomedio medio. Fun a alá buscar un home. E arranxei un barbas de gato que nin o caldo me come.*
5. *Manoliño pirolíño foi á bodega buscar viño e rompeu o xerro polo camiño. Pobre xerro, pobre viño, pobre cu do Manoliño.*
6. *Manolo pirolito matou a muller con sete coitelos e un \*alfiler. Matouna un domingo e levouna a vender: Quen quiere touciño da súa muller.*
7. *O paxaro da María anda nas miñas cereixas. Come paxariño come que hei de ver as que me deixas.*
8. *Os de Oleiros mataron o burro, os de Liñares comérono \*crudo, os de Leirado mandaron recado, para que lle deixaran a punta do rabo.*
9. *Porque me vou porque me veño, \*Mariquita que estás facendo.*
10. *Ramón do Fortes foi á Coruña e arranxou unha moza pero veulle sen uñas.*
11. *Ramón do Fortes tiña un botixo e tiña máis merda ca o Deus que o fixo.*
12. *Unha vella mais un vello fixeron unha empanada; a vella comeu todo e o vello non lambeu nada.*
13. *Unha vella no tempo dos mouros fixo da cona unha praza de touros.*
14. *Unha vella paparrachuda mixou na cama e dixo que \*suda.*



## 5. Bibliografía

- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo, Xerais.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña, Real Academia Galega. [<http://www.realacademiagalega.org/dicionario/#inicio.do>]. [2.4.2014].
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (dir.) (2006-2013): *Dicionario de dicionarios*. Corpus lexicográfico da lingua galega. [en liña]. Santiago de Compostela, Instituto da Língua Galega, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo. [<http://sli.uvigo.es/DdD/>] [21.3.2014].
- WALENS, Jimmy e SANGER, Larry (2003): *Galipedia*. Florida, Fundación Wikimedia. [<http://gl.wikipedia.org/wiki/Tortoreos>]. [2.4.2014].

